




CONCELLO DE
SANTIAGO
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



DIAGNÓSTICO COMUNITARIO DO BARRIO DE FONTIÑAS

Xuño 2012.





Elaborado por:

- ⊕ *Eva María González Santiago*, traballadora social da UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).
- ⊕ *María Jesús Viqueira Pérez*, traballadora social da UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).
- ⊕ *Margarita Vázquez Teo*, educadora social do Programa municipal Socioeducativo (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).

Coa colaboración de:

- ⊕ *Alicia Castelo Vieites*, educadora social do Programa de atención a familias monoparentais Abeiro.
- ⊕ *Alcira Baleato Negreira*, traballadora social do Centro de Saúde de Fontiñas.
- ⊕ *Eva Ramos Martínez*, educadora social do Programa de atención a familias monoparentais Abeiro.
- ⊕ *Francisco Javier Salgado Couselo*, director do Programa de atención a familias monoparentais Abeiro.
- ⊕ *Igaxés 3*.
- ⊕ *Isabel Suárez Carballo*, coordinadora de equipo da Fundación Secretariado Xitano – Santiago de Compostela.
- ⊕ *Laura Bejarano Domínguez*, técnico de xuventude de Cruz Vermella.
- ⊕ *Luis Meijide Rodríguez*, presidente da Asociación de veciños "As Fontes".
- ⊕ *María Dolores Sanz Lobo*, orientadora do IES Antonio Fraguas.
- ⊕ *Marina López Prieto*, presidenta da Asociación de veciños "O camiño das Fontiñas".
- ⊕ *Milagros Budiño Gasamáns*, directora do Centro de Día Arela.
- ⊕ *Nicanor Fuentes*, vocal da Asociación de veciños "O camiño das Fontiñas".
- ⊕ *Pilar Sabio Sanz*, educadora social da UMAD.
- ⊕ *Ricardo Viqueira Otero*, párroco das Fontiñas.
- ⊕ *Santiago Gregorio López Blanco*, xefe de estudios do CEIP Fontiñas.



INDICE DE MATERIAS

| | Págs |
|--|-------------|
| I.- Introducción | 8 |
| II.- Características xerais do barrio | 12 |
| II.1.- Ubicación | 13 |
| II.2.- Marco histórico | 15 |
| II.2.1.- Aspecto físico | 15 |
| II.2.2.- Aspecto social | 16 |
| II.2.3.- A Parroquia "San Antonio de Fontiñas" | 16 |
| II.3.- Estudio da poboación | 18 |
| II.4.- Vivenda, infraestructuras e equipamentos | 43 |
| II.4.1.- Vivenda | 43 |
| II.4.2.- Infraestructuras e equipamentos | 47 |
| II.4.3.- Outros recursos ubicados no barrio | 51 |
| II.4.4.- Comunicación | 54 |
| II.5.- A modo de conclusión: unha radiografía do barrio | 56 |
| II.6.- Servizos | 57 |
| II.6.1.- Servizos e entidades ubicados no barrio | 58 |
| II.6.2.- Tecido asociativo ubicado no barrio | 65 |
| II.6.3.- Outros servizos e entidades que participan no desenvolvemento comunitario no barrio | 70 |
| II.6.4.- Oportunidades comunitarias ubicadas no barrio | 73 |
| III.- Análise das necesidades do barrio | 76 |
| III.1.- Detección de necesidades por ámbitos | 77 |
| III.2.- Diagnóstico social | 88 |
| III.3.- Mapa de risco social | 95 |
| III.4.- Diagnóstico situación, dende perspectiva análise FODA | 96 |
| IV.- Análise do trinomio análise da situación, necesidades e recursos | 98 |
| V.- Programa de intervención comunitaria: liñas de actuación | 102 |
| VI.- Anexos: Fontiñas en imaxes... | 107 |



INDICE DE TABOAS

| | Págs |
|--|-------------|
| ▪ Táboa nº 1: Distribución da poboación por colectivos de idade | 19 |
| ▪ Táboa nº 2: Desglose da poboación residente en Fontiñas por franxas de idade e por sexo | 20 |
| ▪ Táboa nº 3: Distribución da poboación residente na zona de vivendas de promoción pública (UTS Fontiñas-zona Roma) por franxas de idade e por sexo | 22 |
| ▪ Táboa nº 4: Distribución da poboación residente na zona de vivendas privadas (UTS Fontiñas-zona Europa) por franxas de idade e por sexo | 23 |
| ▪ Táboa nº 5: Distribución da poboación residente na zona de vivendas privadas (UTS Fontiñas-zona Mónaco) por franxas de idade e por sexo | 23 |
| ▪ Táboa nº 6: Distribución da poboación residente na zona de vivendas privadas (UTS Fontiñas-zona Outeiro de Sar) por franxas de idade e por sexo | 24 |
| ▪ Táboa nº 7: Análise cuantitativo e cualitativo do barrio de Fontiñas por estructuración en zonas | 24 |
| ▪ Táboa nº 8: Distribución das persoas maiores que viven soas pola variable sexo | 26 |
| ▪ Táboa nº 9: Distribución das persoas, en situación de dependencia, pola variable sexo | 27 |
| ▪ Táboa nº 10: Distribución das persoas, con resolución de grao de dependencia, pola variable “resolución acadada” | 28 |
| ▪ Táboa nº 11: Nº de integrantes das unidades familiares de convivencia das persoas en situación de dependencia | 28 |
| ▪ Táboa nº 12: Distribución persoas estranxeiras pola variable sexo | 29 |



Págs

| | |
|--|-----------|
| ▪ Táboa nº 13: Clasificación e agrupación poboación estranxeira | 30 |
| ▪ Táboa nº 14: Distribución das persoas pertencentes ao pobo xitano residentes no barrio de Fontiñas | 31 |
| ▪ Táboa nº 15: Distribución dos menores que se atopan a seguimento no grao de asistencia ao centro escolar, por variables sexo e idade | 33 |
| ▪ Táboa nº 16: Distribución dos menores que se atopan a seguimento no grao de asistencia ao centro escolar por pertenencia a minoría étnica | 35 |



ÍNDICE DE GRÁFICOS

| | <i>Págs</i> |
|---|-------------|
| ▪ Gráfico nº 1: Distribución da poboación pola variable idade | 19 |
| ▪ Gráfico nº 2: Comparativa da poboación do barrio de Fontiñas coa restante municipal | 20 |
| ▪ Gráfico nº 3: Distribución da poboación do barrio de Fontiñas pola variable sexo | 20 |
| ▪ Gráfico nº 4: Distribución da poboación de Fontiñas por colectivos poboacionais | 21 |
| ▪ Gráfico nº 5: Distribución da poboación por zonas de residencia no barrio de Fontiñas | 22 |
| ▪ Gráfico nº 6: Distribución porcentual das persoas residentes en Fontiñas por zonas | 25 |
| ▪ Gráfico nº 7: Comparativa das persoas maiores que residen soas con datos xerais da zona | 26 |
| ▪ Gráfico nº 8: Comparativa persoas en situación de dependencia coa restante poboación de Fontiñas | 27 |
| ▪ Gráfico nº 9: Comparativas nas persoas en situación de dependencia | 28 |
| ▪ Gráfico nº 10: Comparativa das persoas estranxeiras coa restante poboación de Fontiñas | 29 |
| ▪ Gráfico nº 11: Comparativa das persoas xitanas coa restante poboación de Fontiñas | 31 |
| ▪ Gráfico nº 12: Comparativa na incidencia do absentismo escolar en Fontiñas, anos 2003-2010 | 34 |



Págs

| | |
|---|-----------|
| ▪ <i>Gráfico nº 13: Comparativa entre as familias da zona de Fontiñas coas restantes familias do termo municipal que son beneficiarias do programa municipal socioeducativo</i> | 37 |
| ▪ <i>Gráfico nº 14: Intervención técnicas realizadas</i> | 38 |
| ▪ <i>Gráfico nº 15: Análise das familias por orixe</i> | 38 |
| ▪ <i>Gráfico nº 16: Análise dos integrantes das unidades familiares por sexo e idade</i> | 39 |
| ▪ <i>Gráfico nº 17: Análise dos integrantes das unidades familiares por sexo e idade, en familias de etnia xitana</i> | 39 |
| ▪ <i>Gráfico nº 18: Comparativas nos inicios de tratamiento da UMAD na zona de Fontiñas</i> | 40 |
| ▪ <i>Gráfico nº 18: Síntese da realidade social do barrio de Fontiñas</i> | 42 |





Fontiñas: un barrio novo, pero que xa ten mais que cumplida a súa maioría de idade, que vai medrando día a día, que avanza na súa consolidación, que pouco a pouco vai reforzando o seu sentimento de pertenza (aspecto difícil de acadar, ao recibir poboación pertencente a outras zonas; trasvase que se foi realizando pasenxo, polo que a constitución do seu vecindario adolece aínda de puntos débiles)... Xuventude, que é sinónimo de forza; diversidade, que é sinónimo de enriquecemento persoal e social; en definitiva, dificultades, sí; potencialidades, tamén...

Pero Fontiñas ten xa unha importante traxectoria vital... Movimentos da súa poboación, autonomía das familias condicionada polos diferentes plans de vivendas, unidade dos servizos que traballan na zona, importante labor desempeñada nos últimos anos, etc., aspectos que esixen que vintedous anos despois da constitución do barrio fagamos unha "parada no camiño" a reflexionar, novamente, cal é a realidade social do barrio, cales son as súas necesidades actuais, cales son as súas potencialidades (que tamén as hai) e cales son as liñas de intervención que deben marcar a actuación dos distintos servizos públicos e entidades sociais nos vindeiros anos. Traballar con obxectivos reais é sinónimo de rigor técnico e profesional, de eficacia e de eficiencia.

Pero os últimos textos lexislativos que regulan o sistema de Servizos Sociais en Galicia esixe, aos distintos servizos públicos na materia así como á iniciativa social, que desempeñen a súa labor tendo presente os principios recoñecidos no artigo 4 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia¹, entre os que se atopan, polo seu interese para o barrio, os de: descentralización, responsabilidade pública, criterio organizativo, universalidade, coordinación, igualdade, autonomía persoal... En definitiva, iconvivencia comunitaria!. E neste senso:

- Os Servizos Sociais Comunitarios Básicos están *descentralizados* a través da Unidade de Traballo Social (en adiante UTS) de Fontiñas, ubicados no propio barrio, próximos aos seu vecindario, que facilitan o acceso aos mesmos; así o evidencia o número de poboación que a eles se achegan. Os restantes servizos públicos manteñen o mesmo principio. Incídese e garántese o factor de *responsabilidade pública*, que se converte nun dereito para a cidadanía.
- Non hai "criterio de acceso". Estamos a falar duns Servizos Sociais Comunitarios *universales*, a través do seu Programa de valoración, orientación e información.
- A actuación profesional non debe obviar o nivel "asistencial"²; hoxe mais que nunca, cobra importancia a cobertura das necesidades básicas³ da poboación; sin isto, non se pode plantexar nin avanzar en ningún itinerario de inserción social. Por elo, a labor coordinada dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos e a das

¹ Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia. DOG nº 245, de 18 de decembro de 2008.

² Os servizos públicos deben realizar "unha discriminación positiva", atendendo primeiro as necesidades más básicas da poboación vulnerable do barrio, baixo un esquema de asistencia e de corresponsabilidade.

³ Estado carencial obxectivo, provocado por unha deprivación en relación ao que é necesario e útil para o desenvolvemento das persoas.



restantes entidades sociais cobra, cada vez mais, unha especial importancia e amosa un novo “punto de encontro”: todos nós traballamos cun mesmo fin, o *benestar⁴ do vecindario*. Pero non debemos esquecer que hai outros niveis aos que debemos prestar atención: a *prevención* das situacións de risco social⁵ (para que estas non se den ou para retrasar, o máximo posible, a súa aparición) e o esforzo para acadar a integración e reforzar o *sentimento de "vida comunitaria"*; pero, aquí, con matices... integración⁶ que non debe ser nunca sinónimo de “asimilación”, senón de convivencia...; convivencia “positiva”, dende o respecto á diferencia de cada quen, pero tamén dende o exhaustivo cumprimento da lexislación vixente e dos dereitos constitucionais que asisten a cada cidadán.

- É evidente que “a unión fai a forza”; así o amosa día a día o *traballo coordinado* de tódolos servizos públicos e entidades do barrio. Un traballo comunitario que se atisbaba alá polo ano 1998 e que se evidencia como unha realidade, amplamente consolidada, no ano 2012. Un traballo coordinado, en rede, que pretende incidir no *benestar* do vecindario, no fomento da *igualdade social* e da *autonomía persoal*. En definitiva, trátase de aunar esforzos para crear persoas libres, con capacidade de decisión, con dereitos pero, tamén, con deberes... Trátase de “construir” persoas non dependentes de ningún sistema, con personalidade propia, que sexan, en sí mesmas, o principal recurso do barrio.

A UTS Fontiñas, como servizo público municipal, constitúese como a canle de acceso para as veciñas e veciños do barrio ao sistema de Servizos Sociais. É a nosa obriga realizar un estudio e un diagnóstico social⁷ da comunidade, identificando os grupos vulnerables e posibles situación de risco; esta é a base para poder deseñar as liñas de intervención para a zona. Si queremos que estas actuacións sexan efectivas só se pode realizar dende unha óptica “participativa”, na que todos poidamos colaborar e aportar; así se realizou no ano 2000 o primeiro “Diagnóstico Social do Barrio de Fontiñas”, coa presenza de tódolos servizos e entidades sociais, sanitaria e educativas, e así se realiza, doce anos despois, o segundo “Diagnóstico Social”.

Falamos pois de dous conceptos distintos, pero sempre complementarios. Podemos facer *estudios* sobre a realidade social e a comunidade, sin que estos estudos sexan un *diagnóstico* en sentido estricto. Nun estudio destas características, dende o ámbito social, recóllense e sistematízanse, analízanse e interprétanse datos e informacíons sobre feitos acaecidos no seo da comunidade. No diagnóstico, damos un paso mais: debemos

⁴ Estado que alcanza e experimenta a pesoa ao satisfacer as súas necesidades dun modo compatible coa dignidade humana.

⁵ Dentro do marco dunha política social, co termo “prevención” faise referencia ao conxunto de medidas sociais, técnicas e políticas, co fin de evitar e/ou de reducir os riscos de aparición, agravamento ou extensión de determinadas problemáticas sociais ou situacións carenciais.

⁶ Faise referencia á interdependencia e adecuación recíproca entre os diferentes elementos do sistema social.


⁷ Arts. 9-13 da *Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia* (DOG nº 245, de 18 de decembro de 2008) e art. 8 do *Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento* (DOG nº 63, de 30 de marzo de 2012).



comprender as situacions carenciais e problemáticas, detectar e apreciar as potencialidades, para chegar a diseñar "a acción"; é dicir, "coñecer, para despois actuar coa maior eficacia". Isto supón:

- Cal é o contexto do que estamos falando, onde se sitúa, que é o que o caracteriza, cal é a súa traxectoria, etc.
- Determinar cales son os problemas, as situacions carenciais, os factores de vulnerabilidade...
- Cales son as causas que sustentan esta realidade.
- Onde están as potencialidades, que factores compre activar.
- Cales son os recursos e os medios disponibles para afrontar esta situación; onde están "os espacios baleiros", que compre encher entre cada un de nós...

Esta é a base do desenvolvimento comunitario que se ven levando a cabo no barrio de Fontiñas dende hai mais de catorce anos... A práctica diaria condiciona a labor de tódolos profesionais do barrio, que son capaces de atopar puntos de encontro, estratexias de intervención coordinadas, momentos para a reflexión conxunta, tempo para o deseño dunha actuación en rede, con fins comúns e obxectivos medibles. En definitiva, o plantexamento sempre foi:





II.- CARACTERÍSTICAS XERAIS DO BARRIO.




II.1.- Ubicación.

Fontiñas aparece no contexto xeral do termo municipal de Santiago de Compostela cunhas características “privilexiadas”, que determinan e condicionan a súa importancia como barrio; perfectamente delimitado, cun importante volume de poboación (que se aproxima aos 10.000 habitantes); dotado dos recursos básicos a nivel social, educativo e sanitario, que facilitan o día a día das súas veciñas e veciños. A súa extensión xeográfica reducida engloba, pola contra, unha elevada densidade poboacional (1614 habitantes/ km^2), propia dun hábitat sumamente concentrado. Estamos a falar dunha “cidade en pequeno”, con vida propia.

O Polígono de Fontiñas está ubicado na periferia de Santiago de Compostela, ao noreste da cidade, presentando os seguintes límites:

- Ao norte: coa rúa de Fontiñas e co barrio de San Lázaro.
- Ao sur: con Viso e co barrio de Sar.
- Ao leste: coa rúa Canteira de Abaixo (pertencente ao barrio de San Lázaro).
- Ao oeste: coa Avenida de Lugo, limítrofe xa co barrio de San Pedro.



É un barrio, ao que chegaron persoas pertencentes a outras zonas de Santiago de Compostela, e que por razóns laborais ou por ser adxudicatarios de vivenda de promoción pública, consideraron realizar os seus propios proxectos vitais nesta zona. O seu enclave tamén é curioso, ao estar limítrofe con tres barrios composteláns



CONCELLO DE
SANTIAGO

UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



emblemáticos e con importante traxectoria historia: os barrios de San Pedro, Sar e San Lázaro. A configuración urbanística contribuiu a que, hoxe, Fontiñas os supere, dende o punto de vista cuantitativo, no volume poboacional que nel residen.

Trátase dunha zona que, coa configuración urbanística e social que presente hoxe en día, data a súa construción no século pasado, a comenzaos da década dos noventa; está dotado do equipamento e servizos básicos, feito que unido ao importante número de habitantes que nel residen e á súa perfecta delimitación xeográfica, fai que semelle, por sí mesmo, unha "pequena cidade" en paralelo. Para acceder a Fontiñas, pódense utilizar varias vías de comunicación:

- Polo sur, a través da circunvalación da Avenida de Lugo.
- Polo leste, a través da carretera comarcal 547, procedente de Lugo e/ou pola autoestrada A9.
- Polo norte, a través da carretera nacional 550, procedente de A Coruña.
- Polo oeste, a través das rúas de San Pedro e Concheiros, procedentes do casco antiguo e do centro da cidade.

O Polígono atópase aproximadamente a 200 m de acceso á autoestrada e á carretera que comunica co aeroporto de Labacolla; noutras direccións, tamén se sitúa a 150 m da estación de autobuses e a un escaso km da Estación de Ferrocarril; o seu enclave, unido a un aceptable nivel de comunicacóns, o coloca como un dos barrios principais do termo municipal, consideración que acadou en moi pouco tempo.



CONCELLO DE
SANTIAGO
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



II.2.- Marco histórico.

O polígono de As Fontiñas, coa actual configuracións urbanística e social, data a súa orixe no século XX, na década dos noventa, na que se inicia unha nova construción de vivendas de protección oficial (tanto na modalidade de promoción pública como privada). O barrio foi incrementándose, tanto en extensión como en poboación, progresivamente ao longo desa década, coincidindo coa construción de varios bloques de vivendas, en catro fases.

Con anterioridade a esta data, tratábase dunha zona semirural, cun escaso número de vivendas e un hábitat disperso. Dous núcleos eran o seu orixe: os situados na zona da rúa de Fontiñas e alrededores, e os situados na zona do Viero. Hoxe, estas zonas están a experimentar importantes cambios, pero aínda se misturan as vivendas unifamiliares de antaño coas novas edificacións, pero que en todo caso difiren na súa estética externa da apariencia dos restantes bloque construídos no denominado "Polígono de Fontiñas" (hoxe, "núcleo central da zona").

Non é doado construir a historia dun barrio, que se foi conformando pasenxo, tipo "conglomerado", recibindo a cidadanía de distintos puntos do municipio ou, incluso, de fora. Para achegarnos a ela é imprescindible contar coas voces de quen sabe, dos veciños e veciñas oriundas da zona, daqueles que estiveron no momento temporal de cambio e dos que a día de hoxe deben ser considerados como parte fundamental da vida social de Fontiñas. Estudiemos así os seguintes elementos do barrio:

II.2.1.- Aspecto físico.

Adiantábamos antes como os núcleos do barrio se sitúan aos redores da rúa Fontiñas e, no outro extremo, na zona do Vieiro. Estas zonas se situaban na "periferia" do núcleo urbano, con vivendas unifamiliares e un hábitat disperso. En medio, misturábase os terreos adicados a labradío coas brañas, surcadas de fontes e de riachuelos.

Pero os anos noventa introduciron importantes cambios; a construción de diversos bloques de vivendas, cunha apariencia similar, fixo que a idea de barrio se fora ampliando, coa incorporación do que hoxe se denomina "Polígono". A uniformidade estética é un rasgo característico do mesmo, unido ao propio nome das súas rúas, que recollendo a idea de heteroxeneidade e de acollida da cidadanía procedente de distintos lugares, fai unha alusión ao "espectro europeo" (nomes das rúas correspondentes a distintas capitales europeas).

En todos estos anos, cabe mencionar a data de 1993, dado que foi nela onde se sitúa a construción e posterior apertura do centro comercial "Area Central", importantes



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

UTS FONTIÑAS

-Servizos Sociais-



instalacións que albergan no seu interior un considerable número de vivendas (de promoción privada e libres), entidades comerciais, servizos lúdicos, organismos oficiais, etc. Area Central constitueuse nestes anos "como o centro neurálgico" da vida do barrio.

A configuración actual de Fontiñas (en canto á distribución de vivendas e á dotación de servizos) trae como consecuencia que este pase a ser, a maiores, un punto de referencia importante para moitos cidadáns de Santiago de Compostela ou, incluso, de municipios limítrofes.

Pero esa uniformidade se foi cambiando nos últimos anos... As antigas zonas do barrio (falamos de Fontiñas e de Vieiro, en concreto) comienzan a recibir novas edificacións, cun aspecto totalmente diferente á tónica xeral.

II.2.2.- Aspecto social.

Esa idea de conglomerado tamén se traduce no ámbito social. Coméñzase a construir vivendas tendo presente unha necesidade da cidade: albergar a un considerable número de funcionariado e de persoal público que estaban de desenvolver a súa labor profesional en Compostela.

Pero a "idea" de barrio se foi ampliando mais; incorpóranse as vivendas de promoción pública (as que habitualmente coñecemos como "vivendas sociais") para dar cobertura a unha necesidade básica da cidadanía. Mais de 600 vivendas se edificaron na zona...

Todo isto fixo que Fontiñas se poida definir cunha única palabra: iDIVERSIDADE!. Xente nova, procedentes de distintas zonas, diverso nivel cultural e formativo, situación socioeconómica variable, etc., en definitiva: heteroxeneidade.

II.2.3.- A parroquia: San Antonio de Fontiñas⁸.

Unha parroquia aínda nova, pero cun elevado nivel de organización, que ten como fin o servizo a cidadanía, a convivencia positiva e a harmonía entre os veciños e as veciñas da zona. Ela tamén tivo as súas orixes:

Todo comenzou alá polo 18 de febreiro de 1994, con obxectivos, pero tamén con dificultades que se afrontaron ao longo dos anos. Entre elas, a súa propia ubicación e as súas instalacións; fóreronse recorrendo diversos lugares de celebración e de encontro.

⁸ Información facilitada por Don Ricardo Viqueira, párroco de Fontiñas e membro activo das Xuntanzas de Barrio de Fontiñas dende a súa constitución.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

UTS FONTIÑAS

-Servizos Sociais-



O primeiro local da parroquia estivo situado nun baixo da rúa Madrid, nº 20; alí se estivo ata setembro de 1995. Ao non dispoñer do suficiente espacío, a cataquese dos nenos e as Eucaristías dos domingos eran celebradas no CEIP Fontiñas; a cataquese dos mozos e mozas tiñan lugar na academia Inter-idiomas (situada na rúa Atenas).

En outubro de 1994, colocouse a primeira pedra do Centro Parroquial. Inaugurouse a primeira fase o 24 de setembro de 1995. Nesta constrúeuse a Capela Sacramental e os primeiros baixos. Dende entón, as Eucaristías diárias, os Bautismos e algunas bodas eclesiásticas eran celebradas na Capela; mentres que as celebracións dominicais, os funerais, as Primeiras Comunións, etc., tiñan lugar no local multiusos dos baixos.

A segunda fase das instalacións parroquiais foi construída no ano 1998: trátase de parte dos baixos existentes hoxe en día.

Por último, a terceira fase, comenzouse a construir no ano 2006. Consagrarse o Templo actual o 20 de maio de 2008; cedeuse o uso temporalmente dos locais situados na súa planta baixa á Fundación da Peregrinación ao Apóstolo Santiago, que os destinaron a Albergue de Peregrinos (ano 2010).

A elección do patrono do barrio tamén foi democrática, solicitando a participación do vecindario. Así, en outubro de 1994 plantexouse a votación para elixir o día principal das festas do barrio; colocouse para isto unhas urnas nas instalacións de Area Central e no actual Alcampo; o vecindario foi votando, trasladando os seus desexos; o escrutinio realizouse no primeiro andar do centro comercial. O resultado acadado foi determinante: o 67,5 % para o día de San Antonio e as restantes porcentaxes dividíronse entre as distintas advocacións da Virxe e para o día das Letras Galegas.

Dende a parroquia desexan poñer de manifesto a oportunidade de coñecer, en todos estes anos, ás persoas do barrio, as festas, as oportunidades de compartir tempos de encontro e tamén de lecer, a experiencia da comunidade parroquial, as xuntanzas de barrio, as xuntanzas dos distintos grupos..., en definitiva, a participación de tantas persoas..., as vivencias compartidas..., a vida que recibes e algo que aportas...



CONCELLO DE
SANTIAGO
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



II.3.- Estudio da poboación.

Corría o ano 2000⁹, cando diversas entidades do ámbito social, educativo e sanitario, decidimos aunar esforzos para realizar un traballo distinto no barrio, que non obviara a esfera asistencial (de cobertura de necesidades básicas e de facer efectivos os dereitos constitucionais que asiste a cada ciudadán), pero que incidira nos ámbitos preventivos e de integración; en definitiva, plantexábase un traballo dende o ámbito comunitario que, naquela data, se atisbaba como unha posibilidade e que, no día de hoxe, se evidencia como unha realidade.


Naquel entón, a poboación residente en Fontiñas presentaba uns rasgos totalmente diferentes á que caracterizaba o resto do termo municipal. Unha poboación xove, moi xove, contrapoñíase cun municipio galego que, como a maioría, se viña caracterizando por un avenllatamento progresivo. Así, o evidenciaba un 25 % de poboación pertencente ao colectivo infantil e un 1,5 % de poboación maior de 65 anos. Moitas variables sustentaban esta realidade: un barrio aínda novo (con tan só unha década de historia), con unidades de convivencia nas que os cabezas de familia contaban cunha idade que oscilaba entre os 30 e os 40 anos, familias numerosas (relacionado coa adxudicación de vivendas de promoción pública), etc.

En vintedous anos de existencia, as características sociais do barrio experimentaron notables cambios. Segue tendo unha pirámide poboacional xove (aínda que menos), na que o reemplazo xeracional está garantizado, pero o colectivo de persoas maiores irrumpe con forza no espectro social. Voltamos a reiterar que as condicións xeográficas do barrio e a configuración urbanística son as que condicionaron e seguen condicionando a realidade social; Fontiñas caracterízase pola súa accesibilidade; aínda que todo é susceptible de melloras, si se pode afirmar que un dos barrios que reúne elementos e factores para facilitar a vida de calquera persoa que presente limitacións ou dificultades de mobilidade; así, por poñer un exemplo, podemos suliñar que tódolos seus edificios contan co servizo de ascensor (si ben, en moitos casos, as dimensións do mesmo, debería ser un pouco superior para facilitar o seu uso a persoas con mobilidade reducida).

⁹ O traballo comunitario no barrio de Fontiñas ten atisbos alá polo ano 1998, coas primeiras xuntanzas entre entidades, que buscan atopar puntos en común e obxectivos conxuntos.



Gráfico nº 1: Distribución da poboación do barrio de Fontiñas pola variable idade.



Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

Retomando a idea expresada do párrafo anterior, o reemplazo xeneracional está garantizado ao alcanzar o colectivo dos mais novos o 17,5 % da poboación e o dos maiores, o 11 %, existindo unha diferenza entre ambos de mais do 6 %.

Táboa nº 1: Distribución da poboación por colectivos de idade.

| | Nº | % V |
|-------------------------------|------|-------|
| MENORES DE EDAD ¹⁰ | 1697 | 17,5% |
| XOVES ¹¹ | 1388 | 14,3% |
| ADULTOS ¹² | 5535 | 57,2% |
| PERSOAS MAIORES ¹³ | 1064 | 11,0% |
| TOTAL | 9684 | 100% |

Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

¹⁰ O concepto de menor de idade é un concepto xurídico relativo. Menor de idade é a persoa que non alcanzou a maioría de idade, entendendo ésta desde o Dereito como o momento da incorporación das persoas á plenitude da vida xurídica con plena capacidade de obrar nos campos civil-administrativo, político, laboral e penal. Dentro desta vida xurídica nos atopamos cunha doble dimensión deste concepto, por unha parte a Constitución Española no art. 12 di «Os españois son maiores de idade aos 18 anos». Tamén no Código Civil, o art. 315 di «A maioría de idade comenza aos 18 anos cumpridos». Non é así noutras ámbitos como o penal ou o laboral, donde se establece a maioría de idade aos 16 anos. No documento que se está a elaborar, tomarase o establecido na Carta Magna e no Código Civil.

¹¹ A clasificación ou definición seguindo criterios meramente temporais ou cronolóxicos mostrase hoxe en día arbitraria e insuficiente, xa que a xuventude é un proceso que engloba aspectos como a madurez física, social e psicolóxica da persoa, a educación, a incorporación ao mercado laboral, a autonomía e a independencia que poden conllevar a formación dun novo núcleo familiar, así como a construción dunha identidade propia que son difícilmente clasificables en apartados cronolóxicos. Ademáis el concepto xuventude defire dun país a outro e mesmamente dun contexto socioeconómico a otro. Nembargantes, no documento que se está a elaborar vaise seguir, con matices, o establecido pola Organización Mundial da Saúde no ano 2000, considerando como "xuventude plena", o período temporal comprendido entre os 19 e os 29 anos.


¹² Etapa da vida comprendida entre os 30 e os 64 anos de idade.

¹³ A terceira idade comenza, sociolóxicamente, aos 65 anos de idade; é previsible que o retraso da idade de xubilación vaia introducindo paulatinamente variacións neste concepto. A maior esperanza de vida existente no día de hoxe, fai que xa falemos de "cuarta idade", como as persoas maiores de 80 anos.




Como se pode ver na táboa precedente, o barrio ten un importante volume poboacional que, prácticamente, se achega aos 10.000 habitantes, sobre os 95.207¹⁴ que representan a totalidade das veciñas e veciños do municipio de Santiago de Compostela. Polo tanto, segundo se observa na gráfica que acompaña este párrafo, Fontiñas representa, a nivel poboacional, o 10,2 % de todo o termo municipal, cifra que sorprende se temos en conta a reducida extensión territorial do barrio (de escasos 6 km²); este feito fai que estemos a falar dunha densidade poboacional de 1614 habitantes/km², propia dun hábitat sumamente concentrado que facilita por unha parte a labor profesional dos profesionais vinculados ao eido social, pero que tamén o dificulta, dependendo da localización de familias con factores de risco ou de conflictividade social.

Gráfico nº 2: Comparativa da poboación do barrio de Fontiñas coa restante municipal.



Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

Gráfico nº 3: Distribución da poboación do barrio de Fontiñas pola variable sexo.



Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

Si desexamos baixar un pouco mais nesa análise, podemos facelo a través da visualización da distribución de poboación por franxes de idade¹⁵ e tendo en conta, a maiores, a variable sexo. O colectivo de mulleres supera lixeiramente ao dos homes (un 53 % contra case un 47 %). A media de idade da persoa residente no barrio é de 40,69 anos, cunha desviación estandar do 16,57.

¹⁴ Cifra de poboación total facilitada polo Padrón Municipal de Habitantes do Concello de Santiago de Compostela, en maio de 2012.

¹⁵ Os intervalos que aquí se analizan non seguen as normas estatísticas en canto ao seu rango ou amplitude. Utilízase un enfoque operativo, dende o ámbito social e educativo; tentamos saber, por exemplo, o número de menores de 6 anos (que, a día de hoxe, non teñen a obriga de estar escolarizados), os de idade comprendida entre os 6 e os 12 anos (que se corresponden ao Ensino Primario), os de 13 a 16 anos (Ensinañza Secundaria)... A correlación destas cifras co número de protocolos de absentismo escolar, nos permite saber o grao de prevalencia desta problemática no barrio. E así, as sucesivas distribucións poboacionais.




Táboa nº 2: Desglose da poboación residente en Fontiñas por franxas de idade e por sexo.

| | HOMES | | | MULLERES | | | TOTAIS | |
|-----------------|-------|--------|-------|----------|--------|-------|--------|--------|
| | Nº | % V | % H | Nº | % V | % H | Nº | % V |
| Menos de 6 anos | 172 | 3,8% | 47,8% | 188 | 3,6% | 52,2% | 360 | 3,7% |
| De 6 a 12 anos | 297 | 6,6% | 52,0% | 274 | 5,3% | 48,0% | 571 | 5,9% |
| De 13 a 16 anos | 245 | 5,4% | 49,7% | 248 | 4,8% | 50,3% | 493 | 5,1% |
| De 17 a 18 anos | 134 | 3,0% | 48,8% | 140 | 2,7% | 51,2% | 274 | 2,8% |
| De 19 a 29 anos | 701 | 15,5% | 50,5% | 687 | 13,3% | 49,5% | 1388 | 14,3% |
| De 30 a 39 anos | 687 | 15,2% | 50,2% | 682 | 13,2% | 49,8% | 1369 | 14,1% |
| De 40 a 64 anos | 1872 | 41,4% | 44,9% | 2294 | 44,4% | 55,1% | 4166 | 43,0% |
| De 65 a 79 anos | 325 | 7,2% | 42,3% | 444 | 8,6% | 57,7% | 769 | 7,9% |
| De 80 ou mais | 91 | 2,0% | 30,8% | 204 | 4,0% | 69,2% | 295 | 3,0% |
| TOTAL | 4523 | 100,0% | 46,7% | 5161 | 100,0% | 53,3% | 9684 | 100,0% |

Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

Gráfico nº 4: Distribución da poboación de Fontiñas por colectivos poboacionais



Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal;
datos traballados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

Dos datos desglosados quixéramos destacar a porcentaxe de poboación, residente na zona, pertencente á cuarta idade; estase a falar que o 3,0 % do vecindario ten unha idade igual ou superior aos 80 anos. Este dato sorprende ao ter presente a traxectoria do barrio dende a súa constitución, no que a pirámide poboacional era moi xove e no que o colectivo de persoas maiores de 65 anos apenas acadaba o 1,5 %.

Pois ben, na actualidade xa se achega ao 11 %; pero non só isto, senón que os pertencentes á cuarta idade xa representan, por si mesmos, o 3,0 % mencionado.


Nas táboas e gráficos anteriores ofrécense datos xerais da poboación do barrio de Fontiñas; pero estes deberían analizar tendo presente outra variable: a estructuración do barrio por vivendas; esta é a base recollida na organización da Unidade de Traballo Social de Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela). Esta divídese en catro zonas:



Gráfico nº 5: Distribución da poboación por zonas de residencia no barrio de Fontiñas.

Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal;

datos traballados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.



- A correspondente ás vivendas de promoción pública (zona Roma).
- As correspondentes a vivendas privadas (algunha delas, con niveis de protección); por anos de construción, subdivídise en:
 1. Zona Europa.
 2. Zona Mónaco.
 3. Zona Outeiro de Sar.

Os datos poboacionais, se ben seguen esa pauta xeral marcada anteriormente, experimentan lixeiros cambios. Así, na zona onde se ubican as denominadas "vivendas sociais", é onde reside un maior número de veciñas e veciños. Un dato curioso xurde ao respecto: o número de menores residentes é inferior á media xeral (un 15,61 %); isto está relacionado co feito de que parellas novas do barrio constituíron núcleos familiares noutras zonas da cidade, feito ao que contribuiu a convocatoria de vivendas públicas, ás que pudieron acceder, independizándose das súas familias de orixe.

Táboa nº 3: Distribución da poboación residente na zona de vivendas de promoción pública (UTS Fontiñas – zona Roma) por franxas de idade e por sexo.

| | HOMES | | | MULLERES | | | TOTAL | |
|-----------------|-------------|---------------|--------------|-------------|---------------|--------------|-------------|---------------|
| | Nº | % V | % H | Nº | % V | % H | Nº | % V |
| Menos de 6 anos | 73 | 4,1% | 46,8% | 83 | 4,3% | 53,2% | 156 | 4,2% |
| De 6 a 12 anos | 67 | 3,8% | 53,4% | 58 | 3,0% | 46,6% | 125 | 3,4% |
| De 13 a 16 anos | 94 | 5,3% | 51,1% | 90 | 4,6% | 48,9% | 184 | 5,0% |
| De 17 a 18 anos | 58 | 3,3% | 50,7% | 56 | 2,9% | 49,3% | 114 | 3,1% |
| De 19 a 29 anos | 344 | 19,5% | 53,7% | 297 | 15,3% | 46,3% | 641 | 17,3% |
| De 30 a 39 anos | 259 | 14,7% | 51,6% | 243 | 12,5% | 48,4% | 502 | 13,6% |
| De 40 a 64 anos | 721 | 41,0% | 44,7% | 891 | 45,9% | 55,3% | 1612 | 43,5% |
| De 65 a 79 anos | 116 | 6,6% | 43,9% | 148 | 7,6% | 56,1% | 264 | 7,1% |
| De 80 ou mais | 29 | 1,6% | 27,6% | 76 | 3,9% | 72,4% | 105 | 2,8% |
| TOTAL | 1760 | 100,0% | 47,5% | 1942 | 100,0% | 52,5% | 3702 | 100,0% |

Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

Nas familias residentes nas zonas de Europa e Mónaco si existe, pola contra, unha maior prevalencia de menores de idade; estamos a falar dun 17,4 % e dun 22,4 % en cada



unha delas. Neste último caso, evidénciase o asentamento no barrio de familias novas, con fillos moi pequenos ao seu cargo e tamén, no lado contrario, de persoas maiores que, mercan as súas vivendas na zona, pola accesibilidade que esta presenta (porcentaxe superior á media: 11,7 %). Estamos a falar en todo momento dunha distribución porcentual por cada zona e non cuantitativa, xa que o número de persoas que residen nestas zonas é inferior ao exposto na táboa 3.

Táboa nº 4: Distribución da poboación residente na zona de vivendas privadas (UTS Fontiñas – zona Europa) por franxas de idade e por sexo.

| | HOMES | | | MULLERES | | | TOTAL | |
|-----------------|-------------|---------------|--------------|-------------|---------------|--------------|-------------|---------------|
| | Nº | % V | % H | Nº | % V | % H | Nº | % V |
| Menos de 6 anos | 81 | 5,2% | 51,1% | 78 | 4,3% | 48,9% | 159 | 4,7% |
| De 6 a 12 anos | 64 | 4,1% | 49,2% | 66 | 3,6% | 50,8% | 129 | 3,8% |
| De 13 a 16 anos | 92 | 5,9% | 48,4% | 98 | 5,4% | 51,6% | 189 | 5,6% |
| De 17 a 18 anos | 54 | 3,5% | 49,8% | 55 | 3,0% | 50,2% | 109 | 3,2% |
| De 19 a 29 anos | 232 | 15,0% | 47,5% | 256 | 14,1% | 52,5% | 488 | 14,5% |
| De 30 a 39 anos | 208 | 13,5% | 48,6% | 220 | 12,1% | 51,4% | 428 | 12,7% |
| De 40 a 64 anos | 681 | 44,1% | 44,3% | 857 | 47,2% | 55,7% | 1538 | 45,8% |
| De 65 a 79 anos | 106 | 6,9% | 43,4% | 138 | 7,6% | 56,6% | 244 | 7,3% |
| De 80 ou mais | 27 | 1,7% | 34,6% | 51 | 2,8% | 65,4% | 78 | 2,3% |
| TOTAL | 1544 | 100,0% | 45,9% | 1817 | 100,0% | 54,1% | 3361 | 100,0% |

Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

Táboa nº 5: Distribución da poboación residente na zona de vivendas privadas (UTS Fontiñas – zona Mónaco) por franxas de idade e por sexo.

| | HOMES | | | MULLERES | | | TOTAL | |
|-----------------|------------|---------------|--------------|------------|---------------|--------------|-------------|---------------|
| | Nº | % V | % H | Nº | % V | % H | Nº | % V |
| Menos de 6 anos | 76 | 9,6% | 50,7% | 74 | 8,2% | 49,3% | 150 | 8,8% |
| De 6 a 12 anos | 55 | 6,9% | 54,2% | 46 | 5,1% | 45,8% | 101 | 5,9% |
| De 13 a 16 anos | 46 | 5,7% | 50,6% | 45 | 4,9% | 49,4% | 90 | 5,3% |
| De 17 a 18 anos | 18 | 2,3% | 45,6% | 22 | 2,4% | 54,4% | 40 | 2,3% |
| De 19 a 29 anos | 87 | 10,9% | 48,1% | 94 | 10,4% | 51,9% | 181 | 10,7% |
| De 30 a 39 anos | 135 | 17,0% | 51,3% | 128 | 14,2% | 48,7% | 263 | 15,5% |
| De 40 a 64 anos | 304 | 38,2% | 44,9% | 373 | 41,3% | 55,1% | 677 | 39,8% |
| De 65 a 79 anos | 55 | 6,9% | 41,0% | 79 | 8,7% | 59,0% | 134 | 7,9% |
| De 80 ou mais | 20 | 2,5% | 31,3% | 44 | 4,9% | 68,8% | 64 | 3,8% |
| TOTAL | 795 | 100,0% | 46,8% | 904 | 100,0% | 53,2% | 1699 | 100,0% |

Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

A zona de Outeiro de Sar manifestase como moi diferente; novamente, a "vivenda" determina "o social". Existe aquí unha mistura das "antiguas construccíons", de vivendas unifamiliares, propias de persoas e de familias nativas do barrio, de moito antes de que comenzara a constracción do polígono, con novas edificacións, de edificios de recente construción. De aí, que surda unha distribución poboacional atípica (16,7 % de menores de idade, das novas familias que se van asentando no barrio; 19,0 % de persoas



maiores, de familias oriundas do mesmo). O “peso poboacional” que representan as persoas residentes na zona con respecto á totalidade de Fontiñas é minoritario, supoñendo un 9,5 %.

Táboa nº 6: Distribución da poboación residente na zona de vivendas privadas (UTS Fontiñas – zona Outeiro de Sar) por franxas de idade e por sexo.

| | HOMES | | | MULLERES | | | TOTAL | |
|-----------------|------------|---------------|--------------|------------|---------------|--------------|------------|---------------|
| | Nº | % V | % H | Nº | % V | % H | Nº | % V |
| Menos de 6 anos | 35 | 8,1% | 48,6% | 37 | 7,3% | 51,4% | 71 | 7,7% |
| De 6 a 12 anos | 20 | 4,6% | 47,6% | 22 | 4,3% | 52,4% | 41 | 4,4% |
| De 13 a 16 anos | 14 | 3,3% | 46,7% | 16 | 3,2% | 53,3% | 30 | 3,3% |
| De 17 a 18 anos | 4 | 0,9% | 33,3% | 8 | 1,6% | 66,7% | 12 | 1,3% |
| De 19 a 29 anos | 38 | 9,0% | 48,7% | 40 | 8,0% | 51,3% | 78 | 8,5% |
| De 30 a 39 anos | 85 | 20,0% | 48,3% | 91 | 18,3% | 51,7% | 176 | 19,1% |
| De 40 a 64 anos | 166 | 39,2% | 49,0% | 173 | 34,7% | 51,0% | 339 | 36,8% |
| De 65 a 79 anos | 48 | 11,3% | 37,8% | 79 | 15,9% | 62,2% | 127 | 13,8% |
| De 80 ou mais | 15 | 3,5% | 31,3% | 33 | 6,6% | 68,8% | 48 | 5,2% |
| TOTAL | 424 | 100,0% | 46,0% | 498 | 100,0% | 54,0% | 922 | 100,0% |

Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

Podemos realizar unha síntese dos datos cuantitativos e cualitativos das catro zonas das que dividimos o barrio de Fontiñas:

Táboa nº 7: Análise cuantitativo e cualitativo do barrio de Fontiñas por estructuración en zonas.

| ZONAS | RUAS QUE ABARCA | PROBLEMÁTICA DETECTADA | POBOACION ¹⁶ |
|----------------|---|--|-------------------------|
| Zona 1: Roma | Bruselas, Dublín, Estocolmo, Luxemburgo, Madrid, Moscova, París, Praga, Roma, Varsovia, Parque de Carlo Magno | Maior densidade poboacional, maior tamaño medio por familia. Poboación xove, pero con diminución do colectivo infantil nos últimos anos (na actualidade, 579 menores de idade); importante índice de desestructuración familiar, presencia de conflictos comunitarios, diversidade cultural, déficits económicos, impagos de mensualidades de vivenda e comunidade, conductas asociais, persoas con discapacidade elevada, persoas en situación de dependencia e persoas maiores que residen soas. | 3702 persoas |
| Zona 2: Europa | Paseo de Area Central, Atenas, Berlín, Berna, Plaza Europa, Londres, Plaza de Sofía, Viena, Lisboa | Zona limítrofe coa anterior, onde se soen producir conflictos comunitarios provocados por persoas que residen na zona 1. “Choque cultural” importante e estilo de vida considerablemente diferente. Nesta zona comenza a asentarse as persoas maiores dependentes de terceira persoa e, tamén persoas, estranxeiras. Incremento porcentual dos menores de idade (na actualidade, 586); presencia de persoas maiores que residen soas. | 3361 persoas |


¹⁶ Dato facilitado polo Padrón Municipal; ano 2012.



| ZONAS | RUAS QUE ABARCA | PROBLEMÁTICA DETECTADA | POBOACION ¹⁶ |
|------------------------|---|---|--------------------------|
| Zona 3: Monaco | Belgrado, Mónaco, Oslo, Coto, Cotaredo, Jaca, Pamplona, Altiboa, Monte dos Postes, Rúa das Fontiñas, Rúa do Valiño, Parque das Letras galegas, Felipe Romero, Fonte dos Concheiros, Camino Francés, Sarria, Melide. | Zona en proceso de cambio. Coexisten nela vivendas unifamiliares, propiedade de persoas oriundas de Fontiñas, con novas edificacións de construción mais recente que a anterior. Importante volume de poboación infantil (381); a distribución porcentual da zona arroxa un 22,4 % de prevalenza neste colectivo. Tamén é de destacar a existencia de persoas maiores que pasan a residir cos seus fillos, con estado de saúde deficitario, ou aquelas que por mor da existencia de barreiras arquitectónicas nos seus domicilios anteriores, deciden vender estes e adquirir un novo nesta zona. | 1699 persoas |
| Zona 4: Outeiro de Sar | Astorga, Ponferrada, Villafranca del Bierzo, Outeiro de Sar, Costa do Vieiro, Agra do Vieiro, Raxeira, Rúa do Vieiro Agro da Senra, | Ao igual que a anterior, trátase dunha zona en proceso de cambio. Mistura de vivendas unifamiliares de antigua contrucción (persoas oriundas da zona) con edificios novos e con apariencia urbanística distinta ao grosso do barrio. Contradiccións poboacionais: menores de idade (16,4 %) e persoas maiores de 65 anos (19,0 %). | 922 persoas |
| TOTAL | | | 9.684 PERSOAS |

Fonte: Información cuantitativa facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas; análise cualitativo realizado pola UTS Fontiñas, maio 2012.

Grafico nº 6: Distribución porcentual das persoas residentes en Fontiñas por zonas.



Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

Dende o ámbito dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos resulta de interese a configuración dun “mapa de risco social¹⁷”, co obxecto de determinar “puntos caracterizados por unha maior vulnerabilidade social”; por isto, é convinte ter presente

¹⁷ Trátase de visualizar nun mapa “os puntos vulnerables” da comunidade, aspectos que deben ser correlacionados coa dotación de recursos sociais existentes, co obxecto de correlacionar necesidades-recursos, e establecer “lagunas” para encauzar novos proxectos de intervención.



áis persoas maiores que residen soas no barrio, a aquelas afectadas por distintos graos de dependencia, a outras doutras nacionalidades ou doutras minorías étnicas, por si presentan dificultades para a vida comunitaria. Analicemos, entón, cada un destes colectivos.

Táboa nº 8: Distribución das persoas maiores que viven soas pola variable sexo.


| | Nº | % |
|----------|-----|--------|
| Homes | 46 | 22,4% |
| Mulleres | 159 | 77,6% |
| Totais | 205 | 100,0% |

Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

Para os profesionais que estamos a traballar no barrio sorprendeu, inicialmente, o número de persoas maiores que residen soas: 205, que representan o 2,2 % da poboación total de Fontiñas e, o mais importante, o 19,3 % das persoas maiores que residen no barrio. Si observamos a súa localización, dende o punto de vista cuantitativo podemos destacar o seguinte:

- Na rúa Madrid, residen a día de hoxe, 19 persoas maiores que viven soas.
- Na rúa Praga, a cifra ascende a 16.
- A rúa Lisboa sitúase a continuación, con 15 persoas.
- As rúas Valiño e Varsovia seguen neste listado, con 12 e 11 persoas maiores, respectivamente.

Gráfico nº 7: Comparativa das persoas maiores que residen soas con datos xerais da zona.



Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

A aprobación e publicación da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (BOE nº 299, de 15 de decembro de 2006) ven a visibilizar unha nova realidade social no barrio: o número



de persoas que, precisando distintos graos de apoio e de axuda para o desenvolvemento das actividades básicas e instrumentais da vida diaria, están a residir na zona. Un listado moi dinámico que arroxa distintos datos. Así, e dende a UTS Fontiñas e o Centro de Saúde de Fontiñas, dende a publicación do devandito texto lexislativo, tramitáronse un total de 169 expedientes, dos cales figuran activos no mes de maio de 2012, 114. Si correlacionamos esta cifra co totalidade da poboación residente no barrio, obtemos un *índice de prevalencia da dependencia do 1,2 %*. Vexamos as características sociais deste colectivo:


Táboa nº 9: Distribución das persoas, en situada de dependencia, pola variable sexo.

| | UTS Fontiñas | | | Centro de Saúde de Fontiñas | | | TOTAIS | |
|----------|--------------|--------|--------|-----------------------------|--------|--------|--------|--------|
| | Nº | % V | % H | Nº | % V | % H | Nº | % V |
| Homes | 31 | 34,1 % | 77,5 % | 9 | 39,1 % | 22,5 % | 40 | 35,1 % |
| Mulleres | 60 | 65,9 % | 81,1 % | 14 | 60,9 % | 18,9 % | 74 | 64,9 % |
| TOTAIS | 91 | 100 % | 79,8 % | 23 | 100 % | 20,2 % | 114 | 100 % |

Fonte: Datos UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios) + UTS Centro Saúde Fontiñas; elaboración propia, maio 2012.

En canto á idade, a media sitúase ao redor do 77,45 anos, cunha desviación que fai oscilar os datos nun 24,1; hai máximo de 98 anos e mínimo de 11 anos. Debemos lembrar que o barrio de Fontiñas se caracteriza pola súa “accesibilidade”, tendo tódolos seus edificios o servizo de ascensor. Moitas familias traen aos seus proxenitores, cando enxuvan e presentan problemas de saúde, a residir na zona; outras persoas maiores deciden vender as súas vivendas e mercar no barrio, atendendo a ese criterio de “accesibilidade”; e, por último, non podemos esquecer que na zona cúmprese a reserva legal de vivendas adaptadas a persoas con discapacidade, feito que tamén contribúe a unha maior prevalencia dos casos de dependencia.

Gráfico nº 8: Comparativa persoas en situación de dependencia coa restante poboación Fontiñas



Fonte: Datos UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios) + UTS Centro Saúde Fontiñas; elaboración propia, maio 2012.




Táboa nº 10: Distribución das persoas, con resolución de grao de dependencia¹⁸, pola variable “resolución acadada”.

| | | UTS Fontiñas | | | Centro de Saúde de Fontiñas | | | TOTais | |
|-----------------------------|-------------------|--------------|---------|-------|-----------------------------|--------|--------|--------|-------|
| | | Nº | % V | % H | Nº | % V | % H | Nº | % V |
| GRAN DEPENDENCIA | Grao III, nivel 2 | 21 | 23,1 % | 80,8% | 5 | 21,7% | 19,2 % | 26 | 22,8% |
| | Grao III, nivel 1 | 7 | 7,7 % | 50% | 7 | 30,4% | 50 % | 14 | 12,3% |
| DEPENDENCIA SEVERA | Grao II, nivel 2 | 10 | 10,9 % | 83,3% | 2 | 8,7% | 16,7% | 12 | 10,5% |
| | Grao II, nivel 1 | 22 | 24,2 % | 91,7% | 2 | 8,7% | 8,3% | 24 | 21,0% |
| DEPENDENCIA MODERADA | Grao I, nivel 2 | 8 | 8,8 % | 88,9% | 1 | 4,3% | 11,1% | 9 | 7,9% |
| | Grao I, nivel 1 | 10 | 10,9 % | 83,3% | 2 | 8,7% | 16,7% | 12 | 10,5% |
| Pdtes. De valoración | | 13 | 14,4 % | 76,5% | 4 | 17,5% | 23,5% | 17 | 15,0% |
| TOTais | | 91 | 100,0 % | 79,8% | 23 | 100,0% | 20,2% | 114 | 100,% |

Fonte: Datos UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios) + UTS Centro Saúde Fontiñas; elaboración propia, maio 2012.

Gráfico nº 9: Comparativas nas persoas en situación de dependencia



Fonte: Datos UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios) + UTS Centro Saúde Fontiñas; elaboración propia, maio 2012.

Taboa nº 11: Nº de integrantes das unidades familiares de convivencia das persoas en situación de dependencia.

| | Nº | % |
|-------------------------------------|------------|----------------|
| Vive a persoas soa | 22 | 19,3 % |
| 2 membros na unidade de convivencia | 32 | 28,1 % |
| 3 membros na unidade de convivencia | 27 | 23,7 % |
| 4 membros na unidade de convivencia | 24 | 21,1 % |
| 5 membros na unidade de convivencia | 4 | 3,9 % |
| 6 membros na unidade de convivencia | 4 | 3,9 % |
| TOTAL | 114 | 100,0 % |

Fonte: Datos UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios) + UTS Centro Saúde Fontiñas; elaboración propia, maio 2012.

¹⁸ Estes datos corresponden á xestión realizada ata o mes de maio; en setembro, a clasificación é distinta, permanecendo os graos, pero desaparecendo os niveis.

UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



Para a elaboración do mapa de risco social é importante coñecer onde se sitúan, maioritariamente, os domicilios das persoas en situación de dependencia. Estes ubícanse en:

- Rúa Madrid: 10 persoas en situación de dependencia.
- Rúa Atenas: 9 persoas.
- Rúa París: 6 persoas.
- Rúa Roma: 5 persoas.
- Rúas Varsovia: 4 persoas.
- Plaza de Europa: 3 persoas.

Con estos datos pódese afirmar que na parte central do Polígono de Fontiñas residen 37 persoas en situación de dependencia, que supón o 32,4 % da totalidade.


Actualmente, o barrio de Fontiñas, en xeral, é un mosaico de realidades coas súas propias peculiaridades; estase a falar da diversidade cultural e étnica.

Táboa nº 12: **Distribución das persoas estranxeiras pola variable sexo.**

| | Nº | % |
|----------|-----|--------|
| Homes | 155 | 47,8% |
| Mulleres | 169 | 52,2% |
| Total | 324 | 100,0% |

Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

Gráfico nº 10: **Comparativa das persoas estranxeiras coa restante poboación de Fontiñas**



Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

A poboación estranxeira irrumpe no barrio de Fontiñas, si ben pasa desapercibida, en moitos casos, para os Servizos Sociais Comunitarios Básicos. Na actualidade, este colectivo representa o 3,3 % da poboación residente na zona; porcentualmente, ten un maior peso o colectivo de "mulleres", con respecto ao de "homes". Si observamos a súa localización, dende o punto de vista cuantitativo podemos destacar o seguinte:



- Na rúa Madrid, residen a día de hoxe, 34 persoas doutra nacionalidade.
- A rúa Lisboa sitúase a continuación, con 31 persoas.
- A plaza de Europa irrumpe neste listado con 29 persoas.
- Na rúa París viven 27 persoas.
- E, en Varsovia, 24.

Os datos por países son difíciles de ofrecer pola súa casuística; se os tentamos agrupar dalgún xeito podemos sinalar o seguinte:

Táboa nº 13: Clasificación e agrupación da poboación estranxeira.

| De países das zonas de | Nº | % |
|------------------------|-----|--------|
| Europa | 105 | 32,4% |
| América Norte | 17 | 5,2% |
| Centroamérica | 59 | 18,2% |
| América Sur | 82 | 25,3% |
| Africa | 13 | 4,0% |
| Asia | 48 | 14,8% |
| Oceania | 0 | 0,0% |
| Total | 324 | 100,0% |

Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

As nacionalidades predominantes son Colombia (cun 11,7 % con respecto á totalidade de poboación estranxeira), Portugal (11,4 %), Italia (5,9 %), Brasil (3 %) e Venezuela e Rumanía (cun 3,7 % cada un deles).

Para os Servizos Sociais Comunitarios, a poboación inmigrante estivo pasando desapercibida nos derradeiros anos, comenzando a detectarse nos últimos meses. As problemáticas que se están a percibir son:

- Desarraigo familiar.
- Mobilidade social, o que ocasiona déficits para a integración no ámbito comunitario.
- Falta de vínculos paterno e materno-filiais; incluso, fraternais.

Pero a pluralidade vai mais alá; así, a presenza da comunidade xitana no barrio foi dende siempre unha sinal de identidade, dun contexto marcado pola diversidade, que tamén define aos xitanos e xitanas residentes en Fontiñas en canto á heterexoneidade presente en relación ao sexo, estatus social, niveles formativos, empregabilidade e lugar de procedencia, entre outros.




Táboa nº 14: Distribución das persoas pertencentes ao pobo xitano residentes no barrio de Fontiñas.

| | HOMES | | | MULLERES | | | TOTAL | |
|--------------------|-------|--------|-------|----------|--------|-------|-------|--------|
| | Nº | % V | % H | Nº | % V | % H | Nº | % V |
| Menos de 6 anos | 9 | 10,8% | 56,3% | 7 | 10,0% | 43,8% | 16 | 10,5% |
| De 6 a 12 anos | 3 | 3,6% | 60,0% | 2 | 2,9% | 40,0% | 5 | 3,3% |
| De 13 a 16 anos | 3 | 3,6% | 37,5% | 5 | 7,1% | 62,5% | 8 | 5,2% |
| De 17 a 18 anos | 19 | 22,9% | 67,9% | 9 | 12,9% | 32,1% | 28 | 18,3% |
| De 19 a 64 anos | 39 | 47,0% | 52,0% | 36 | 51,4% | 48,0% | 75 | 49,0% |
| De 65 anos ou mais | 10 | 12,0% | 47,6% | 11 | 15,7% | 52,4% | 21 | 13,7% |
| TOTAL | 83 | 100,0% | 54,2% | 70 | 100,0% | 45,8% | 153 | 100,0% |

Fonte: Datos rexistrados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

Gráfica nº 11: Comparativa das persoas xitanas coa restante poboación de Fontiñas



Fonte: Datos rexistrados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

A procedencia xeográfica tamén se convierte nunha “diferencia” entre as familias xitanas residentes en Fontiñas: galegos, zamoranos, portuguesas, etc. Ademais dos lugares de orixe, existen outra serie de particularidades como poden ser os linaxes presentes dentro das familias que fai que este grupo se faga moito mais diverso (un mesmo apelido non significa que pertenza ao mesmo tronco familiar).

A poboación residente no barrio de Fontiñas experimentou nos últimos anos un descenso, feito relacionado coa adxudicación de novas vivendas de promoción pública noutras zonas do municipio. Na actualidade, representa un peso do 1,6 % con respecto ao total poboacional do barrio de Fontiñas. A súa pirámide é contradictoria; si ben a porcentaxe do colectivo de menores de idade supón un 37,3 % (notablemente superior á media do barrio de Fontiñas), a dos maiores alcanza un 13,7 % (cifra que tamén é lixeiramente maior que a do promedio da zona). Pero..., ¿a qué zonas se trasladaron estas familias?.



CONCELLO DE
SANTIAGO

UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



Non se pode afirmar que, masivamente, fixaran os seus domicilios nas zonas de nova ubicación de vivendas de promoción pública (Conxo, Salgueiriños, etc); si ben algúns si o fixeron, outros abandonaron a zona sendo beneficiarios de axudas pertencentes aos distintos plans de vivenda: existe unha dispersión por todo o termo municipal e, sobre todo, a zonas limítrofes con este municipio onde se atopaban vivendas mais asequibles (Milladoiro, Cacheiras, Oroso ou Bertamiráns). Pero, aínda que se lles informa que teñen outros Servizos Sociais Comunitarios de referencia, é frecuente que ante calquera "crise ou situación carencial familiar" acudan a solicitar orientación á UTS Fontiñas.

Pero un dato novo debe ser contemplado nesta análise: as familias xitanas residentes no barrio de Fontiñas diminuiron moito como demandantes de prestacións económicas; gañouse en autonomía familiar, cubrindo as necesidades básicas a través dos seus traballos (con experiencias puntuais como autónomos), precisando o apoio económico das prestacións xestionadas dende os Servizos Sociais Comunitarios só de xeito puntual ou complementario. A intervención sociofamiliar segue presente, pero non vinculada a aspectos económicos.

Como é sabido, o pobo xitano está vivendo un proceso de cambio social, que está provocando a redefinición da súa propia identidade étnica. Un dos elementos mais claros deste proceso de cambio é a evolución da muller xitana dentro e fora do seu contorno familiar. As mujeres xitanas do noso contexto levan tempo manifestando o seu desexo de participación noutros ámbitos, ademais do doméstico e estrictamente familiar, e convertéronse co paso do tempo no motor de cambio dentro das súas familias. Pasenxo acadaron favorecer o encontro, a creación de vínculos e a participación social da comunidade xitana do barrio, así como un mellor coñecemento da situación actual que elas mesmas están vivendo e o esforzo que todas elas están levando a cabo para mellorala.

Pero, aínda queda moito por facer. Na actualidade hai dúas situacóns que exerxen complexas e que se sitúan en retos que afrontar en relación á comunidade xitana. Referímonos ás dificultades para dar continuidade á educación do alumnado xitano unha vez superada a etapa de escolarización obligatoria. Frenar o abandono prematuro dos estudos, potenciar a continuidade dos mesmos, alargando o seu período formativo o mais posible, con diferentes propostas: PCPI, Bacharelato, Formación Profesional e por qué non a Universidade, son as seguintes apostas; en definitiva, abrir expectativas de futuro.

Pero nestes momentos, preocupan tamén os maiores. Vimos observando un progresivo deterioro dun valor básico e admirable da cultura xitana: o respecto aos seus maiores. Avós emblemáticos dun clan ou linaxe sós e desatendidos por parte das súas familias... Acudir de forma normalizada aos servizos e recursos sociais, como calquera outro



usuario é bo, pero isto non implica delegar as responsabilidades nos devanditos recursos e perder como referente algo tan valioso da súa cultura; débese conxugar a idea dunha familia que coida e acompaña coa dun cidadán que solicita as prestacións sociais necesarias nun mundo no que as ocupacións, as preocupacións e a soedade están ganando a partida.

Pero si desexamos avanzar na configuración dun mapa de risco social, debemos ter presente outras problemáticas importantes para os ámbitos sociais e educativos; estase a falar, por exemplo, os casos de absentismo escolar (que ampliamente preocuparon nos últimos anos ás diferentes entidades do barrio) e a ubicación de familias disfuncionais. Vexamos cada un deles:

Táboa nº 15: Distribución dos menores que se atopan a seguimento no grao de asistencia ao centro escolar, por variables sexo e idade


| | HOMES | | | MULLERES | | | TOTAL | |
|-----------------|-------|--------|-------|----------|--------|-------|-------|--------|
| | Nº | % V | % H | Nº | % V | % H | Nº | % V |
| Menos de 6 anos | 3 | 27,3% | 50,0% | 3 | 27,3% | 50,0% | 6 | 27,3% |
| De 6 a 12 anos | 4 | 36,4% | 57,1% | 3 | 27,3% | 42,9% | 7 | 31,8% |
| De 13 a 16 anos | 4 | 36,4% | 44,4% | 5 | 45,5% | 55,6% | 9 | 40,9% |
| TOTAL | 11 | 100,0% | 50,0% | 11 | 100,0% | 50,0% | 22 | 100,0% |

Fonte: Datos rexistrados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

Da táboa anterior, podemos facer distintas correlacións. Na actualidade, existen 1064 menores empadroados, con idades comprendidas entre os 6 e os 16 anos (idade obligatoria de escolarización); desta cifra, 16 están tendo un seguimento da súa escolarización realizado dende os ámbitos dos centros educativos e da UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios), que supón un 2,07 % con respecto á cifra global establecida; pero, á súa vez, 3 menores son os que están a presentar, no día de hoxe, unha porcentaxe de absentismo escolar superior ao 20 % da xornada educativa; polo tanto, o índice actual de absentismo escolar no barrio baixou considerablemente nos últimos anos, representando na actualidade un 0,28 % (estase a falar, en todo momento, da Ensinanza Primaria e Secundaria, por ser os niveis de escolarización obligatoria); desta última cifra (0,28 %), cómpre salientar que se trata de menores pertencentes ao mesmo tronco familiar.



Gráfico nº 12: Comparativa na incidencia do absentismo escolar en Fontiñas, anos 2003- 2010.



Fonte: Información facilitada polo CEIP Fontiñas, IES Antonio Fragas e Departamento de Estatística do Concello de Santiago de Compostela; datos traballados pola UTS Fontiñas, maio 2012.

Neste descenso dous factores ou feitos teñen moito que ver:

1. O traballo que se está a realizar "a pe de obra", coa coordinación permanente entre os centros educativos e os Servizos Sociais Comunitarios Básicos. Trátase de facer unha intervención en rede, nos que todos persigamos os mesmos obxectivos, cunha linguaxe idéntica, na que aproveitemos as potencialidades de cada quen. Esta é a base da maior parte dos resultados.
2. Dende o curso académico 2007-2008 houbo un importante retroceso na prevalencia desta problemática. Isto pode estar relacionado co feito de que nestas datas comenzaron dende a Fiscalía de Santiago a realizar accións de investigación con respecto a dúas familias da zona que presentaban esta problemática; así, o 4 de marzo de 2009, celébrase o primer xuizo en Santiago de Compostela, no que saen condenados os proxenitores destas menores por un delito de abandono de familia. Aplícase así o art. 226 da Lei Orgánica 10/1995, de 23 noviembre 1995, de Código Penal, que fai referencia ao delito de abandono de familia. Nembargantes, si ben se está realizando unha intervención na Educación Infantil dirixida á prevención, os resultados non están sendo satisfactorios; 6 dos 360 menores de 6 anos empadroados na zona están a seguemento por irregularidades no grao de asistencia ao centro escolar; destes, 4 presentan cifras moi elevadas



de absentismo; polo tanto, o índice de prevalencia desta problemática nesta franxa de idade acada o 1,1 %.

Pero o día a día evidencia un feito; non se pode dar nada como resolto. O seguimento da escolarización debe ser algo permanente e continuado; ademais, debemos ter presente de que aínda que as cifras sexan baixas nun momento dado, só con que exista un menor que non teña garantizada a súa escolarización, estaríase falando dun neno ou nena que podería estar nunha situación de risco e de vulnerabilidade social, que estaría nunha situación de inferioridade e de desigualdade, e que, no seu futuro, con toda probabilidade, será unha persoa dependente económica dalgún sistema de protección. Invertir esforzos en prevención é unha ferramenta para propiciar a autonomía persoal.

Como un factor que podería sustentar un maior risco de absentismo escolar estaría o de pertencer a unha minoría étnica (como é o caso das familias xitanas). Analicemos entón os casos que se atopan a seguimento da súa escolarización:

Táboa nº 16: Distribución dos menores que se atopan a seguimento no grao de asistencia ao centro escolar por pertenencia a minoría étnica

| | Nº | % V |
|--|-----------|--------------|
| Pertencen a minoría étnica (familias do pobo xitano) | 18 | 81,8 % |
| Non pertencen a minoría étnica | 4 | 18,20 % |
| TOTAL | 22 | 100 % |

Fonte: Datos rexistrados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

Como se pode ver na táboa anterior, a pertenencia a familias do pobo xitano, polas traxectorias vitais, segue sendo un factor de risco social para esta problemática, si ben hai que recoñecer os importantes avances producidos ao longo da última década.

Estas familias teñen ubicado o seu domicilio, predominantemente, nas rúas Roma e Moscova (sempre, en vivendas de promoción pública).

Avancemos un pouco mais e centrémonos agora na análise das familias en situación de risco social¹⁹. Podemos entender ás familias en situación de risco²⁰, como aquelas nas

¹⁹ Consonte o disposto no artigo 26 da Lei 2/2006, de dereito civil de Galicia e no artigo 48.3 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, considérase “situación de risco” a que se produce de feito cando a persoa menor de idade, sen estar privada no seu ámbito familiar da necesaria asistencia moral ou material, se ve afectada por calquera circunstancia que perxudique o seu desenvolvemento persoal, familiar, social ou educativo, e que permita temer que no futuro poida estar incursa nunha situación de desamparo, inadaptación ou de exclusión social. Concretando un pouco mais, a mencionada Lei 3/2011, no artigo 49, considera situacions de risco:

- a. Falta de atención física ou intelectual do menor, que suponía prexuízo leve.
- b. A dificultade seria que os proxenitores para dispensar aos menores os coidados.
- c. A utilización do castigo físico ou emocional sobre o menor, sen constituir episodio severo ou patrón crónico de violencia.
- d. As carencias de toda orde que poidan propiciar a exclusión social, a inadaptación ou o desamparo do menor.
- e. O conflicto aberto e permanente.



que os responsables do coidado, atención e educación do menor, por circunstancias persoais e relacionais, así como por influencias adversas do seu entorno, fan deixación das súas funcións parentais ou fan un uso inadecuado das mesmas, comprometendo ou prexudicando o desenvolvemento persoal y social do menor.

| | Factores de Protección | Factores de Risco |
|-------------|---|---|
| Familia | <ul style="list-style-type: none"> • Calidez e apoio • Afecto e confianza básica • Estimulación apropiada e apoio escolar • Estabilidade emocional dos pais • Altas expectativas • Existencia de supervisión e normas claras • Relacións positivas coa familia extensa | <ul style="list-style-type: none"> • Baixo nivel educativo da proxenitora • Desorganización doméstica • Conflicto na parella • Pobreza crónica e desemprego • Adiccións • Pai con conducta antisocial ou delictiva |
| Iguais | <ul style="list-style-type: none"> • Participación en actividades de ocio constructivo • Boa relación cos compañeiros, respecto de normas • Asertividade e comunicación interpersonal | <ul style="list-style-type: none"> • Compañeiros con conductas delictivas, alcohol, drogas, conducta antisocial • Illamento social • Deixarse levar pola presión do grupo |
| Escola | <ul style="list-style-type: none"> • Bo clima escolar , con normas claras e vías de participación • Altas expectativas sobre o alumnado • Oportunidades para participar en actividades motivadoras • Titulares sensibles que aporten modelos positivos | <ul style="list-style-type: none"> • Falta de cohesión entre profesorado e alumnos • Falta de relacións familia-escola • Escola pouco sensible as necesidades da comunidade • Alumnado con alta fracaso escolar e conducta de risco |
| Comunida de | <ul style="list-style-type: none"> • Barrios seguros e con apropiadas • Cohesión entre os vecíños • Comunidad con valores positivos • Políticas sociais que apoian o acceso a recurso e apoio as familias • Actividades de participación na comunidade | <ul style="list-style-type: none"> • Violencia e inseguridade • Mala dotación de recursos • Barrios masificados e sen identidade • Emprego parental con horarios extensos • Entorno con intolerancia e actitudes de rexeitamento |

Xeneralmente, os menores que se atopan en calquera situación de vulnerabilidade, proceden de familias disfuncionais e multiproblemáticas, nas que predominan varios dos seguintes rasgos:

- ⊕ Familias numerosas.
- ⊕ Pai ausente ou “periférico” da unidade familiar.
- ⊕ Roles parentais difusos ou débiles.
- ⊕ Espazo vital reducido ou limitado.

Correspóndeelle ás entidades locais, a través dos Servizos Sociais Comunitarios, a detección, valoración e intervención, así como a activación de recursos e a colaboración con servizos públicos e privados (art. 50) e mais específicamente, atendendo ao disposto no artigo 41.2:

- A detección das necesidades de carácter sanitario, educativo, económico, sociolaboral, familiar ou outras análogas.
- A información e a orientación sobre os recursos destinados á infancia.
- A prevención, a apreciación e a intervención nas situaciones de risco en que se poidan atopar os menores, consonte o disposto no artigo 17 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, así como a colaboración no seguimento das medidas de protección adoptadas pola Xunta de Galicia.

²⁰ Rodrigo e outros, 2008, p. 42




- ⊕ Problemas de vivenda: impago de mensualidades, amontoamento, equipamento insuficiente, condicións de habitabilidade deficitarias, etc...
- ⊕ Insuficiente control de impulsos, educativos e de aplicación de normas.
- ⊕ Problemáticas psicolóxicas.
- ⊕ Desescolarización, baixo rendemento escolar, fracaso ou absentismo escolar.
- ⊕ Dependencia crónica de institucións prestadoras de apoio social (Servizos Sociais Comunitarios e entidades de iniciativa social), de ahí a importancia de traballo en rede cos restantes dispositivos do sistema e entidades sociais mencionadas.
- ⊕ Recurrencia a traballos marxinais como medios de subsistencia.
- ⊕ Baixo nivel de instrución e escasa cualificación profesional dos seus membros adultos.
- ⊕ Conductas adictivas.

Por tanto, cando se pretende intervir co colectivo infanto-xuvenil, ademais do xa exposto, haberá que ter en conta que as devanditas familias se caracterizan por mostrar comportamentos impredecibles e inestables, non interiorizar as normas, estar hiperestimuladas dende distintas institucións e ofrecer pouca capacidade de resposta, de xeito autónomo, a calquera incidencia que se poida dar no ámbito intrafamiliar e comunitario.

Con estas unidades familiares de convivencia realiza un traballo mais específico, no que se vincula distintas disciplinas do eido social (traballador social, educador social e psicólogo). Na actualidade, 23 unidades familiares²¹ pertencentes ao barrio de Fontiñas son beneficiarias do programa socioeducativo, que afecta, de xeito individual a 83 persoas (integrantes desas unidades de convivencia).

Gráfico nº 13: Comparativa entre as familias da zona de Fontiñas coas restantes familias do termo municipal que son beneficiarias do programa municipal socioeducativo.



Fonte: Datos rexistrados dende o Programa municipal Socioeducativo, maio 2012.

²¹Dun total de 126.




¿Qué factores de risco están presentes nestas unidades de convivencia nas que se traballa dende o ámbito psico-socio-educativo?; entre outros, cabe mencionar os seguintes:

- Falta de habilidades sociais.
- Precariedade socioeconómica.
- Rede de apoio sociofamiliar débil ou inadecuada.
- Problemas de saúde.
- Déficits formativos e culturais, que limitan ou dificultan a inserción sociolaboral.
- Condicións de vivienda inadecuadas.

Tendo presente eses factores de risco, destas unidades familiares reciben apoio psicolóxico cerca dun 39%, e o 61% restantes participan do programa de apoio socioeducativo.


Gráfico nº 14: Intervencións técnicas realizadas.



Fonte: Datos rexistrados dende o Programa municipal Socioeducativo, maio 2012.

En canto a orixe das familias desprendense os seguintes datos:

Gráfico nº 15: Análise das familias por orixe.




Fonte: Datos rexistrados dende o Programa municipal Socioeducativo, maio 2012



Nos últimos anos constantase un descenso da participación de familias de etnia xitana correlativo so datos expostos anteriormente en canto a dispersión que están a sufrir os núcleos familiares.


En canto á distribución da poboación por franxas de idade e tendo en conta a variable etnia obteñense os seguintes datos:

Gráfico nº 16: Análise integrantes das unidades familiares por sexo e idade, en familias de etnia non xitana.



Fonte: Datos rexistrados dende o Programa municipal Socioeducativo, maio 2012

Gráfico nº 17: Análise dos integrantes das unidades familiares por sexo e idade, en familias de etnia xitana.



Fonte: Datos rexistrados dende o Programa municipal Socioeducativo, maio 2012




Despréndese de ambas gráficas un porcentaxe elevada de participación feminina dentro do programa, sendo a poboación xoven e o colectivo dos maiores preferentes na intervención xunto cos menores.

Pero tamén compre ter presente outros núcleos de familias onde a disfuncionalidade²² é maior, nas que existen outros factores de risco ou de conflictividade social, nos que se está a intervir dende distintos ámbitos dos Servizos Sociais Comunitarios, en estreita colaboración coas restantes entidades sociais e educativas do barrio, pero tamén en coordinación con outros dispositivos (policiais, xudiciais, etc). Na actualidade, o número de familias con este perfil ascende a 25; nestas unidades de convivencia soen residir menores de idade ou xa outros mozos e mozas con risco de reproducir conductas desviadas ou disruptivas (a media de idade se incrementou con respecto ao anterior Diagnóstico Comunitario; na actualidade está en 15,2 anos para a dos menores; para os seus proxenitores, lóxicamente, tamen subiu: 50,9 anos para os pais e 46,6 anos para as nais). A ubicación destes núcleos familiares segue estando na zona das vivendas de promoción pública: rúa Roma (6 familias), Praga (5 familias), Moscova e Madrid (3 familias, cada unha das zona).

En canto a problemáticas relacionadas coas conductas adictivas, podemos sinalar que houbo un incremento nas persoas que acoden a tratamento e programas terapéuticos na UMAD. Vexamos así as seguintes gráficas ilustrativas:

Gráfico nº 18: Gráficas comparativas nos inicios de tratamiento da UMAD na zona de Fontiñas



Fonte: Datos facilitados por UMAD; elaboración propia, xuño 2012.

²² Estase a falar de núcleos de convivencia onde, ademais dos factores de risco social sinalados anteriormente, existen outros condicionantes que afectan á conflictividade social: problemas xudiciais, conflictos permanentes coa comunidade, conductas adictivas sen tratamento, trastornos psiquiátricos sen tratamento, etc. Polo tanto, trátase de persoas, cuxa problemática está vinculada ademais a outros sistemas de protección ou de intervención (Equipo Técnico de Menores da Xunta de Galicia, IMELGA, Ministerio Fiscal, instancias xudiciais, institucións policiais, etc)



**CONCELLO DE
SANTIAGO**
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



Brevemente (polas variacións que sufre no día a día) falemos da situación económica das familias residentes no barrio; retomar a idea que vimos expoñendo ao longo deste estudio; en Fontiñas “cohabitán” familias con moi distinto nivel socioeconómico, feito relacionado cos distintos rexímenes de vivenda existentes (esta mistura arquitectónica e urbanística apostaba xa na súa configuración por fins de integración e de convivencia comunitaria).

Podemos sinalar que estamos nun momento temporal “estrano e diferente”; en medio dunha crise económica mundial importante, en Fontiñas e dentro do colectivo de persoas mais desfavorecido económicoamente, diminue considerablemente o número de unidades de convivencia que son beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia (salario social galego). En xeral, os veciños contan cuns mínimos económicos vitais, que si lle garanten unha cobertura de necesidades básicas; pero, o que sí está sucedendo é que os seus ingresos resultan insuficientes para unha cobertura global das necesidades (sucédese así impagos de diversos gastos relacionados coas vivendas, con dificultades para realizar unha administración do seu presuposto en función das prioridades); por tanto, no nos movemos tanto en parámetros de pobreza absoluta²³ (aínda que mistura certos aspectos), como sí de pobreza relativa. Hoxe mais que nunca se evidencia a escasez dos recursos para fazer fronte ás necesidades sociais. Polo tanto, neste momento, a coordinación e o traballo en rede cobra áinda mais importancia; é necesario recurrir, mais que nunca, a entidades sociais e ao fomento da solidaridade para reforzar estes aspectos.

Pero unha nova problemática, diferente ata o momento, está a xurdir no barrio; son as situacóns nas que se atopan persoas diagnosticadas dalgún trastorno psiquiátrico ou de deterioro cognitivo, no que se unen outros factores de risco social (a ausencia de rede familiar de apoio ou que esta non sexa a adecuada, a dinámica relacional entre a familia conflictiva, cuestións patrimoniais, etc); estas situacóns soen rematar en instancias xudiciais (Ministerio Fiscal e/ou Xulgado de Primeira Instancia nº 6 de Santiago de Compostela. No primeiro cuatrimestre do ano 2012, 9 casos estiveron xudicializados; deste número, 8 se correspondían a posibles internamentos involuntarios (ben hospitalarios ou ben asistenciais) e/ou dúbidas no nomeamento de tutor²⁴; e o 1 restante por cuestión de garda e custodia de menores. Si ben numéricamente este dato non parece relevante, si temos en conta as consecuencias que disto se deriva para as familias e a complexidade da intervención que se da dende o eido sociosanitario, é de interese

²³ Conceptos de pobreza: esta, con carácter xeral, debe ser entendida como aquela situación onde non existe a posibilidade de acceder ao preciso para satisfacer as necesidades elementais da persoa, como resultado da súa condición económica e social. A pobreza absoluta fai referencia pois á cobertura de necesidades básicas (alimentación, vestuario, sanidade, educación, etc.); a pobreza relativa fai referencia a que a pobreza é moi diferente segundo o lugar onde nos atopemos e o termo medio de vida existente no lugar.


²⁴ Aplicación dos artigos 199 e 200 do Código Civil e do artigo 757 da Lei de Enxuizamento Civil, en canto aos procedementos para determinar a capacidade da persoa e as medidas cautelares que procedan para a protección persoal e patrimonial do presunto incapaz.



facelo constar. A distribución é aleatoria no barrio, si ben aparece como zona prioritaria nestes intres a rúa Madrid (con 3 casos).

Pero debemos rematar este apartado falando, brevemente, de aspectos cualitativos xerais que caracterizan o barrio. Si hai unha palabra que o define, esta é a de "diversidade". Diversidade en canto á distribución poboacional do barrio (emitentemente xove, pero no que vai irrumpindo con forza o colectivo de persoas maiores); realidade social condicionada pola configuración urbanística do barrio (influido polo importante número de vivendas de promoción pública existente, por coabitar persoas e familias de distinto nivel formativo-cultural e socioeconómico, etc.) e pola súa accesibilidade (cumprimento da lexislación en canto á reserva de vivendas adaptadas para persoas con recoñecemento de discapacidade, importante número de veciñas e veciños en situación de dependencia, etc.); diversidade étnica e cultural do barrio que reforza a súa pluralidade (importante presenza de persoas doutras nacionalidades e tamén, das pertencentes ao pobo xitano).

Grafico nº 18: Síntese da realidade social do barrio de Fontiñas.



Fonte: González Santiago, E. M. e Sanz Lobo, D. Presentación realizada na I Xornada de atención á Diversidade, celebrada en Coruña, o 21 de marzo de 2012.

En definitiva, un conglomerado social que vai condicionar inevitablemente a intervención técnica que se realice dende as distintas institucións públicas e entidades sociais. Obviar a realidade social sería sinónimo de intervencións obsoletas e ineficaces, polo que en ningún caso se debe caer neste erro.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



Polo tanto, estes factores que poden semellar unha situación comunitaria carencial importante, deben ser adecuadamente traballados para convertelos en "potencialidades", en enriquecemento persoal e comunitario. Un barrio que tamén é plural na dotación de recursos e servizos; pluralidade que suma forzas no quefacer diario a través dun traballo en rede permanente. A xuventude dos moradores de Fontiñas e a heteroxeneidade das súas veciñas e veciños esixen aos profesionais que estamos presentes na zona, un traballo distinto, que non obvie o asistencial, pero que aposte polos cambios sociais, en beneficio dunha convivencia positiva, e cun obxectivo permanente: a non duplicidade de recursos senón a rentabilización dos mesmos ao máximo. Servizos e entidades polivalentes, como é o caso dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos, do Centro de Saúde de Fontiñas e de Cáritas Parroquial, debemos plantexar o noso traballo dende unha análise permanente e continuada dunha realidade social que fluctúa, en función dos movementos poboacionais, da concxuntura económica e das necesidades presentes.

II.4.- Vivenda, infraestructuras e equipamentos.

II.4.1.- Vivenda.

O Polígono de Fontiñas, na súa esencia inicial, amosa un aspecto urbanístico moi similar, con bloques de vivenda de aspecto externo semellante, que xiran ao redor dun punto: o centro comercial "Area Central". Os anos e a construción de novas vivendas nas zonas opostas de Mónaco e Outeiro de Sar, básicamente libres, fan que os límites amosen unha apariencia tamén uniforme entre sí, pero distinta á inicial. En liñas xerais, podemos afirmar que na zona predominan os edificios, con vivendas de distintas modalidades:

- Vivendas de promoción pública, ás que habitualmente e na xerga da rúa se coñecen como vivendas sociais.
- Vivendas libres, de promoción privada, entre as que tamén se sitúan as de promoción autonómica.

Como xa se dixo en apartados anteriores, o polígono, coa actual apariencia que presenta, data as súas orixes da década dos noventa, do século pasado (hai pouco mais de vinte anos); nel, destacouse varias fases de construción de vivendas e, en consecuencia, tamén distintas fases de asentamento poboacional. A saber:

- En 1990, construíronse aproximadamente 1800 vivendas, distribuidas en 1200 de promoción privada e as 600 restantes, de promoción pública; constitúen o grosor do polígono.
- En 1993, prodúcese a apertura do centro comercial Area Central (froito dun convenio entra a Xunta de Galicia e unha empresa privada); alberga no seu interior aproximadamente 600 pisos, tanto na modalidade de vivendas libres como de promoción privada; ademais, conta con un importante número de establecementos comerciais, oficinas de organismos oficiais e doutros servizos, e mesmamente un hotel.



CONCELLO DE
SANTIAGO

UTS FONTIÑAS

-Servizos Sociais-



- No bienio 1995-1996, entréganse 133 vivendas, de promoción pública, ubicadas na parte traseira do devandito centro comercial e ao carón do Centro de Saúde e do Instituto Antonio Fraguas.
- No bienio 1996-1997 entréganse aproximadamente 400 vivendas (situadas ao carón do barrio de San Lázaro e que presenta, como xa se dixo anteriormente, unha apariencia externa diferentes ás anteriores), libres e de promoción privada. Cómprase sinalar que os terreos onde se atopan ubicados estes edificios pertenceron no seu día á cooperativa PSV, que como se pode lembrar, o seu proxecto naufragou, subrogándose os dereitos na Cooperativa Fontiñas.

Posteriormente, e sempre nos extremos colindantes cos barrios de Sar e de San Lázaro, fóreronse construindo novas vivendas, libres e/ou pertencentes a distintas cooperativas. Aínda, no día de hoxe, se segue construindo, sobre todo na zona situada entre o Cotaredo e a rúa Berlín.

Na actualidade, no barrio de Fontiñas existen 3.527 vivendas²⁵ nas que residen o 9.684 habitantes, o que daría unhas unidades de convivencia, por termo medio de 3 persoas, aproximadamente; inicialmente poderíamos pensar nunha menor presencia ou nunha reducción do tamaño medio familiar (carácteristica que antes era predominante no barrio e que nestes intres, se torna minoritaria).

As zonas que teñen un maior número de vivendas son as de Lisboa (cun 8,4 % das vivendas do barrio), Madrid (7,4 %), París (6,0 %), Plaza de Sofía (5,9 %) e Berna (5,7 %). Pola contra, as zonas de Altiboa, Casas da Hedra, Catadoiro, Pamplona e zona de Viso son as que menor número de vivendas teñen. Por outra banda, resulta importante destacar que no barrio existe 657²⁶ vivendas de promoción pública (que representa o 18,6 % do total), nas que residen 3.702 persoas; desto se deduce que, nesta zona en concreto, o tamaño medio familiar é de 5,6 persoas, cifra que case duplica a media do barrio.

O barrio, para moitos aínda novo, xa pasou a súa maioría de idade. Xa hai familias adxudicatarias de vivenda de promoción, que teñen realizada unha amortización anticipada da mesma²⁷. Na outra banda, existen familias con problemas para o pago de vivenda, que as colocan nunha situación de extrema vulnerabilidade social.

Vexamos no seguinte mapa²⁸, a localización de vivendas, con algún réxime de protección, ubicadas no barrio de Fontiñas.

²⁵ Dato facilitado dende o Departamento de Estatística do Concello de Santiago de Compostela, ano 2012.

²⁶ Información facilitada polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, maio de 2012.


²⁷ En maio de 2012, o Instituto Galego de Vivenda e Solo fala de 102 familias que xa son propietarias, na súa totalidade, de vivenda de promoción pública (amortización anticipada).

²⁸ Mapa facilitado por técnicos do Instituto Galego de Vivenda e Solo, maio 2012.



CONCELLO DE
SANTIAGO

UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



Mapa cedido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo. Xuño, 2012.



CONCELLO DE
SANTIAGO

UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



Rematamos este apartado recordando que no ano 2008, a Fundación para a Arquitectura concede ao Polígono de Fontiñas o "Premio Europeo Philippe Rotthier", en recoñecemento á calidade de ampliación da cidade de Santiago de Compostela nos últimos 25 anos. Na concesión, tivéronse en conta aspectos relacionados coa convivencia comunitaria, realizándose un recoñecemento público dos esforzos e do traballo realizado neste eido; así o evidenciaron os distintos medios de comunicación.



Lunes 13.06.2011 | Actualizado 11.52 | Hemeroteca web | □

elCorreogallego.es

Portada Santiago Comarcas Galicia Panorama Deportes Tendencias Opinión Blogs Participa Ocio Canales Servicios Suplementos

Santiago | local@elcorreogallego.es | RSS

Noticia 1 de 1

FIESTA

Galardón a Fontiñas por su urbanismo e integración social

20.12.2008 El barrio celebra hoy la concesión del premio de arquitectura Philippe Rotthier // El programa incluye actuaciones musicales y la inauguración de un grafito

REDACCIÓN • SANTIAGO

2.85 [11 Votos] 0 comentarios | Me gusta | Twitterar | Compartir | 10k

La Voz de Galicia.es

NOTICIAS | DEPORTES | SOCIEDAD | ECONOMÍA | SOCIEDAD | CULTURA | MEDIOS | SERVICIOS | CONTACTOS | FOTOS | ACTUALIDAD |

Última hora | Temas | Imagen | Opinión | Deportes | Sociedad | Cultura | Música | Economía | Servicios | Contactos | Fotos | Actualidad |

NOTICIAS | DEPORTES | SOCIEDAD | ECONOMÍA | SOCIEDAD | CULTURA | MEDIOS | SERVICIOS | CONTACTOS | FOTOS | ACTUALIDAD |

Última hora | Temas | Imagen | Opinión | Deportes | Sociedad | Cultura | Música | Economía | Servicios | Contactos | Fotos | Actualidad |

Fontiñas celebra el reconocimiento europeo a su diseño urbanístico

El barrio de As Fontiñas fue galardonado, con el premio de arquitectura Philippe Rotthier 2008. El galardón reconoce el diseño urbanístico del barrio, pero también su espíritu integrador. De ahí que la fiesta con la que hoy se va a conmemorar este premio lleve por lema **Fontiñas, un barrio a imitar**.

El premio, que el Ayuntamiento recogió el mes de diciembre, reconoce el diseño urbanístico del barrio de As Fontiñas, que ha sido uno de los más destacados en las últimas 25 años, aunque sobre todo el diseño del crecimiento del polígono de Ferrol, elegido a 87 barrios europeos para la final. La administración municipal no sólo el galardón deseará sin duda los deseos más sinceros para el futuro, en el mismo barrio que nacieron las ideas del jurado.

Así, la ocasión brinda la ocasión de mostrar a sus residentes algunas de las mejores que se realizan en el barrio, donde han surgido numerosas entidades y que tienen una gran actividad social. Una de ellas es la Asociación Ataúl, que organiza la feria con una de los principales de la Asociación Ataúl, que organiza el graffiti realizado por el artista local Arturo Lemos, conocido como "Lobo".

"Neste barrio, un crisol de xentes traballan e conviven con dinamismo e vitalidade. Foron moitas as persoas, entidades, institucións e asociacións que uniron esforzos para lograr que: As Fontiñas sexan un exemplo de integración".

AS FONTIÑAS Un barrio a imitar CONCELLO DE SANTIAGO



CONCELLO DE
SANTIAGO
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



II.4.2.- Infraestructuras e equipamentos.

Un dos factores para medir o grao de calidade de vida nunha cidade e a superficie e distribución de zonas verdes que permiten gozar do tempo de ocio, da práctica de deporte ao aire libre e do contacto directo coa natureza. Santiago conta con 2.200.000 metros cadrados de espacios verdes distribuídos en 57 parques con xogos infantiles, 43 polideportivos descubertos e 130 zonas de ocio. As maiores superficies de zonas verdes localízanse cerca de lugares urbanizados como Fontiñas con 156.403 m² axardinados y na alameda con 85.000 m².

- EQUIPAMENTO DEPORTIVO:

| | |
|---|---|
| <i>Pavillón Monte dos Postes, pistas deportivas</i> | <p><i>Dirección: Monte dos Postes, 12. CP 15707</i></p> <p><i>Características da instalación:</i> Medidas da pista: 40x20; <i>Superficie:</i> cemento; <i>Nº vestuarios xogadores:</i> 4; <i>Nº vestuarios árbitros:</i> 1; <i>Aforo:</i> 250</p> <p><i>Actividades que se practican:</i></p> <ul style="list-style-type: none">- Educación física escolar do colexio público de Monte dos Postes, escolas deportivas de patinaxe, fútbol sala, kárate e predeporte.- Fútbol sala de competición escolar e adultos. <p><i>Categoría das competicións:</i></p> <ul style="list-style-type: none">- Fútbol sala: liga local de nenos en categoría benxamín, alevín, infantil, cadete e adultos.- Patinaxe: campionatos locais e provinciais |
| <i>Pistas de tenis San Caetano</i> | <p><i>Sitas na rúa Rodríguez de Viguri</i></p> |
| <i>Tres pistas de pádel e pista de tenis</i> | <p><i>Situadas na rúa Casas Hedra, fronte ás piscinas de Sar.</i></p> <p>As pistas terán un <i>horario de apertura</i> de luns a venres de 15:00 a 22:00 horas. Os sábados abrirán de 9:00 a 21:00 horas e os domingos de 9:00 a 14:00 horas. En total son 52 horas de apertura do complexo deportivo á semana.</p> <p><i>Reservas no teléfono:</i> 981 528 730</p> <p>Conta con tres pistas de pádel e unha de tenis, coa última tecnoloxía en instalacións. As de pádel teñen unhas dimensións de 20x10 metros, ten herba artificial e un cerramento de cristal e aceiro dispoñendo ademais de iluminación artificial. A de tenis ten o suelo sintético e está formada por unha edificación en forma de arco sobre a que se sostén as luces da pista.</p> |



| | |
|-----------------------------|--|
| | <i>Sito na rúa Fontes do Sar s/n</i> Conta cunha pista regulamentaria para distintos deportes, tales como fútbol sala, patinaxe, baloncesto ou voleibol. Está realizada en tarima de madeira flotante de competición. Unha das novedades deste equipamento é que incorpora un rocódromo de nivel 5, co que se quere potenciar o deporte da escalada. A instalación está situada fronte á grada, que ten capacidade para unhas 300 persoas. Dispón tamén de cuatro vestuarios para equipos e dous para árbitros e aseos a nivel de gradas. O local de enfermería, dous locais de usos múltiples e un espazo de uso aínda por definir están situados a nivel da entrada. Vólcanse sobre un corredor que fai as veces de balconada sobre a pista en planta alta, comunicado mediante un ascensor co nivel de gradas e a través dunha rampla co nivel de pista. |
| <i>Pavillón de Fontiñas</i> | <i>Sita na Rúa Roma</i> |

- CIRCUITOS BIOSALUDABLES:

Circuíto biosaudables; situado no paseo paralelo á rúa Roma no parque Carlomagno. Conta con en total catorce elementos que poden ser utilizados por calquera persoa, con independencia da súa condición física.

- PARQUES INFANTILES:

a) Parque Carlomagno:

O Parque Carlomagno situase no barrio de Fontiñas. Está delimitado pola avenida de Lugo e Rodríguez de Viguri, o Camiño francés e San Lázaro, a vía férrea e a autopista do Atlántico. Ten unha superficie de 156.403 m². As especies arbóreas que o conforman son, entre outras: plátanos de paseo, cipreses de Portugal, camelias, magnolios, cedros do Himalaya, tullas, abedules, olivos e rododendros.

En este parque situase o I.B. de Fontiñas, o Instituto Galego de Vivenda e a Escola Galega de Administración Pública.

Ficha técnica:

Extensión: 156.403 m²

Duración percorrido: 30 minutos

Topografía: pendente pronunciada

Horario: 24 horas



**CONCELLO DE
SANTIAGO**
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



- Vistas / miradoiro
- Amplas zonas de sombra
- Amplas zonas de céspede
- Áreas de descanso con bancos
- Itinerarios peatonís
- Fontes de auga potábel
- Cursos de auga: pequena fervenza artificial
- Parque de xogos infantil
- Pistas/zonas deportivas
- Iluminación nocturna
- Proximidade de zonas de aparcamento

b) *Parque 1 Fontiñas*: sita entre a rúa Berna e Lisboa. Cunha superficie de 500 m². Os elementos de xogo, tal e como indica a normativa, están separados en duas áreas. Unha para nenos/as menores de seis anos, composta por varios balancins, un tren e un tobogán; e outra para usuarios/as de seis a doce anos, con varios balancines, torretas, plataformas, rede de escalada, un bambán de dobre asento e un balancín con resorte. Tamén se instalaron dous carteis de información tanto de carácter xeral como sobre o uso correcto por idades dos diferentes elementos de xogo.

c) *Parque 2 Fontiñas*, nas confluencias das rúas París-Estocolmo

d) *Parque 3 Fontiñas*, nas confluencias das rúas Roma-Varsovia

e) *Hortas Urbanas de Fontiñas*: 50 hortas estarán no polígono 4 de Fontiñas, nunha parcela de 2.000 metros cadrados situada entre os Concheiros e a rúa Londres destinada a zona verde. Os 1.500 metros útiles serán acondicionados para estas hortas urbanas, sen ningún custo para o Concello, xa que irían a cargo da urbanización do devandito polígono residencial.

No seguinte mapa podemos visualizar as zonas verdes existentes no barrio:



CONCELLO DE
SANTIAGO

UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-





II.4.3.- Outros recursos ubicados no barrio.

| | | | | | |
|--|---|--|---|----------------------------------|---|
| AREA CENTRAL | <p>Sito no Polígono das Fontiñas.</p> <p>Area Central é un gran complexo multiusos cívico comercial situado en Santiago de Compostela, composto dun único edificio, con máis de 150 establecementos comerciais, integrado por máis de 50 oficinas,un hotel e 656 vivendas. Estructurada en dúas plantas e un semisoto. Conta con dúas rúas comerciais de planta cadrada de 658 metros de longo cada unha, cubertas por unha bóveda acristalada situada a vinte metros de altura.. A superficie comercial de Area Central acada os 30.000, albergando as mellores firmas de moda actual, xoierías, tendas de decoración e complementos, franquicias nacionais e multinacionais, xogueterías, quioscos, librerías, parques e establecementos de ocio infantil, unha autoescola, centros de perruquería e beleza, perfumerías, unha parafarmacia, clínicas dentais e unha veterinaria, sala de xogos, unha bolera, establecementos de hostalería e restauración, alimentación e distintas empresas de servizos e oficinas. Esta ampla oferta se completa con sete salas de cine, un hipermercado e varias entidades bancarias.</p> <p>As instalacións teñen infraestructuras axeitadas para facilitar o acceso, a estadía e a diversión da cidadanía. Conta, ao mesmo tempo, de servizos permanentes que garanten a seguridade. Actualizan e amplian permanentemente a oferta de servizos a disposición dos clientes e realizan promocións, eventos, actos lúdicos e festivos para contribuir ao tempo de lecer.</p> <p>O centro comercial pasou a ser, como o seu propio nome indica, un "punto central" para a vida do barrio.</p> | | | | |
| ENTIDADES BANCARIAS | <p>BBVA, Raxeira, 52 (c/v Londres)</p> <p>NOVA GALICIA BANCO: - Area Central, 18 // - Fontiñas, 71-73</p> <p>BANCO POPULAR, Pol.Fontiñas- area Central Local 17-b.</p> <p>BANKIA, Lisboa, 4 (Esq. C/Berna)</p> | | | | |
| FARMACIAS | <ul style="list-style-type: none"> - Rúa Londres, 1 - Rúa Madrid, 12, Farmacia 24 horas - Rúa Lisboa, Farmacia 24 horas | | | | |
| PARADA DE TAXIS | <p>Lisboa, s/n Fontiñas Tfno.: 981575959</p> | | | | |
| | <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="padding: 5px; vertical-align: top;"> AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS (AXEGA) </td><td style="padding: 5px; vertical-align: top;"> Rúa Roma, 25/27-1º. Fax: 881-997450 Correo Electrónico: axega@xunta.es </td></tr> <tr> <td style="padding: 5px; vertical-align: top;"> DIRECCIÓN XERAL DE TRANSPORTE </td><td style="padding: 5px; vertical-align: top;"> Praza Europa, 5-A Tlfno:981544581 Fax 981544 351 </td></tr> </table> | AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS (AXEGA) | Rúa Roma, 25/27-1º. Fax: 881-997450 Correo Electrónico: axega@xunta.es | DIRECCIÓN XERAL DE TRANSPORTE | Praza Europa, 5-A Tlfno:981544581 Fax 981544 351 |
| AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS (AXEGA) | Rúa Roma, 25/27-1º. Fax: 881-997450 Correo Electrónico: axega@xunta.es | | | | |
| DIRECCIÓN XERAL DE TRANSPORTE | Praza Europa, 5-A Tlfno:981544581 Fax 981544 351 | | | | |



**CONCELLO DE
SANTIAGO**
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



| | | |
|---|---|---|
| SERVICIOS DA ADMINISTRACION PUBLICA | DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA | Pza. de Europa, 5 A 4 ^a Pl. Tfno.: 981 546 217 Fax nº: 981 546 201 cpapx.xunta.es |
| | EGAP | Rúa de Madrid, 2 Tfno.: 981 54 60 40 |
| | EQUIPOS DE VALORACION DE DISCAPACIDADES | Praza de Europa, nº 10-A, 2º. Tfno 881-999.236. |
| | FEDERACION GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) | Rúa Varsovia 4C, 6º andar - Área Central Tlfno: 981 555 999 Fax: 981 565 203 correo@fegamp.org |
| | INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO | Av de Gonzalo Torrente Ballester Tfno.: 981 54 45 12 Fax: 981 -544 599 igc.informacion@xunta.es Web: igc.xunta.es |
| | INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TECNICA, SA (MEDTEC) | Pg Fontiñas - Lg. Area Central - Pz. Europa 5A - 6ºB Tfno: 981577650 Fax: 981577843 E-mail: info@medtec.org |
| | INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO | Paseo De Área Central, 0 S/N Tfno.: 981 541 900 |
| | METEOGALICIA | Rúa Roma, nº 6. Tfno.: 881-999654 Fax: 981-957466 |
| | BOMBEIROS-SERVIZO DE EXTINCION DE INCENDIOS E SALVAMENTO | Av. Rodríguez de Viguri, 45 Tfno: 981542444 |
| | POLICIA AUTONOMICA | Roma, 25-27 - FONTIÑAS Tfno.: 981 546 474 FAX: 981 546 482 |
| ENTIDADES XUDICIAIS | PORTOS DE GALICIA | Pza. de Europa, 5 A, 6º Pl. Tfno.: 902 400 870 // Fax nº: 981 545 324 www.portosdegalicia.es |
| | SISTEMA GALEGO DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA | Praza de Europa, nº 10-A, 2º Tlfno.: 881-995.159. |
| | Viena, s/n (Edif. Xulgados) - 15707 - Santiago de Compostela. | <ul style="list-style-type: none"> • Audiencia Provincial: 981 54.04.70. / -71 / -72 • Fiscalía: 981 54.03.84. / -85 • Oficina de notificación e embargos: 981 54.03.61. / -62 / -63 / -64 • Registro civil: 981 54.03.70. /-71. / -69. • SMAC: 981 95.76.85. • Xulgado Contencioso Administrativo nº 1: 981 54.04.61. / -62 / -63 • Xulgado Contencioso Administración nº 2: 981 54.03.46. • Xulgado Decano: 98154.03.51./-52./-53. • Xulgado de Garda: 981 54.03.67. |



| | | |
|--|---|---|
| | | <ul style="list-style-type: none"> • Xulgado de Instrucción nº 1: 981 54.04.25. / -26. / -27. • Xulgado de Instrucción nº 2: 981 54.03.95. / -96. / -97. • Xulgado de Instrucción nº 3: 981 54.04.31. / -32. / -33. • Xulgado de Penal nº 1: 981 54.04.49. / -50. / -51. • Xulgado de Penal nº 2: 981 54.04.55. / 56. • Xulgado de Primeira Instancia nº 1: 981 54.03.89. / -90. / -91. • Xulgado de Primeira Instancia nº 2: 981 54.04.19. / -20. • Xulgado de Primeira Instancia nº 3: 981 54.04.01. / -02. / -03. • Xulgado de Primeira Instancia nº 4: 981 54.04.07. / -08. • Xulgado de Primeira Instancia nº 5: 981 54.04.13. / -14. / -15. |
| TECIDO ASOCIATIVO E ORGANOS COLEXIADOS | ASOCIACION PENSIONISTAS E XUBILADOS - UDP | C/ Dublín, 8 Tfno.: 981 557 669 |
| | AFEXDI, SANTIAGO DE COMPOSTELA | París, R-8 Bloque 5 Bajo Tfno./Fax nº: 981 560 127 |
| | COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA | Rúa Dublín 6, baixo. Tfno.: 981 568 100 / Fax nº 981941898 // info@traballosocial.org |
| | COLEXIO OFICIAL DE EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA | Rúa Lisboa 20, Baixo C, 15707 Santiago Tfno: 981 552206 Fax: 981 938274 |
| OUTROS | AMBULANCIAS CASABLANCA SANTIAGO, S.L. | C/ Raxeira 50 Baixo |
| | FUNERARIA CASABLANCA | Calle Raxeira (da), 50. Tfno.: 981 55 44 55 |
| | ALBERGE "JAIME GARCIA RODRIGUEZ DE SAN ANTONIO DE FONTIÑAS" | Situado no complexo parroquial de San Antón de Fontiñas, c/ Estocolmo, s/nº. Tfno: 981 575 760 Creado no ano 2010, cun espacio de 860 m ² e con capacidade para 160 peregrinos. Xestinado pola Fundacion da Peregrinación a Santiago" |



UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



II.4.4.- Comunicación²⁹.

O barrio de Fontiñas presenta un nivel de comunicación óptimo con outras zonas principais e céntricas do municipio. Así, podemos visualizar as liñas de transporte urbano existentes en maio de 2012.



De luns a venres
7:15 7:40 8:20 8:40 9:20 10:00 10:40 11:20 12:00 12:40 13:20 14:00 14:40 15:20 16:00 16:40 17:20 18:00 18:40
19:20 20:00 20:40 21:10 21:40

Sábados
De 7:15 a 21:15 (cada 60 min.).

Domingos e festivos
De 7:15 (*) a 21:15 (cada 60 min.).

Observacións horario

- * (*) Domingos e festivos, ás 7:10 desde Santa Isabel.
- Sábados, domingos e festivos: o servizo con saída da estación de autobuses ás 21:15 realizará a saída do hospital Clínico ás 22:15, voltando á estación e rematando en Fontiñas.
- Itinerario por FONTIÑAS: rúas Roma, Moscova, Madrid, París, Londres, Lisboa e Berlín.
- Pasos aproximados polo hospital Clínico: 35 minutos despois das saídas da estación.



Líña circular

De luns a venres laborables
7:00 7:20 8:00 8:20 9:00 9:40 10:20 11:00 11:40 12:20 13:00 13:40 14:20 15:00 15:40 16:20 17:00 17:40 18:20
19:00 19:40 20:20 21:00 21:50

Sábados laborables
7:30 8:40 9:40 10:40 11:40 12:40 13:40 14:30

Observacións horario

- Servizos por Cantalela:
De luns a venres laborables (salidas da estación de autobuses), 8:20 12:20 14:20 16:20 18:20
- Servizo des de Avda. de Lugo e Fontiñas:
De luns a venres laborables, 7:10
- Itinerario por FONTIÑAS: rúas Berlín, Lisboa, Londres, París, Moscova e Roma.
- Pasos aproximados polo hospital Clínico: 30 minutos despois das saídas da estación.



Líña circular

De luns a venres laborables
De 7:30 a 22:30 (cada 60 min.).

Sábados laborables
De 7:30 a 14:30 (cada 60 min.).

Observacións horario

- Todos os servizos rematan na rúa Eslovenia (polígono de Costa Vella), excepto o das 8:30 que se prolonga ata o final do polígono.
- Servizos de fin de semana a Amio: consultar liña 6.

Líña circular

De luns a venres laborables
De 8:05 a 22:05 (cada 60 min.).

Sábados laborables
De 8:05 a 15:05 (cada 60 min.).

Observacións horario

- Todos os servizos rematan na rúa Eslovenia (polígono de Costa Vella), excepto ás 8:05, 9:05, 13:05, 14:05 e 15:05 que se prolongan ata o final do polígono.
- Servizos de fin de semana a Amio: consultar liña 6.

²⁹ Datos extraídos da web municipal www.santiagodecompostela.org (maio 2012).



UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



Líña 9: Casas Novas / Viso / Multiusos / Cidade da Cultura



De luns a venres laborables

De 7:30 a 22:30 (cada 60 min.).

Sábados laborables

De 8:30 a 13:30 (cada 60 min.).

Traxecto de volta



Líña C11: Circular de Fontiñas



De luns a venres

De 7:00 a 22:15 (cada 15 min.).
22:25 22:35 22:50 23:05

Sábados

De 7:00 a 22:15 (cada 15 min.).
22:25 22:35 22:50 23:05

Domingos e festivos

De 8:00 a 15:30 (cada 30 min.).
De 15:30 a 23:10 (cada 20 min.).


Observacións horario

* Prolongación a Viso e multiusos (pase aproximado por Xeneral Pardiñas):
Sábados, 14:30 15:00 15:30 16:00 16:30 17:05 17:30(1) 18:05 18:30 19:00 19:30 20:00(*) 20:55 21:30
Domingos e festivos, 8:10 8:40 9:10 9:40 10:10 10:40(*) 11:10 11:45 12:45 13:45(*) 14:45 17:25(*) 20:05(*)
(*) Pasan tamén pola Cidade da Cultura

Itinerario por Fontiñas:

IDA: Rúas París, Madrid, Londres, Lisboa, Berlín.
VOLTA: Rúas Berlín, Lisboa, Londres, París.

Vexamos gráficamente a conexión do barrio de Fontiñas coas restantes zonas da cidade:






II.5.- A modo de conclusión: unha radiografía social do barrio.

| DATOS XERAIS DO BARRIO A NIVEL SOCIAL | FACTORES QUE PODEN CONDICIONAR A VULNERABILIDADE SOCIAL |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Total de habitantes: 9.684 (\approx 10,2 % da población total do municipio). ▪ Densidade poboacional: 1.614 hab./km², aproximadamente. ▪ Media de idade: 40,69 anos. ▪ Distribución poboacional: <ul style="list-style-type: none"> ○ Menores de idade: 1.697 (17,5 %). ○ Xoves: 1.388 (14,3 %). ○ Pessoas adultas: 5.535 (57,2 %). ○ Pessoas maiores: 1.064 (11,0 %). ▪ Tamaño medio por familia: 3 membros, agás en zona de vivendas de promoción pública no que é 5,6 membros. ▪ Nº de vivendas: 3.527, das cales 657 son de promoción pública (18,6 % do total de vivendas). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Pessoas residentes en vivendas de promoción pública: 3702 (\approx 38,2 % da poboación do barrio). ▪ Pessoas maiores que viven soas: 205 (2,1 % da población do barrio). ▪ Pessoas en situación de dependencia: 114 (1,2 % da población). ▪ Pessoas estraxeiras: 324 (3,3 % da poboación do barrio). ▪ Poboación xitana: 150 (1,6 % da poboación do barrio). ▪ 20 unidades de convivencia son beneficiarias do programa municipal socioeducativo, que repesenta o 16 % da totalidade do programa. ▪ 79 persoas con factores de risco social: 0,82 % da poboación do barrio. ▪ Menores con factores de risco social que inciden na súa escolarización: 22 (2,1 % do colectivo infantil). ▪ Menores con problemática de absentismo escolar: 3 (que representa o 0,28 % do colectivo infantil). ▪ Familias con factores de disfuncionalidade: 25, que equivale a 100 persoas, aproximadamente, e representa o 1,03 % da poboación total do barrio. |

Para traballar con
esta realidade social:

Importante dotación
de recursos...





CONCELLO DE
SANTIAGO
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



II.6.- Servizos.

II.6.1.- Servizos e entidades ubicados no barrio:

- ⊕ Cáritas Parroquial das Fontiñas.
- ⊕ Centro de saúde das Fontiñas.
- ⊕ CEIP Fontiñas.
- ⊕ CEIP Monte dos Postes.
- ⊕ Centro Sociocultural das Fontiñas.
- ⊕ Cruz Vermella de Santiago de Compostela.
- ⊕ Escola Infantil Municipal das Fontiñas.
- ⊕ Fundación Secretariado Xitano.
- ⊕ IES Antonio Fraguas Fraguas.
- ⊕ IES As Fontiñas.
- ⊕ Programa de apoio a familias monoparentais Abeiro.
- ⊕ Servizos Sociais Municipais: Unidade de Traballo Social de Fontiñas.
- ⊕ Unidade municipal de atención ás familias (UAF).

II.6.2.- Tecido asociativo ubicado no barrio:

a).- No ámbito cultural:

- ⊕ Asociación Alfaia.
- ⊕ Asociación Solfa

b).- No ámbito deportivo:

- ⊕ Club Deportivo de As Fontiñas.

c).- No ámbito educativo:

- ⊕ Asociación de nais e pais de alumnos e alumnas Fontela – CEIP Fontiñas.
- ⊕ Asociación de nais e pais de alumnos e alumnas Camiño de Santiago – CEIP Monte dos Postes.
- ⊕ Asociación de nais e pais de alumnos e alumnas Antonio Fraguas – IES Antonio Fraguas Fraguas.

d).- No ámbito social:

- ⊕ Asociación de veciños "As Fontes", de Fontiñas.
- ⊕ Asociación de veciños "Camiño das Fontiñas".

II.6.3.- Outros servizos e entidades que participan no desenvolvemento comunitario no barrio:

- ⊕ Asemblea de cooperación pola paz.
- ⊕ Centro de día Arela.
- ⊕ Igaxés-3.
- ⊕ Unidade municipal de atención a drogodependentes (UMAD).

II.6.4.- Oportunidades comunitarias ubicadas no barrio.



CONCELLO DE
SANTIAGO

UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



II.6.1.- Servizos e entidades presentes no barrio:

| | | |
|--|-----------------------------|--|
| CARITAS PARROQUIAL DAS FONTIÑAS | <i>Ubicación</i> | Rúa Estocolmo, s/nº. Tfno.: 981-57.57.60. Blog: parroquiadefontinas.blogspot.com |
| | <i>Tipo de organización</i> | Entidade de iniciativa social e eclesial. |
| | <i>Fins da organización</i> | Atención ás necesidades persoais e familiares básicas. |
| | <i>Contido</i> | <ul style="list-style-type: none"> - Atención primaria (alimentos e roupeiro): de 18 a 19 horas. - Promoción social orientada ás persoas maiores: <ul style="list-style-type: none"> o Recuperación da memoria: xoves, de 18 a 19 horas. o Ximnasia de mantemento: luns, de 17 a 18 horas. o Manualidades e baile: unha vez ao mes. - Asistencia a persoas enfermas e persoas soas. |

| | | |
|-------------------------------------|-----------------------------|---|
| CENTRO DE SAÚDE DAS FONTIÑAS | <i>Ubicación</i> | Rúa Londres, nº 2-4. Tfno. Cita previa: 981-57.76.70. // 902-077.333. |
| | <i>Tipo de organización</i> | Servizo público, de carácter sanitario. |
| | <i>Fins da organización</i> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Promoción da saúde. ▪ Prevención da enfermedade. ▪ Asistencia sanitaria. ▪ Educación para a saúde. ▪ Traballo na comunidade. ▪ Xurídico-administrativa. |
| | <i>Contido</i> | <p>a.- Recursos sanitarios: Unidade de Saúde Mental, Centro de Orientación Familiar, Educación maternal, Fisioterapia, Farmacéutico.</p> <p>b.- Atención ao neno: Consultas no centro, vacinacións, Revisións periódicas do neno san, Educación sanitaria.</p> <p>c.- Atención ao adulto e ao anciano: Consulta no centro, Vacinación antigripal, Vacinación antitetánica, Enfermidades crónicas, Homologación sanitaria de receitas.</p> <p>d.- Atención á muller: Planificación familiar, Diagnóstico precoz de cancro xinecológico ou de mama.</p> <p>e.- Saúde mental: Tratamento de problemas mentais.</p> <p>f.- Saúde bucodental: Educación para a saúde bucodental, Aplicación tópica de flúor, Selado de fisuras dos molares en menores, de 6 a 14 anos, Limpeza (profilaxe) a xestantes, Obturacións en molares definitivos con caries incipientes en nenas e nenos, de 6 a 12 anos, Extracción de pezas dentais.</p> <p>g.- Unidade de Traballo Social: Tratamiento de circunstancias asociadas a conflictos psicosociais relacionados coa saúde, Situacións de déficit social, Alcoholismo e outras dependencias, Información e orientación de axudas para a recuperación de enfermos.</p> <p>h.- Servizos administrativos: Cita previa, Tramitación de tarxeta sanitaria, Tramitación de reclamacións, Resolución de dúbidas, Elección de cambio de médico.</p> <p>i.- Medios de apoio diagnóstico: Extraccións de sangue e recollida doutros materiais biológicos, Electrocardiograma.</p> |



CONCELLO DE
SANTIAGO
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



| | | |
|----------------------|-----------------------------|--|
| CEIP FONTIÑAS | <i>Ubicación</i> | Rúa Roma, nº 21 Tfno.: 981-56.07.41. / 54.31.75. (ensinanza primaria). Tfno.: 981-54.31.76. (ensinanza infantil) FAX: 981-56.07.41. |
| | <i>Tipo de organización</i> | Servizo público de educación infantil e primaria. |
| | <i>Fins da organización</i> | Educación. |
| | <i>Contido</i> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Educación infantil e primaria. ▪ Servizos: <ul style="list-style-type: none"> ○ Orientación. ○ Pedagoxía terapéutica. ○ Audición e linguaxe. ○ Biblioteca: de luns a venres, de 16 a 18 horas, agás os martes. |

| | | |
|------------------------------|-----------------------------|---|
| CEIP MONTE DOS POSTES | <i>Ubicación</i> | Rúa Fontiñas, nº 79. Tfno.: 981-54.31.87. FAX: 981-54.31.87. |
| | <i>Tipo de organización</i> | Servizo público, de carácter educativo. |
| | <i>Fins da organización</i> | Educación. |
| | <i>Contido</i> | <p>a.)- <u>Servizos que presta dentro do horario escolar:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 6 unidades de Educación Infantil. ▪ 12 unidades de Educación Primaria. ▪ Orientación. ▪ Biblioteca. ▪ Aula de informática. ▪ Aula de música. ▪ Aula de vídeo. ▪ Aulas de Pedagoxía Terapéutica e Audición e linguaxe. <p>b.)- <u>Servizos que presta fora do horario escolar:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Madrugadores, 7,30 a 9 horas, almorzo voluntario. ▪ Comedor escolar, de 14 a 16,30 horas. ▪ Biblioteca, de luns a venres, de 16,30 a 18,30 horas. ▪ Os martes, servizo de titorías, de 16,30 a 17,30 horas. |



UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



| | | |
|--|-----------------------------|---|
| CENTRO SOCIOCULTURAL DAS FONTIÑAS | <i>Ubicación</i> | Rúa Berlín, nº 13. Tfno.: 981-52.87.50. // FAX: 981-52.87.45. E-mail: cfsfontinas@santiagodecompostela.org Web: www.santiagodecompostela.org |
| | <i>Tipo de organización</i> | Servizo público municipal. |
| | <i>Fins da organización</i> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Dinamización sociocultural do barrio das Fontiñas. ▪ Organización de programas de ocio, estacionais e actividades de rede. ▪ Prestar servizos sociocomunitarios. |
| | <i>Contido</i> | <p>a).- Servizos: Biblioteca, Sala de prensa, Aula de informática, Aulas de xogo, Vox musicais, Exposicións, Salón de usos múltiples, Salas de xuntas, Aulas talleres, Zona Wifi.</p> <p>b).- Programas: en biblioteca (animación á lectura; préstamo de libros, vídeos, CD, etc.; intercambio de libros; club de lectura; prensa), en aula de informática (cursos, tempo de utilización libre), en aula de xogo (contacontos, títeres, monicreques, obradoiros, xogos diversos), en vox musicais³⁰ (piano, violín, frauta, guitarra, canto coral, banda, etc), obradoiros (pintura, debuxo, manualidades, cociña, ioga, pilates, tai chi, teatro, memoria, risoterapia, informática, xoga co inglés, etc), outros programas específicos (cara os periodos vacacionais, excursións, charlas e conferencias, Compostela cine classics, Mente Activa, Vive-vivenzas-vivamos, etc.)</p> |

| | | |
|----------------------|-----------------------------|---|
| CRUZ VERMELLA | <i>Ubicación</i> | Avenida de Lugo s/n (Fontiñas, esquina Londres). Tfno.: 981 586969 // FAX: 981591819 E-mail: santia@cruzroja.es |
| | <i>Tipo de organización</i> | Entidade humanitaria sen animo de lucro que desenvolve a súa actividade no eido da intervención social cos colectivos vulnerables e da cooperación internacional. |
| | <i>Fins da organización</i> | Estar cada vez mais preto das persoas vulnerables nos diferentes ámbitos xeográficos a través de accións de carácter preventivo, asistencial, rehabilitador e de desenvolvemento, realizadas esencialmente por voluntarios. |
| | <i>Contido</i> | <ul style="list-style-type: none"> - Talleres de activación para persoas maiores. - Formación prelaboral para desempregados. - Orientación laboral. - Asesoramento a inmigrantes. - Espazo de procura activa de emprego. - Aulas gratuítas para entidades sen animo de lucro. - Aula de Informática. - Centro de Mediación Social para Menores. - Punto de Información Xuvenil. - Proxecto para persoas sen fogar. - Teleassistencia. - Axudas Técnicas para persoas con mobilidade reducida. - Programa de Acollemento Familiar. - Formación Sociosanitaria. - Campañas de sensibilización. - Voluntariado nos diferentes proxectos. |

³⁰ Actividades organizadas polas asociacións Alfaia e Solfa.



CONCELLO DE
SANTIAGO
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



| | | |
|---|---------------------------------|--|
| ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DAS FONTIÑAS | <i>Ubicación</i> | Rúa Fontes do Sar, nº 1. Tfno.: 981-52.87.03. |
| | <i>Tipo de organización</i> | Servizo público municipal. |
| | <i>Fins da organización</i> | Dar servizo a todas aquellas familias que, previa cita, teñan asignada unha praza nesta escola. |
| | <i>Contido</i> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Atencións ás nenas e nenos. ▪ Servizo de almorzo, xantar e merenda. ▪ Obradoiros, talleres. ▪ Departamento de Calidade. ▪ Servizo Psicopedagóxico. ▪ Escola de nais e pais. |

| | | |
|--|---------------------------------|--|
| FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO | <i>Ubicación</i> | Rúa Fontiñas, nº 29, Baixo. Tfno.: 981-55.41.90. // FAX: 981-55.41.91. E-mail: fsgsantiago@gitanos.org Páxina web: http://www.gitanos.org |
| | <i>Tipo de organización</i> | Entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, que presta os seus servizos pola promoción integral da comunidade xitana. |
| | <i>Fins da organización</i> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Apoiar o seu acceso aos dereitos, servizos e recursos, en igualdade de condicións co resto dos cidadáns. ▪ Realizar accións dirixidas a mellorar as condicións de vida das persoas xitanas. ▪ Potenciar o recoñecemento, apoio e desenvolvemento da súa identidade cultural. |
| | <i>Contido</i> | <p>a.- <u>Programa Operativo Plurirrexional de Loita contra a Discriminación do Fondo Social Europeo:</u> <u>PROGRAMA ACCEDER</u>, para a promoción do acceso da población xitana a un emprego de calidade, desenvolvendo accións nos eidos do sociolaboral, da formación e do emprego, a través de itinerarios de inserción individualizados.</p> <p>b.- <u>Preaceder</u>, dirixido ao fomento de habilidades prelaborais, destacando:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Liña educativa, para a continuidade de estudios e consecución do Graduado en ESO. ▪ Promoción da muller. ▪ Promoción da cultura. ▪ Participación en dinámicas comunitarias. <p>c.- <u>Outras</u>:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Servizo Ecotur: servizo profesional de azafatas de congresos. ▪ Asesorías técnicas. |



UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



| | |
|--|--|
| IES ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS | <p>Ubicación</p> <p>Rúa Londres, nº 10. Tfno.: 981-58.84.98. FAX: 981-52.82.54. E-mail: ies.antonio.fraguas@edu.xunta.es Páxina web: http://www.edu.xunta.es/centros/iesantoniofraguas/</p> <p>Tipo de organización</p> <p>Servizo público, de carácter educativo. Instituto de Educación Secundaria.</p> <p>Fins da organización</p> <p>Os propios da institución escolar.</p> |
| <i>Contido</i> | <p>a.- Servizos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 16 unidades de Ensino Secundario Obligatorio (ESO). 2 grupos de Diversificación Curricular. Agrupamentos e desdobres. ▪ 8 unidades de Bacharelato con 3 modalidades: Humanidades e Ciencias Sociais; Ciencias e Tecnología; Artes escénicas, música e danza (nova modalidade de Bacharelato). ▪ Servizo de transporte escolar. Biblioteca e punto lector. Laboratorios. Ximnasio. ▪ Aulas de Plástica e Tecnoloxía. Aulas de Música. Aulas de Informática. ▪ Proxecto Abalar (Integración das TIC nas aulas de 1º e 2º de ESO) ▪ Centro da rede europea "Escolas sen racismo". <p>b.- Programas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Durante varios anos, leváronse a cabo programas como por exemplo: <ul style="list-style-type: none"> ○ PROA. (Programa de Apoyo a centros de Secundaria en zonas de atención preferente) Con varias liñas de actuación: convivencia, biblioteca, relación coas familias e absentismo escolar. ○ Programa de Habilidades Sociais "Bo Rollo" ○ PONTE NAS ONDAS. Experiencia educativa que se ven desenvolvendo desde 1995 grazas á cooperación entre escolas de Primaria e Secundaria de Galicia e do norte de Portugal. ○ PROXECTO TERRA. É un proxecto de intervención educativa proposto polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, co fin de contribuír a mellorar o coñecemento que os escolares de Galicia deben ter da arquitectura galega, do seu contorno e da nosa identidade territorial. ○ Programa de educación afectivo-sexual, en colaboración con XENEME ○ Participación en CINENSINO. ○ Proxecto COMENIUS: "Participación democrática e cidadanía na escola e no seu entorno" con centros de Alemaña, Letonia, Finlandia e Dinamarca + Continúan na actualidade: <ul style="list-style-type: none"> ○ Programas de prevención de drogodependencias (Concello de Santiago) ○ Obradoiro de trastornos da alimentación, en colaboración coa Cruz Vermella. ○ Programas de convivencia en colaboración con Asamblea de Cooperación pola Paz. ○ Proxectos colaborativos coa Fundación Secretariado Xitano para apoiar ao alumnado desa comunidade no centro. ○ Talleres de Educación Intercultural (IGAXÉS 3) ○ Talleres sobre redes sociais, resolución de conflitos e autonomía (IGAXÉS 3) ○ Club de lectura do alumnado "PROMETEO". ○ Club de lectura do alumnado "XIRA, COPÉRNICO" ○ Club de lectura de profesorado "O CLUB DA LIBRETA". ○ Grupo de pintura "SINGULAR_ES", formado por alumnado e profesorado. ▪ De recente implemantación (Dende o curso pasado ou dende o actual) <ul style="list-style-type: none"> ○ PLAMBE de Mellora de Bibliotecas Escolares ○ "Proxecto M" de MEDIANACIÓN ESCOLAR. Participación en encontros de centros con equipos de mediación. ○ PROXECTO MELLORA (Habilidades Socioemocionais. Situacóns de exclusión, acoso...) ○ TALLER DE TELEVISIÓN (TV e valores, TV feita por rapaces e rapazas) con AGARESO (Asociación Galega de reporteiros solidarios) e Asamblea de Cooperación pola Paz. ○ Talleres de IGUALDADE DE XÉNERO (FESAN) <p>c.- Actividades extraescolares e complementarias:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Liga interna: minifútbol, baloncesto ... ▪ Grupo de teatro "TANTOMETÉN", organizado polo Equipo de Normalización Lingüística. ▪ Grupo de teatro ARTIXTAS do Bacharelato de Artes. ▪ Programas e actividades de orientación académica e profesional. ▪ Revista Xeada ▪ Web do centro. ▪ Diversas actividades relacionadas cos temas transversais: charlas, talleres, visitas a exposicións... ▪ Actividades solidarias. ▪ Saídas culturais e excursións. ▪ Colaboración coa ANPA nas actividades de ESCOLA DE PAIS E NAIS (charlas, talleres, nos que colaboran outras entidades do barrio ou da cidade). <ul style="list-style-type: none"> ▪ Apoio da ANPA en diversas actividades desenvoltas no centro. |



UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



| | | |
|------------------------|-----------------------------|--|
| IES AS FONTIÑAS | <i>Ubicación</i> | Rúa Estocolmo, nº 5. Tfno.: 981-57.34.40. / 669-78.49.93. FAX: 981-57.14.58. E-mail: ies.as.fontinas@edu.xunta.es Página web: http://centros.edu.xunta.es/iesasfontihas/ |
| | <i>Tipo de organización</i> | Servizo público, de carácter educativo. Instituto de Educación Secundaria (Xunta de Galicia: Consellería de Educación). |
| | <i>Fins da organización</i> | Educación. |
| | <i>Contido</i> | Ensinanzas postobrigatorias: <ul style="list-style-type: none"> ○ Bacharelato de humanidades e ciencias sociais. ○ Bacharelato de ciencias e tecnoloxía. ○ Ciclos formativos da familia de Administración. ○ Ciclos formativos da familia de edificación e obra civil. |

| | | |
|--|-----------------------------|---|
| PROGRAMA DE APOIO A FAMILIAS MONOPARENTAIS "ABEIRO" | <i>Ubicación</i> | Rúa Roma, nº 5, Baixo E. Tfno.: 981-57.75.90. E-mail: programa.abeiro@gmail.com |
| | <i>Tipo de organización</i> | Entidade de iniciativa social. Programa promovido e coordinado por Cáritas Parroquial das Fontiñas, que a súa vez pertence a Cáritas Interparroquial, inserta en Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela. |
| | <i>Fins da organización</i> | Ofrecer o programa como apoio integral ás familias monoparentais da nosa comunidade con menores ao seu cargo, outorgándolle aos proxenitores unha maior dispoñibilidade de cara a súa inserción laboral e formativa. |
| | <i>Contido</i> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Orientación e asesoramento laboral e formativo. ▪ Reforzo das estratexias e habilidades dos proxenitores no traballo educativo cos seus fillos. ▪ Formación dirixida aos proxenitores: encontros de formación, obradoiros de alfabetización e de expresión artística, derivación a cursos propostos por outras entidades, ... ▪ Actividades culturais: saídas, excursións, encontros interxeneracionais, ... ▪ Apoio e acompañamiento socioeducativos aos menores durante a xornada laboral ou formativa dos seus proxenitores. ▪ Actividades dirixidas aos menores: apoio escolar, reforzo de habilidades sociais e comunicación intrafamiliar, prevención do absentismo escolar, hábitos de saúde e hixiene e dinámicas programas trimestralmente. |



UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



| | | |
|---|-----------------------------|---|
| <p style="text-align: center;">SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS: UTS FONTIÑAS</p> | <i>Ubicación</i> | Rúa Berlín, nº 13. Tfno.: 981-52.87.50. // FAX: 981-52.87.45. E-mail: passfontinas@santiagodecompostela.org |
| | <i>Tipo de organización</i> | Servizo público, pertencente á Área de Acción Social do Concello de Santiago de Compostela. |
| | <i>Fins da organización</i> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Achegar os Servizos Sociais Comunitarios á zona de Fontiñas, garantizando un primer nivel de atención profesional, mediante a instrumentalización das prestacións básicas, actuando como porta de entrada ao sistema público de Servizos Sociais. ▪ Conformar coas entidades da zona un entramado social en rede que promova un servizo á poboación, eficaz e eficiente, sen duplicidade de accións. Xenerar un marco de prevención, participación e intervención no seo da comunidade, como medio de dar resposta ás diferentes problemáticas sociais. ▪ Previr e diminuir a desestructuración persoal e/ou socio-familiar, mediante a aplicación dos recursos e proxectos de intervención existentes, dinamizando as potencialidades detectadas no eido intrafamiliar e comunitario. ▪ Incidir positivamente na autonomía das familias, evitando a cronicación dos conflitos sociais, que poden repercutir negativamente no desenvolvemento dos seus integrantes. |
| | <i>Contido</i> | <p>a.- Valoración, orientación e información en materia social sobre programas, recursos e servizos, que contribúan á autonomía persoal e familiar. Por áreas, realízase tramitación e derivación a:</p> <p>a.1.- Familia, infancia e mocidade: Axudas para a escolarización dos menores, acollemento de menores, Centro de día de menores, Garda de menores, Prestación económica de pago único por fillo menor a cargo.</p> <p>a.2.- Maiores e/ou persoas con estado de saúde deficitario: Reconecemento do grao de discapacidade, Reconecemento da situación de dependencia, coa mobilización dos recursos que correspondan, Servizo municipal de axuda no fogar, Teleassistencia domiciliaria, Ingreso en centros residenciais, Centros de día, Respiro familiar: estadías temporais en centros residenciais, Transporte adaptado 065, Axudas para facilitar a autonomía persoal e a accesibilidade, Pensións non contributivas, Acollemento familiar, Bonobús, Termalismo e turismo social e Vacacións.</p> <p>a.3.- Inclusión social: Plan de inclusión social, Proxecto municipal de medidas de apoio para a prevención e a integración social: axudas para solventar necesidades básicas e participar en itinerarios de inserción social, Renda de integración social de Galicia (RISGA), Axudas para situaciones de emergencia social.</p> <p>b.- Apoio familiar, dirixida á prevención, detección precoz e oferta dunha primeira atención profesional, dende o ámbito do traballo social de zona, para minguar factores de risco que están condicionando a disfuncionalidade das familias, que repercuten negativamente no desenvolvemento persoal dos seus integrantes, en especial, dos máis novos.</p> <p>c.- Intervención no absentismo escolar, co obxecto de contribuír a unha adecuada escolarización e asistencia regular aos centros educativos, a través dun traballo en rede cos centros educativos, para a prevención, detección e tratamiento social da problemática de absentismo escolar do alumnado escolarizado no ensino obligatorio.</p> <p>d.- Intervención con persoas maiores e/ou en situación de dependencia, basado no traballo en rede coa UTS do Centro de Saúde de Fontiñas e dirixido á atención das necesidades básicas daquelas persoas que, por atoparse en situacións de especial vulnerabilidade (persoas maiores, estado de saúde deficitario, rede de apoio social e familiar insuficiente, soedade, etc.), requieren de apoios para desenvolver as actividades esenciais da vida diaria e acadar unha maior autonomía persoal.</p> <p>e.- Desenvolvemento comunitario, como acción sistemática e coordinada entre tódalas entidades públicas e de iniciativa social do barrio de Fontiñas, que, en resposta ás necesidades da poboación de referencia, tentaron constituír no ano 1998 e manter ata a actualidade un grupo de traballo estable (con profesionais pertencentes aos ámbitos sociais, educativos e sanitarios, e contando con apoio do tecido asociativo), dirixido a detectar precozmente non só calquera situación carencial, senón a realizar a correspondente abordaxe técnica, evitando na medida do posible, a súa cronicación e agravamento.</p> |



CONCELLO DE
SANTIAGO
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



II.6.2.- Tecido asociativo presente no barrio:

a).- No ámbito cultural:

| | | |
|--------------------------|-----------------------------|---|
| ASOCIACIÓN ALFAIA | <i>Ubicación</i> | Centro Sociocultural das Fontiñas. Rúa Berlín, nº 13. Teléfono: 981-52.87.50. FAX: 981-52.87.45. |
| | <i>Tipo de organización</i> | Asociación sociocultural |
| | <i>Fins da organización</i> | Fomento da cultural musical e da danza. |
| | <i>Contido</i> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Música e movemento, de 3 a 6 anos. ▪ Prelinguaxe musical, de 6 a 7 anos. ▪ Linguaxe musical, a partir de 7 anos. ▪ Instrumentos: piano, violín, guitarra, percusión, clarinete, saxo, frauta, trompeta, gaita... ▪ Canto. ▪ Conxunto instrumental. ▪ Combo. ▪ Coro para adultos. ▪ Ballet. ▪ Danza moderna. ▪ Funky – hip hop. ▪ Pilates. ▪ Flamenco. |

| | | |
|-------------------------|-----------------------------|--|
| ASOCIACIÓN SOLFA | <i>Ubicación</i> | Asociación Musical Solfa. Rúa Bruxelas, nº 3-H, 2º B. Tfno.: 676-67.50.30. E-mail: lcarreirap@santiagodecompostela.org |
| | <i>Tipo de organización</i> | Asociación cultural e musical. |
| | <i>Fins da organización</i> | Aprender e disfrutar coa nosa música. A través da coral e da banda de música de Solfa, queremos contribuir a coñecer e estallar o noso patrimonio cultural. Galiza é un país cunha grande cultura bandística e coral, nós formamos parte desa identidade. |
| | <i>Contido</i> | <p>a.- Clases de música de:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Solfeos, para todas as idades. ▪ Coro. ▪ Canto. ▪ Instrumentos: frauta, óboe, clarinete, saxofón, trompeta, trompa, trombón, tuba, bombardino, percusión, piano, acordeón. ▪ Banda. <p>b.- Outras actividades de:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Concertos. ▪ Intercambios culturais con outras agrupacións, campamentos musicais, xornadas, conferencias... |



**CONCELLO DE
SANTIAGO**
UTS FONTIÑAS

-Servizos Sociais-



b).- No ámbito deportivo:

| | | |
|--------------------------------------|-----------------------------|--|
| CLUB DEPORTIVO DE AS FONTIÑAS | <i>Ubicación</i> | Rúa Varsovia, 4C-4ºC (Área Central) Teléfono e Fax: 981577928 |
| | <i>Tipo de organización</i> | Asociación sen ánimo de lucro, que ten como obxectivo principal o fomento e práctica da actividade física e deportiva. |
| | <i>Fins da organización</i> | Promover a práctica do deporte en xeral; para tal fin funcionarán as seccións deportivas correspondentes, sen perxuízo de que a Asamblea Xeral poida acordar a creación doutras distintas. |
| | <i>Contido</i> | Práctica das modalidades deportivas de patinaxe artístico, sendeirismo, montañismo, escalada, e ximnasia |

c).- No ámbito educativo:

| | | |
|---|-----------------------------|---|
| ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS FONTELA – CEIP FONTIÑAS | <i>Ubicación</i> | Rúa Roma, nº 21. Tfno.: 660-64.78.08. E-mail: apafontela@ole.com |
| | <i>Tipo de organización</i> | Asociación de nais e pais de alumnos e alumnas, sen ánimo de lucro. |
| | <i>Fins da organización</i> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Asistir ás nais, pais e titores en todo aquello que afecte á educación dos seus fillos e pupilos. ▪ Colaborar nas actividades educativas complementarias e extraescolares do centro. ▪ Facilitar a representación das nais e pais de alumnos no Consello Escolar do centro e nos órganos colexiados que se establezan. ▪ Estimular a participación das nais e pais de alumnos na programación xeral do ensino a través do órgano colexiado correspondente. ▪ Fomentar as relacións de cooperación do centro con outros establecementos escolares e cos sectores sociais e culturais do contorno. ▪ Promover a plena realización do principio de gratuidade no eido do centro, así como a efectiva igualdade de dereitos de todo o alumnado, sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, raza ou sexo. ▪ Requerir aos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á educación, demandando a atención e axudas que esta se merece. ▪ Promover actividades formativas, culturais e de estudio. ▪ Todos aqueles outros non recollidos nos estatutos e que sexan conformes á lei. |
| | <i>Contido</i> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Ludoteca. ▪ Taller de creatividade. ▪ Iniciación ao deporte. ▪ Baile galego. ▪ Kárate. ▪ Teatro. ▪ Xadrez. ▪ Patinaxe. ▪ Traballo manuais. |



**CONCELLO DE
SANTIAGO**
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



**ASOCIACIÓN DE
NAIS E PAIS DE
ALUMNOS E
ALUMNAS "CAMIÑO
DE SANTIAGO – CEIP
MONTE DOS POSTES**

| | | |
|--|---------------------------------|--|
| | <i>Ubicación</i> | Rúa das Fontiñas, nº 79. Tfno.: 649-38.04.86./666-58.21.90. |
| | <i>Tipo de organización</i> | Asociación de nais e pais de alumnos e alumnas, sen ánimo de lucro. |
| | <i>Fins da organización</i> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Asistir ás nais, pais e titores en todo aquelo que afecte á educación dos seus fillos e pupilos. ▪ Colaborar nas actividades educativas complementarias e extraescolares do centro. ▪ Facilitar a representación das nais e pais de alumnos no Consello Escolar do centro e nos órganos colexiados que se establezan. ▪ Estimular a participación das nais e pais de alumnos na programación xeral do ensino a través do órgano colexiado correspondente. ▪ Fomentar as relacións de cooperación do centro con outros establecementos escolares e cos sectores sociais e culturais do contorno. ▪ Promover a plena realización do principio de gratuidade no eido do centro, así como a efectiva igualdade de dereitos de todo o alumnado, sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, raza ou sexo. ▪ Requirir aos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á educación, demandando a atención e axudas que esta se merece. ▪ Promover actividades formativas, culturais e de estudio. ▪ Todos aqueles outros non recollidos nos estatutos e que sexan conformes á lei. |
| | <i>Contido</i> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Servizo de aula matinal. ▪ Servizo de comedor. ▪ Fútbol. ▪ Baloncesto. ▪ Patinaxe. ▪ Taekwondo. ▪ Baile moderno. ▪ Taller de cociña. ▪ Debuxo e pintura. ▪ Inglés coloquial. ▪ Informática. ▪ Piscina. |



**CONCELLO DE
SANTIAGO**
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



| | | |
|---|---------------------------------|--|
| ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS ANTÓN FRAGUAS – IES ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS | <i>Ubicación</i> | Rúa Londres, nº 10. Tfno.: 654598432. E-mail: anpa.anton.fraguas@gmail.com Blog: http://anpa-antonfraguas.esblogs.net |
| | <i>Tipo de organización</i> | Asociación de nais e pais de alumnos e alumnas, sen ánimo de lucro. |
| | <i>Fins da organización</i> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Asistir ás nais, pais e titores en todo aquelo que afecte á educación dos seus fillos e pupilos e no novo papel de nais/pais de adolescentes. ▪ Colaborar nas actividades educativas complementarias e extraescolares do centro. ▪ Colaborar nas iniciativas do alumnado cara á realización de actividades formativas e lúdicas. ▪ Facilitar a representación das nais e pais de alumnos no Consello Escolar do centro e nos órganos colexiados que se establezan. ▪ Colaboración con outras asociacións e entidades do entorno. ▪ Organización, difusión e participación en obradoiros/cursos/conferencias dentro da temática das relacións entre as familias e os adolescentes. ▪ Promover actividades formativas, culturais e de estudio. ▪ Todos aqueles outros non recollidos nos estatutos e que sexan conformes á lei. |
| | <i>Contido</i> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Capoeira ▪ Obradoiros de conversa en inglés ▪ Contacto con outras asociacións ou entidades. |

d).- No ámbito social:

| | | |
|---|---------------------------------|--|
| ASOCIACION DE VECIÑOS "AS FONTES", DE FONTIÑAS | <i>Ubicación</i> | Rúa Varsovia, nº 4C (interior), 4º andar. Area Central. Tfno.: 981-57.72.20. |
| | <i>Tipo de organización</i> | Tecido asociativo. |
| | <i>Fins da organización</i> | Movimento social e comunitario. |
| | <i>Contido</i> | - Actividades: clases de recuperación, inglés, pintura, informática, costura e alfabetización. |



| | | |
|--|-----------------------------|--|
| ASOCIACION DE VECIÑOS "O CAMIÑO DAS FONTIÑAS" | <i>Ubicación</i> | Rúa de Jaca nº 5 – 1º B. Teléfono: 609617566 E.mail: o.camino.fontinas@gmail.com Blog: http://barriofontinas.blogspot.com |
| | <i>Tipo de organización</i> | Asociación de veciños e veciñas do barrio das Fontiñas e que inclúe as rúas Fonte dos Concheiros, Fontiñas, Valiño, Altiboia, Jaca, Cotaredo, Coto, Belgrado, Monte dos Postes, Mónaco, Camiño Francés. |
| | <i>Fins da organización</i> | <ol style="list-style-type: none"> 1. Defender os intereses xerais dos veciños e veciñas, en calidade de usuarios e destinatarios finais da actividade urbanística, cultural, deportiva, educativa, sanitaria, de vivenda, social, económica, de consumo, de participación en asuntos de interese xeral da cidade, etc., fomentando as medidas participativa más axeitadas. 2. Asumir a representación dos veciños e veciñas do ámbito territorial adoptando as resolucións e levando a termo as actuacións que pola súa importancia ou interese lle afecten individualmente ou colectivamente, ou aos intereses xerais da cidade. 3. Informar e apoiar aos veciños e veciñas en todas as cuestións que afecten aos seus intereses xerais. 4. Fomentar asociacionismo entre a veciñanza como instrumento de participación e defensa Tecnología intereses xerais. 5. Esixir ás administracións públicas, no seu respectivo ámbito de competencias, o cumprimento dos dereitos recoñecidos polo Lei Orgánica 1/2002, as normas de desenvolvemento e regulamentos municipais, en orde a: <ul style="list-style-type: none"> · Recibir información directa dos asuntos de interese común da veciñanza. · Participar das axudas públicas para o desenvolvemento de proxectos e actividades da asociación. · Establecer convenios de colaboración en programas de interese xeral. · Ser declaradas de utilidade pública. · Intervir en todos os ámbitos das administracións públicas para defender os intereses xerais dos veciños e veciñas. · Utilizar os medios públicos (locais, salas de reunións, centros sociais, radios, etc.) para o exercicio das funcións propias da asociación. · Exercitar o dereito á iniciativa popular. · Ser escoitada nos plenos e comisións municipais sobre os asuntos que lle afecten de xeito particular ou xeral aos veciños e veciñas do seu ámbito territorial. |
| | <i>Contido</i> | <ul style="list-style-type: none"> - Modelo de cidade humanizada, solidaria, segura, con calidade de vida e sostible. - Desenvolvemento urbano, de vivenda, mobiliade e accesibilidade. - Defensa do entorno medioambiental urbano e natural. - Desenvolvemento educativo, cultural, deportivo e de actividade de lecer destinadas á infancia, á mocidade e á terceira idade. - Promoción de comportamentos cívicos e de convivencia, da prevención das causas que producen vulnerabilidade social, marxinación e conflitos na convivencia. - Promoción da saúde e participación ciudadá nos servizos sanitarios. - Desenvolvemento da acción social e da prestacións e servizos sociais destinados ao vecindario, da información e asesoramento sobre o acceso estes recursos. |



UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



II.6.3.- Outros servizos e entidades que participan no desenvolvemento comunitario no barrio:

| | | |
|---|-----------------------------|--|
| ASEMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ | <i>Ubicación</i> | Rúa Hórreo, nº 22, 1º local E. Tfno./Fax: 881.97.73.39 E-mail: galicia@acpp.com Web: www.acpp.com |
| | <i>Tipo de organización</i> | ONGD sen ánimo de lucro, laica, independente e defensora dos valores democráticos desde unha opción de xustiza social e económica. Desenvolve a acción no eido da COOPERACIÓN cos países en vías de desenvolvemento desde a equidade de xénero e o desenvolvemento sostible, fomentando o fortalecemento do tecido asociativo das súas propias sociedades para que elas mesmas tomen rendas do desenvolvemento da ACCIÓN SOCIAL, que engloba accións de educación e sensibilización, fomentando a tolerancia, a interculturalidade, a solidariedade e o coñecemento das relacións Norte-Sur. |
| | <i>Fins da organización</i> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Tomar partido pola Paz, os procesos de reformas democráticas e a procura do diálogo, contribuíndo a sensibilizar á opinión pública para que se articulen medidas de prevención de conflitos e actúese desde os organismos internacionais en razón da lexítima inxerencia por motivos humanitarios, cando así o demande a necesaria defensa dos dereitos humanos fundamentais. ▪ Concienciar á sociedade europea para que demande aos seus representantes políticos accións en defensa destes dereitos humanos esenciais. ▪ Reforzar ás organizacións veciñas, sindicais, profesionais e de mulleres, como actores fundamentais nos países en vías de desenvolvemento, así como o movemento cooperativo na xestión, administración e viabilidade. ▪ Crear espazos de intercambio e reflexión entre as administracións públicas e as organizacións sociais. ▪ Fomentar a integración social dos colectivos más desfavorecidos e traballaremos con aqueles que buscan a transformación social e que se mostran inconformistas ante a ausencia de liberdades e a inxustiza social. ▪ Defender o público, o colectivo, o social, traballando para fortalecer a sanidade e educación públicas (potenciando a participación de pais, nais, profesores e alumn@s); e mellorar o acceso dos cidadáns e cidadáns aos servizos básicos de vivenda digna, auga potable, transporte e emprego. Tamén apoiamos os procesos participativos de autoconstrucción de vivendas impulsando proxectos de conservación e distribución dos recursos hídricos. ▪ Apostar pola "globalización" dos dereitos sociais. ▪ Reivindicar o papel das organizacións de mulleres como actores fundamentais de desenvolvemento. ▪ Sensibilizar sobre a necesidade de protexer os recursos ambientais e a súa compatibilidade co desenvolvemento. |
| | <i>Contido</i> | <p>a.- <u>Cooperación ao Desenvolvemento e Acción Humanitaria e de Emerxencia</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ África Subsahariana, Caribe, Centroamérica, Magreb, Sudamérica e Oriente Medio <p>b.- <u>Acción Social</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Programa Educativo Escolas Sen Racismo, Escolas para a Paz e o Desenvolvemento. ▪ Camiños de Paz: Outras voces de Israel e Palestina. ▪ Cursos de Cooperación sobre o Terreo. ▪ Codesenvolvemento e Inmigración. ▪ Exposicións, charlas informativas, stands, etc. |



CENTRO DE DÍA ARELA

| | | |
|--------------------------------|-----------------------------|---|
| CENTRO DE DÍA ARELA | <i>Ubicación</i> | Centro de día de atención integral ARELA Rúa Doutor Teixeiro, nº 35, 3º. Tfno.: 981-57.22.04. E-mail: teixeiro@arela.org |
| | <i>Tipo de organización</i> | Entidade de iniciativa social (organización do terceiro sector). |
| | <i>Fins da organización</i> | A intervención educativa, integral e individualizada, con nenas, nenos e adolescentes, con dificultades sociofamiliares, na que a través do traballo en rede con outros profesionais, dentro do seu entorno social, se acaden os cambios precisos para normalizar a convivencia familiar. |
| | <i>Contido</i> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Orientación e apoio ás familias na toma de decisiones nos diferentes ámbitos da vida das nenas, nenos e adolescentes. ▪ Desenvolvemento dun Proxecto Educativo Individualizado para cada nena, neno e adolescente. |
| | <i>Observacións</i> | Neste centro aténdese a un total de 10 menores, con idades comprendidas entre os 3 e os 18 anos, en situación de risco social, derivados polo Equipo Técnico do Menor de A Coruña (pertencente á Xunta de Galicia). |

IGAXES - 3

| | | |
|-------------------|-----------------------------|--|
| IGAXES - 3 | <i>Ubicación</i> | IGAXES-3: Instituto Galego para o Terceiro Sector. Rúa da Muíña, nº 24. San Lázaro. Tfno.: 981-56.11.69. FAX: 981-56.11.42. E-mail: igaxes@igaxes.org |
| | <i>Tipo de organización</i> | Entidade de iniciativa social. |
| | <i>Fins da organización</i> | Traballar e formar aos mozos en situación de risco laboral, recorrendo a inserción sociolaboral como un medio para abordar unha capacitación más ampla que debe procurar o empoderamento e o fomento da cidadanía deste colectivo. |
| | <i>Contido</i> | <p>O noso sistema de traballo busca a integralidade dos servizos de xeito que por un lado traballamos por previr procesos de desadaptación social ou exclusión na poboación xuvenil nos que se detectou algún indicativo de risco (fracaso escolar, delincuencia, problemática familiar, etc.) a través dunha intervención integral (educativo, cultural, deportivo e social) adecuada para acadar unha desenvolvemento dos/as destinatarios/as.</p> <p>E por outro, xa máis centralizados e focalizados na problemática do emprego, ofrecemos orientación e formación laboral, ofertando as seguintes actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Acollida dos usuarios/as - Reunións de avaliación/orientación cos usuarios. - Definir un plan inicial de busca de emprego e formación - Reunións de seguimento cunha frecuencia cando menos quincenal cos usuarios, coa finalidade de informes de opcións de emprego e sociais, así como motivar e apoiar aos usuarios/as no proceso de inserción laboral. Este plan, en caso de que non se consiga nun prazo de 6 meses, deberá volver revisarse. |



| | | |
|---|------------------------------------|---|
| <p>Unidade Municipal de Atención a Drogodependentes UMAD</p> | <p><i>Ubicación</i></p> | <p>Rúa Manuel María nº 8 Tfno.: 981-52.87.87. FAX: 981-52.87.80. E-mail: umad@santiagodecompostela.org Web: www.santiagodecompostela.org</p> |
| | <p><i>Tipo de organización</i></p> | <p>Servizo público, pertencente á Area de Acción Social do Concello de Santiago de Compostela.</p> |
| | <p><i>Contido</i></p> | <p>a.- <u>Área de prevención:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Material educativo para a saúde. ▪ Cinensino. ▪ Adestramento en habilidades sociais para adolescentes. ▪ Prevención de condutas disruptivas. ▪ Prevención de alcoholismo xuvenil. ▪ Escola municipal de pais e nais. ▪ Resolución de conflitos pais-fillos/as. ▪ Formación ó profesorado. ▪ Educación de rúa. ▪ Kamelamos guinar: dirixido a minorías étnicas. ▪ En busca do tesouro: programa de prevención de drogodependencias dirixido a familias en situación de risco con nenos/as entre 6 - 12 anos. <p>b.- <u>Área de asistencia:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Orientación e acollida. ▪ Programa libre de drogas. ▪ Mantemento e desintoxicación con metadona. ▪ Mantemento con naltrexona. ▪ Redución do dano: intercambio de xiringas, dispensa de preservativos, prevención e control de tuberculose e hepatite B, vacinación da gripe e taller de consumo de menos risco. ▪ Derivación a comunidades terapéuticas. ▪ Uroanálise. ▪ Asesoramento xudicial. ▪ Prevención de recaídas. ▪ Educación para a saúde. ▪ Grupos de pais e nais. <p>c.- <u>Unidade de día:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Terapia de grupo. ▪ Actividades grupais: deportivas, culturais, talleres, prelaborais, ocupacionais, formativas e de busca de emprego. ▪ Habilidades sociais. ▪ Grupos de pais e nais. ▪ Aire libre. ▪ Actividades manuais, revista, video-foro, etc. <p>d.- <u>Área de incorporación social:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Alfabetización e graduado de Ensino Secundario Obrigatorio. ▪ Orientación e asesoramento laboral. ▪ Taller de búsqueda de emprego. ▪ Taller de xardinería. ▪ Derivación a cursos do Plan FIP. ▪ Preparación para a obtención do permiso de conducir. |
| | | |



**CONCELLO DE
SANTIAGO**
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



II.6.4.- Oportunidades comunitarias ubicadas no barrio:

Entendese por oportunidades comunitarias aqueles compoñentes que poden ser empregados polos residentes dun determinado territorio no seu beneficio, e que son de acceso universal o resto da cidadanía:

| OPORTUNIDADES | DIRECCION |
|---|--|
| AFEXDI, SANTIAGO DE COMPOSTELA | París, R-8 Bloque 5 Bajo – FONTIÑAS. Tfno./Fax nº: 981 560 127 |
| ALBERGE "JAIME GARCIA RODRIGUEZ DE SAN ANTONIO DE FONTIÑAS" | Situado no complexo parroquial de San Antonio de Fontiñas, c/ Estocolmo, s/nº. Tfno.: 981 575 760 Creado no ano 2010, cun espacio de 860 m ² e con capacidade para 160 peregrinos. Xestinado pola Fundacion de la Peregrinación a Santiago. |
| AMBULANCIAS CASABLANCA SANTIAGO, S.L. | C/ Raxeira, 50 - Baixo. |
| AREA CENTRAL | Sito no Polígono das Fontiñas Area Central é un gran complexo multiusos cívico comercial situado en Santiago de Compostela, composto dun único edificio, con máis de 150 establecementos comerciais, integrado por máis de 50 oficinas, un hotel e 656 vivendas Estructurada en dúas plantas e un semisoto. Conta con dúas rúas comerciais de planta cadrada de 658 metros de longo cada unha, cubertas por unha bóveda acristalada situada a vinte metros de altura.. A superficie comercial de Area Central acada os 30.000, albergando as mellores firmas de moda actual, xoierías, tendas de decoración e complementos, franquicias nacionais e multinacionais, xogueterías, quioscos, librerías, parques e establecementos de ocio infantil, unha autoescola, centros de perruquería e beleza, perfumerías, unha parafarmacia, clínicas dentais e unha veterinaria, sala de xogos, unha bolera, establecementos de hostalería e restauración, alimentación e distintas empresas de servicios e oficinas. Esta ampla oferta se completa con sete salas de cine, un hipermercado e varias entidades bancarias. |
| ASOCIACION DE PENSIONISTAS E XUBILADOS - UDP | C/ Dublín, 8. Tfno.: 981 557 669 |
| AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS (AXEGA) | Rúa Roma, 25/27-1º Fax: 881-997450 Correo Electrónico: axega@xunta.es |
| BOMBEIROS SERVIZO DE EXTINCION DE INCENDIOS E SALVAMENTO | Avenida Rodríguez de Viguri, nº 45 Tfno. 981542444 |
| CIDADE DA CULTURA DE GALICIA | Monte Gaiás Fundación Cidade da Cultura de Galicia Hospital de San Roque, Rúa de San Roque nº 2 15704 Santiago de Compostela Galicia Tfno.: 881 997 565 Fax: 881 997 577 |



**CONCELLO DE
SANTIAGO**
UTS FONTIÑAS

-Servizos Sociais-



| OPORTUNIDADES | DIRECCION |
|---|---|
| COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA | Rúa Dublín 6, baixo Tfno. : 981-568.100. /Fax. Nº : 981-941898. E-mail : info@traballosocial.org |
| DIRECCIÓN XERAL DE TRANSPORTE | Polígono Fontiñas. Ed. Área Central. Praza Europa, 5-A Tlfno: 981-544581 - Fax 981544 351 |
| DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA | Pza. de Europa, 5 A 4 ^a Pl. Tlfno: 981 546 217 Fax nº 981 546 201 cpapx.xunta.es |
| ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACION PUBLICA | Rúa de Madrid, 2 Tlfno: 981 54 60 40 |
| EQUIPOS DE VALORACION DE INCAPACIDADES | Praza de Europa, nº 10-A, 2º. Tfno 881-999.236. |
| ESTACIÓN DE AUTOBUSES | Estación de Autobuses de Santiago de Compostela Tel. 981542416 Plaza Camilo Díaz Baliño, s/n 15704 (Santiago de Compostela) |
| ESTACIÓN DE TREN | Rúa do Hórreo, nº 75. Tfno.: 902-320320 (Información e reserva de billetes) // 902-432343 (Información de estacións) http://www.renfe.es http://www.adif.es |
| FEDERACION GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) | Rúa Varsovia 4C, 6º andar - Área Central Tlfno: 981-555.999. Fax:981-565.203. correo@fegamp.org |
| FUNERARIA CASABLANCA | Rúa Raxeira, 50 Tfno.: 981 55 44 55 |
| INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO | Avenida de Gonzalo Torrente Ballester 15707 Santiago de Compostela Tlfno. 981 54 45 12 Fax: 981 -544 599 Correo-e: igc.informacion@xunta.es Web: igc.xunta.es |
| INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TECNICA, SA (MEDTEC) | Pg Fontiñas - Lg. Area Central - Pz. Europa 5A 6ºB Tfno.: 981-577650. Fax nº: 981577843 E-mail: info@medtec.org |
| INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA | Viena, s/n (Edif. Xulgados) Tfno nº: 981 540 481 Fax nº: 981 540 484 |
| INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO | Paseo De Área Central, 0 S/N Tfno.: 981 541 900 |



**CONCELLO DE
SANTIAGO**
UTS FONTIÑAS

-Servizos Sociais-



| OPORTUNIDADES | DIRECCION |
|--|--|
| METEOGALICIA | Rúa Roma, nº 6. Tfno.: 881-999654 Fax: 981-957466 |
| MULTIUSOS FONTES DO SAR | Rúa Diego Bernal Tfno: 981 568 160 Fax: 981 568 161 Mail: multiusos@multiusos.net |
| PARQUE DE BOMBEIROS | Avenida de Rodríguez de Viguri, nº 45 Tfno.: 981542444 |
| POLICÍA AUTONÓMICA | Roma, 25-27 - FONTIÑAS Tfno.: 981 546 474 Fax nº 981 546 482 |
| POLICIA LOCAL | Pazo de Raxoi, entrada pola Costa do Cristo. Tfno.: 981 542 323. |
| POLICIA NACIONAL | Avda. de Rodrigo de Padrón, 3. Tfno.: 981- 551 100 |
| PORTOS DE GALCIA | Pza. de Europa, 5 A, 6º Pl. - 15707 Santiago de compostela (A CORUÑA) Tfno.: 902 400 870 Fax nº: 981 545 324 www.portosdegalicia.es |
| SISTEMA GALEGO DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA | Praza de Europa, nº 10-A, 2º. Tfno.: 881 995 159 |
| XULGADOS | Viena, s/n (Edif. Xulgados) - 15707. <ul style="list-style-type: none"> • Audiencia Provincial: 981 54.04.70. / -71 / -72 • Fiscalía: 981 54.03.84. / -85 • Oficina de notificación e embargos: 981 54.03.61. / -62 / -63 / -64 • Rexistro civil: 981 54.03.70. / -71. / -69. • SMAC: 981 95.76.85. • Xulgado Contencioso Administrativo nº 1: 981 54.04.61. / -62 / -63 • Xulgado Contencioso Administración nº 2: 981 54.03.46. • Xulgado Decano: 981 54.03.51. / -52. / -53. • Xulgado de Garda: 981 54.03.67. • Xulgado de Instrucción nº 1: 981 54.04.25. / -26. / -27. • Xulgado de Instrucción nº 2: 981 54.03.95. / -96. / -97. • Xulgado de Instrucción nº 3: 981 54.04.31. / -32. / -33. • Xulgado de Penal nº 1: 981 54.04.49. /-50. /-51. • Xulgado de Penal nº 2: 981 54.04.55. / -56. • Xulgado de Primeira Instancia nº 1: 981 54.03.89. /-90. /-91. • Xulgado de Primeira Instancia nº 2: 981 54.04.19. / -20. • Xulgado de Primeira Instancia nº 3: 981 54.04.01. / -02. / -03. • Xulgado de Primeira Instancia nº 4: 981 54.04.07. / -08. • Xulgado de Primeira Instancia nº 5: 981 54.04.13. /-14. /-15. • Xulgado de Primeira Instancia nº 6: 881 99.71.15. • Xulgado de Social nº 1: 981 54.04.38. / -39. • Xulgado de Social nº 2: 981 54.04.43. / -44. / -45. • Xulgado de Violencia de Xénero: 981 54.04.33. / -31. / -32. |
| XULGADO DO SOCIAL Nº3 | Raxeira, 52 (Esq. C/ Londres) Tfno.: 881 99.71.24. |
| XUNTA DE GALICIA | Edif. Admtvo. San Caetano, s/n Tfno.: 981 544 294 // 981 544 299 |



III.- ANÁLISE DAS NECESIDADES DO BARRIO.



III.1.- Detección de necesidades por ámbitos.

III.1.1.- Asociación de veciños “As Fontes” (de Fontiñas):

- ⊕ Necesidade de centro de día para persoas maiores, cunha óptica comunitaria, e co obxecto de contribuir a garantizarlles as necesidades básicas, ocupar o seu tempo e favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.
- ⊕ Facilitar a accesibilidade do barrio, minguando elementos de risco, con maior control da circulación viaria.
- ⊕ Retomar o funcionamento da policía de barrio, coa finalidade de incidir no orde social e favorecer unha convivencia comunitaria óptima, menguando a conflictividade social.
- ⊕ Relacionado co anterior, incidir na integración das familias en situación de conflicto social.

III.1.2.- Asociación de Veciños “O CAMIÑO DAS FONTIÑAS”:

- ⊕ Necesidade de “espazos de encontro” que favorezan a convivencia comunitaria, sendo unha nova oportunidade o parque previsto entre as zonas das rúas de Fontiñas, Cotaredo e Berlín.
- ⊕ Necesidade de centro de día para persoas maiores, que garantan a cobertura de necesidades básicas, e incidan na conciliación da vida familiar e laboral.
- ⊕ Favorecer o deseño e a implementación de programas de intervención no seo da comunidade, que incidan na convivencia positiva e no fomento da participación cidadá.

III.1.3.- Cáritas Parroquial de Fontiñas. Programa de atención á familias monoparentais Abeiro.

- ⊕ Existe un escaso sentimento de pertenza ao barrio. Moitas das familias non se identifican coa vida en comunidade e participación no barrio.
- ⊕ Existe unha maior dificultade para facer partícipe á poboación na actividade comunitaria e asociativa.



- ⊕ Un importante problema que existe no barrio pero que tamén presente na nosa sociedade actual é a situación de desemprego de xóvenes cualificados e con grandes dificultades de acceso ao mercado laboral.
- ⊕ Unha realidade presente no barrio é o importante número de persoas maiores que viven nel, ben porque teñen en Fontiñas a súa residencia habitual ou ben porque veñen a vivir cos seus familiares. Algunha destas persoas maiores son dependentes, están case sempre soas e non participan con outros grupos na vida do barrio.
- ⊕ No barrio de Fontiñas residen moitas familias xóvenes con fillos menores de tres anos. Existen numerosas solicitudes para a escola infantil municipal "O coelliño branco" quedando moitas delas sen praza. A solución a esta necesidade detectada sería ampliar o número de prazas desta escola infantil.
- ⊕ En Fontiñas conviven familias compostas por membros de todas as idades. Por isto consideramos importante que a nivel sociocomunitario se podan implicar todas as entidades e propoñer accións dirixidas a integración interxeracional co fin de compartir experiencias e valores entre os diferentes grupos de idades.
- ⊕ Promocionar as infraestructuras do barrio para mellorar o uso das mesmas fomentando o deporte como unha ferramenta de prevención e proposta de alternativas de ocio.

III.1.4.- CEIP Fontiñas.

- ⊕ Necesidade de atención continuada e polos mesmos profesionais ás familias que precisan de apoio para exercer o seu rol. Necesidade de que persista e se reforce, incluso, a coordinación entre o sistema educativo e o de Servizos Sociais.
- ⊕ Precísase a continuidade do proxecto de intervención en materia de absentismo escolar, procurando que se sega unha mesma liña de intervención en tódalas zonas.
- ⊕ Cómpre garantir que os menores procedentes de familias cunha situación económica deficitaria, dispoñan do material académico ao comienzo do curso escolar.
- ⊕ Necesidade de incremento na dotación de persoal específico e de apoio para a atención, nos centros educativos, dos menores con dificultades de aprendizaxe.



III.1.5.- Centro de día Arela.

- ⊕ *Infancia e mocidade:* Necesidade dun programa permanente e estable de Educación de Rúa.
- ⊕ *Persoas maiores e/ou en situación de dependencia:*
 - ❖ Creación dun Centro de Día ou doutro tipo de centro que se considere necesario de atención ás personas da 3º Idade segundo se considere preciso tras a avaliación da situación real no barrio desta poboación.
 - ❖ Atención ás personas acompañantes das personas dependentes (respiro familiar, apoio psicoterapéutico, formación...). Dificultade se non se busca quen se ocupe nestes momentos das personas dependentes...
- ⊕ *Ámbito escolar:*
 - ❖ Na actualidade as medidas sancionadoras das expulsións soen provocar situacións negativas no alumnado expulsado, que ven esta expulsión como un premio, e a familia non sabe ou non pode asumir unha intervención educativa no eido familiar correcta. Pese a existir e promocionar por parte dos axentes escolares Iniciativas encamiñadas a traballar de forma eficaz as expulsións, considero que non existe actualmente un programa integral que sexa eficaz e real con todo o alumnado nesta situación.
 - ❖ Estudo do fracaso escolar e accións concretas de actuación.
- ⊕ *Inserción sociolaboral:* Detección da situación de paro actual no Barrio de Fontiñas e valorar a posibilidade de crear accións alternativas posteriores.
- ⊕ *Rede comunitaria – Fortalecemento comunitario:*
 - ❖ Grazas á nova *Análise da realidade do Barrio* e ás achegas dos diferentes colectivos penso que a Rede de Fontiñas deberá, ademáis de continuar co traballo desenvolto ó longo destos anos as liñas de traballo e obxectivos que deben desenvolverse marcando a cronoloxía das diferentes accións. Moitas destas accións débense entender como un traballo a prol da busca de estratexias encamiñadas á situacións preventivas da exclusión social.
 - ❖ Posibilidade de intervir coas familias dos colexios – institutos de forma máis global, a nivel máis comunitario. Pensar /estudar a posibilidade de crear algunha actividade “de escola de pais” para todos os pais do Barrio de Fontiñas e que non necesariamente teña que estar centrada por pertencer ós centros escolares. Coa finalidade de chegar a crear nun futuro algo máis globalizado e comunitario a nivel dos pais-nais do barrio.
 - ❖ Realización de (polo menos) unha acción lúdica comunitaria anual.



CONCELLO DE
SANTIAGO

UTS FONTIÑAS

-Servizos Sociais-



III.1.6.- Centro de Saúde de Fontiñas: Unidade de Traballo Social.

- ⊕ Necesidade de realizar un rexistro de persoas maiores de 65 anos que residen soas, por ser un colectivo en auxe dende a óptica de risco social.
- ⊕ A maiores, deberíase realizar un rexistro de aquelas que xa son beneficiarias dalgún recurso sociosanitario.
- ⊕ Sería preciso contar co servizo de axuda no fogar, para casos urxentes, e sempre no marco de persoas que, ou ben residen soas, ou ben teñen unha rede de apoio familiar feble ou insuficiente.
- ⊕ Sería preciso contar cun "Programa de Voluntariado", para persoas maiores e/ou con dependencia.
- ⊕ Sería preciso a creación dun "Centro de Día", debido ao incremento de maiores e dependentes non últimos anos barrio.
- ⊕ Fomento de actividades lúdicas e recreativas para o colectivo de maiores e xubilados, como alternativa ao tempo libre.
- ⊕ Captación e formación de avos/as, que asumen os coidados e educación dos netos, por motivos laborais dos pais, ou ausencia dos mesmos.
- ⊕ Aumento da vixilancia por parte da Policía no barrio.

III.1.7.- Centro Sociocultural das Fontiñas.

- ⊕ Maior grao de coordinación e cooperación entre as distintas entidades que componen o barrio, co fin de optimizar as actuacións e evitar duplicidades que se están a realizar, cando menos no ámbito formativo e cultural.
- ⊕ Canles de comunicación e información cara a poboación poucos eficaces e operativos.

III.1.8.- Cruz Vermella.

- ⊕ Falta de actividades de ocio para maiores en periodo estival.
- ⊕ Falta de actividades de ocio para os rapaces e rapazas, entre 14 y 18 años.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

UTS FONTIÑAS

-Servizos Sociais-



- ⊕ Maior disponibilidade de espacios para talleres, grupos de trabajo, actos lúdicos...
- ⊕ Servicio de ludoteca e biblioteca que a do centro sociocultural, que resulta pequena para toda a población.
- ⊕ Existencia de persoas maiores con trámite de teleasistencia domiciliaria, sen resolución pública e con baixa capacidade económica para tramitala na modalidade privada.
- ⊕ Apoio escolar en periodo estival para grupos de secundaria.

III.1.9.- Fundación Secretariado Xitano.

- ⊕ Carencia de actividades para o colectivo de adolescentes.
- ⊕ Necesidade de maior dotación de espazos verdes e comunitarios (zona rúas Dublín e Londres).
- ⊕ Acondicionamento deficitario das rúas Fontiñas e Fonte dos Concheiros.
- ⊕ Necesidade de intercomunicación entre o barrio e o Polígono de Fontiñas.
- ⊕ Baixo nivel de participación en actividades formais.
- ⊕ Indicir na escolarización regular do alumnado e que se interiorice a necesidade e a conveniencia da educación.
- ⊕ Necesidade de apoiar a escolarización dos menores, cun seguimento da mesmas, con servizos complementarios de comedor, actividades extraescolares, etc.
- ⊕ Deseño e implementación de actividades prelaborais para a xuventude.
- ⊕ Necesidade de complementar a cobertura de necesidades básicas.
- ⊕ Potenciar un grupo de mulleres, con actividades diversas: cociña, corte e confección, atención á persoas menores ou maiores, etc.
- ⊕ Apoio económico que reforce os itinerarios de inserción laboral.
- ⊕ Necesidade de intervención cos mozos dirixidos á capacitación persoal e inserción laboral, evitando conductas de risco.



- ⊕ Dinamizar ao grupo de varóns, de mediana idade, para actividades laborais.

III.1.10.- IES Antonio Fraguas Fraguas.

- ⊕ Existen importantes cambios no perfil de alumno e alumnas con respecto á situación analizada hai xa doce anos:
 - ❖ Maior presenza de alumnado inmigrante, frecuentemente con estes trazos:
 - Familias monoparentais (nai traballadora) ou con parella diferente do pai biolóxico.
 - Con frecuencia, o pai e resto da familia no país de orixe.
 - Recente chegada ao país. Dificultades de integración social, escolar e familiar; ás veces, os menores son uns “descoñecidos” para as súas nais.
 - Retraso escolar importante.
 - Dificultades de comunicación, producidas non só pola lingua vehicular.
 - Dificultades para integrarse na vida de ocio e tempo libre de nenas e nenos da súa idade.
 - Desarraigo xeneralizado.
 - Tempos sós nas súas casas.
 - ❖ Sería necesaria unha intervención integral dende o ámbito escolar, social e familiar.
- ⊕ Nese cambio do perfil de alumnado, debemos sinalar unha situación de melloría en canto ao alumnado xitano: maior nivel de integración, maior asistencia ao centro escolar (áinda que irregular), escolarización mais normalizada (áinda que con casos crónicos de absentismo: “familias absentistas crónicas” con traxectoria no tempo), alongamento da idade de permanencia no centro, obtención de título nalgúns casos (pero non así nas nenas).
 - ❖ Sería preciso reforzar a continuidade de estudos, sobre todo nas nenas xitanas, para que non se produza abandono prematuro do encino. Propiciar, polo tanto, o paso a PCPI ou calquera outra actividade educativa e formativa. Precísase traballar mais coas familias, potenciar a súa relación co centro, potenciar a figura feminina das nais dentro da familia e como motor de cambio na súa cultura (desenvolver e apoiar iniciativas como os encontros con alumnado xitano no IES, os encontros coas nais e antigas alumnas, iniciativas de apoio á alfabetización das mulleres, etc.).



CONCELLO DE
SANTIAGO
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



- ❖ En canto a situacíons de alumnado adolescente en xeral, seguimos pensando na necesidade de organizar os tempos de lecer, non tanto pola oferta de actividades como na necesidade de que exista unha estructura que estableza nexos de unión entre entidades e vencelle propostas diversas. Nese sentido, defendemos a necesidade de implementar de novo o "Programa de Educación de Rúa" para o barrio de Fontiñas, dándolle solidez e continuidade no tempo. Dentro das liñas xa desenvoltas, destacamos moi especialmente os proxectos "aglutinadores" como as curtametraxes³¹ feitas, o xornal do barrio "O Mirador" e o Programa de "Mediación Escolar", pola repercusión que ten na procura da convivencia, dentro e fora do IES: un alumnado formado en mediación é un futuro cidadán formado nela. A colaboración de "policía de barrio" sería tamén un recurso positivo para a consecución deste obxectivo.
- ❖ Moi relacionado co apartado anterior está a seguinte cuestión: Con frecuencia as sancíons dos centros educativos de "expulsión" provocan situacíons dificultosas nas familias, porque son vividas como "un premio para o alumnado e como un castigo para as súas familias". Buscar solucíons alternativas mais educativas e positivas pasaría por poder implementar actuacíons como:
 - ❖ Programas alternativos ás expulsíons dentro do centro: serían precisos profesionais específicos da Administración Educativa ou municipal, para dar cobertura a estas situacíons, "oficializando" programas de educación de competencias socio-emocionais como o "MELLORA 1" (desenvolto no IES).
 - ❖ Castigos substitutorios que compensen o dano feito como servizos á comunidade: sería preciso estudiar a situación legal desta proposta e contar co acordo de familias e institucións:
 - ◆ Tarefas para a comunidade educativa: limpeza de patios, muros, corredores, etc.
 - ◆ Tarefas para o barrio: rúas, axuda en determinadas tarefas de voluntariado, etc.
- ❖ Na liña de mellorar as oportunidades formativas e de traballar na procura da inclusión serían necesarias actividades formativas de tipo ocupacional (escolas-obraidoiro, cursos de formación ocupacional, PCPI), que outros concellos teñen e que son unha magnífica alternativa para as rapazas e os rapaces que só teñen a rúa, dada a dificultade de acceso ao mundo de traballo.

³¹ Neste senso, desenvolver traballos de tipo audiovisual ou multimedia está demostrado que pode conectar de forma doada cos rapaces e rapazas, así como actividades de ocio como graffiti, baile, ...



CONCELLO DE
SANTIAGO

UTS FONTIÑAS

-Servizos Sociais-



- ⊕ Outra liña importante que retomar sería a do programa de apoio escolar, especialmente para colectivos desfavorecidos. Debería ser un recurso próximo e familiar, levado a cabo no Centro Sociocultural, na domicilio, etc.
- ⊕ Nestes momentos parece necesario fazer unha historia do barrio: orixes, configuración urbanística, evolución, historias de vida, etc.
- ⊕ Finalmente e tendo en conta as actividades que se desenvolven no IES en torno á biblioteca e aos clubs de lectura, sería deseñable tratar de establecer sinerxías con outros colectivos do barrio: centro sociocultural, maiores, etc., interesados nestes aspectos.

III.1.11.- IGAXÉS-3.

- ⊕ Definir un programa de actividades de lecer saúdable e alternativo.
- ⊕ Reforzo educativo extraescolar e aprendizaxe das técnicas de estudio.
- ⊕ Fomentar a participación para a mocidade do barrio a través de asociacións e outros recursos que se aporte.
- ⊕ Programa de intervención para a eliminación de situacíons de “guetización”.
- ⊕ Integración cultural da etnia xitana e da comunidade china.
- ⊕ Intervención a través de obradoiros de prevención do consumo e a tenencia de sustancias ilícitas.
- ⊕ Obradoiro para traballar o consumo responsable de alcol.
- ⊕ Fomentar a autonomía e a vida independente dos/-as adolescentes.
- ⊕ Traballar para reducir o fracaso e o abandono escolar.
- ⊕ Favorecer a conciencia dun consumismo responsable.



III.1.12.- Servizos Sociais Comunitarios Básicos: programa municipal socioeducativo.

- ⊕ Necesidades de establecer alternativas ao fracaso escolar: programa de apoio/reforzo educativo, dado que a oferta existente é limitada e non se está a acoller aos rapaces e rapazas de 15-16 anos.
- ⊕ Necesidade de voltar a implementar o programa municipal de educación de rúa, dende a necesidade de levar a cabo actuacións de prevención dende o tempo de lecer, con continuidade e estabilidade.
- ⊕ Detección de poboación moza, sen formación e estudos, e con necesidade de que sexan orientados ás alternativas existentes e buscar outras posibles accións dende unha óptica comunitaria.
- ⊕ Detección de persoas maiores sen apoio ou carente de rede familiar e social; a rede formal funciona durante a semana, quedando descuberta os fins de semana.
- ⊕ Activación dos grupos de voluntariado social, determinando funcións a desempeñar, accións, etc.

III.1.13.- Servizos Sociais Comunitarios Básicos: UTS Fontiñas.

- ⊕ Importante número de persoas maiores que residen soas, que pode ser un colectivo de risco social. Requeriría dun estudio específico da realidade e necesidades persoas, así como a xestión de recursos de proximidade³² nos casos en que proceda.
- ⊕ Importante número de persoas en situación de dependencia, con tendencia á alza (dadas as características do barrio: accesibilidade, apoio familiar na zona, etc.), que esixe unha maior dotación de recursos sociais (teleassistencia domiciliaria, axuda no fogar, centro de día), un seguimento e unha coordinación sociosanitaria, de acordo ao establecido na lexislación vixente. As situacións de dependencia, nos supostos mais graves, afectan ao número de casos de solicitude de "incapacitación xudicial", xurdindo ao redor deles, ás veces, episodios de conflictividade familiar.
- ⊕ Existe unha importante diminución das familias pertencentes á etnia xitana. Neste colectivo aprécianse importantes cambios: non están sendo "dependentes periódicos" de prestacións socioeconómicas, aínda que sí demandantes de axudas puntuais, en

³² Recursos de proximidade: servizo de axuda no fogar, teleassistencia domiciliaria, voluntariado, etc... Incluso sería de interese un centro de día polivalente (non tanto pensando en persoas en situación de dependencia, como para aquellas persoas maiores, con déficits ligeiros na súa autonomía) ubicado na zona.



función da situación socioeconómica familiar (caracterizada pola inestabilidade); existe unha maior conciencia con respecto á escolarización dos seus fillos (conciencia que vinculan a "obrigación", pero que aínda non está suficientemente interiorizada). Como reto segue estando o de continuar potenciando o papel da muller dentro da comunidade xitana e do vecindario en xeral, así como o fomento da inserción no mercado laboral ordinario dos xóvenes. Xurde, no último ano, unha nova realidade: déficits na atención aos maiores, valor que era "admirable" dentro do pobo xitano e que compre reactivar.

- ⊕ Incremento de persoas estranxeiras; mobilidade das mesmas. Déficits formativos. Importante grao de desarraigo familiar; vínculo paterno-filiais e incluso fraternais débiles. Presencia de factores de risco social. Necesidade de programas específicos, tanto para a detección de casos, como para a intervención social que corresponda; preciso, previamente, un estudio da súa realidade social.
- ⊕ Cambio nas situacóns de risco social que afectaban antaño ao colectivo infantil. Necesidade de continuación do proxecto de intervención en absentismo escolar, co obxecto de que "se interiorice" a conveniencia da escolarización para o desenvolvemento vital dos menores, pero que se mellore, tamén, o rendemento académico. Por outra banda, precísase dun recurso no barrio, mais polivalente e cunha óptica mais comunitaria, que sirva de apoio, orientación e intervención en situacóns de risco social.
- ⊕ A maiores, as situacóns de risco afectan agora, especialmente, ao colectivo de adolescentes e xuvenil (con franxes de idade entre os 16 e os 25 anos); falta de oferta de actividades formativas e ocupacionais, que requeriría a implementación de actuacóns específicas neste eido, basadas nun sondeo previo entre os posibles beneficiarios, e diseñadas, non só para evitar conductas asociaias, senón que propicien a inserción laboral.
- ⊕ Disminución das familias beneficiarias de salario social, pero incremento de familias que, contando cuns ingresos mínimos, presentan graves dificultades para a cobertura de necesidades básicas (alimentos e pago de vivenda). Riscos de desafiuamento de vivenda.
- ⊕ Necesidade de reforzar o tecido asociativo do barrio, sobre todo en canto á participación cidadá do contorno veciñal e do ámbito xuvenil, incidindo neste último caso na ocupación positiva do tempo de mecer e na prevención de conductas asociaias no seo da comunidade.



CONCELLO DE
SANTIAGO
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



⊕ Persistencia de conflictos comunitarios, que aconsellan a continuidade de programas de intervención como pode ser o de "Educación de Rúa" e o de "Mediación Escolar"; ámbolos dous programas deben ter como obxectivo o fomento dunha convivencia positiva, dende o respecto á diferenza de cada quen, pero tamén dende o cumplimento da lexislación vixente. Asemade, deben asumir unha óptica interxeneracional e intercultural; trataríase de traballar dende os grupos para chegar á globalidade, á comunidade. Como medida de apoio é imprescindible seguir contando co traballo da Policía Local, tendo asignada a profesionais de referencia no barrio, para seguir traballando de xeito coordinado e sempre co obxecto de incidir na convivencia comunitaria.

III.1.14.- UMAD: Prevención de drogodependencias.

- ⊕ Necesidade dun traballo e accións encamiñadas a impulsar e apoiar a creación do asociacionismo xuvenil, que dé resposta ás súas necesidades dende a índole cultural, educativa/formativa e social, xestionado por eles mesmos.
- ⊕ Potenciación e achegamento da información e motivación para a mocidade nos puntos habituais.
- ⊕ Retomar a implementación do servizo de Policía de Barrio na zona.
- ⊕ Continuar coas accións de intervención no absentismo escolar, reforzando proxectos de apoio escolar, de prevención de expulsións, de prevención de conductas adictivas e de desenvolvemento do proxecto de educación de ría.

III.1.15.- Veciños e veciñas do barrio de Fontiñas.

Dende a UTS Fontiñas consideramos que tamén é importante contar coa perspectiva directa da cidadanía, para saber cal é a súa forma de pensar, de sentir, de valorar a situación do barrio, etc. O modo de facer isto foi totalmente aleatorio, a través da derivación de diversos cidadáns, coñecidos dende distintas entidades; o nivel sociocultural e étnico dos mesmos tamén é dispar, o que enriquece as súas aportacións. Nembargantes, si se puido constatar como ese vecindario plural está interiorizado na zona, demandando recursos que puideran ser de interese para todos eles. Entre as demandas, pódense sinalar:

- ⊕ Familias pertencentes á etnia xitana demandan:



- Actividades deportivas dirixidas a mulleres xitanas, que incidiran positivamente na súa saúde, pero que tamén supoñeran un “punto de encontro” entre elas.
- Apoio para a obtención do carnet de conducir; aspecto que consideran básico pois seguen tendo ao “traballo en mercados” como o seu medio de vida habitual.
- Poder celebrar algunas veces ao ano o mercado na zona de Fontiñas; suporía un apoio no eido económico, pero tamén un punto de encontro co restante vecindario da zona.
- Diversificación de cursos de formación, para mulleres adultas, encamiñados á inserción laboral. Demandan, en concreto, o curso de “corte e confección”.
- Maior orientación e acompañamento aos adolescentes para a continuidade nos seus estudos, co obxecto de propiciar a inserción laboral de todos eles.
- Consideran que a situación económica, as obrigas familiares e laborais, están afectando ao grao de coidados e atencións que están a prestar ás persoas maiores e/ou en situación de dependencia. Por isto, consideran necesario contar con outros recursos de apoio: axuda no fogar e centro de día, fundamentalmente.

⊕ Outros veciños e veciñas da zona demandan:

- Maior número de actividades levadas a cabo, pero en espacios abertos. Trataríase de conxugar o deportivo co social.
- Consideran como medida e exemplo de integración, a posibilidade de que a poboación xitana residente no barrio puidera “exercer a venta ambulante” un par de veces ao ano no mesmo.

III.2.- Diagnóstico social.

III.2.1.- Infancia.

⊕ Cambio nas situacións de risco social que afectaban antaño ao colectivo infantil. Necesidade de continuación do proxecto de intervención en absentismo escolar, co obxecto de que “se interiorice” a conveniencia da escolarización para o desenvolvemento vital dos menores, pero que se mellore, tamén, o rendemento académico.

⊕ Existen importantes cambios no perfil de alumno e alumnas con respecto á situación analizada hai xa doce anos:



- ❖ Maior presenza de alumnado inmigrante, frecuentemente con estes trazos:
 - Familias monoparentais (nai traballadora) ou con parella diferente do pai biolóxico.
 - Con frecuencia, o pai e resto da familia no país de orixe.
 - Recente chegada ao país. Dificultades de integración social, escolar e familiar; ás veces, os menores son uns “descoñecidos” para as súas nais.
 - Retraso escolar importante.
 - Dificultades de comunicación, producidas non só pola lingua vehicular.
 - Dificultades para integrarse na vida de ocio e tempo libre de nenas e nenos da súa idade.
 - Desarraigo xeneralizado.
 - Tempos sós nas súas casas.
 - ❖ Sería necesaria unha intervención integral dende o ámbito escolar, social e familiar.
- ⊕ Nese cambio do perfil de alumnado, debemos sinalar unha situación de melloría en canto ao alumnado xitano: mais nivel de integración, maior asistencia ao centro escolar (aínda que irregular), escolarización mais normalizada (aínda que con casos crónicos de absentismo: “familias absentistas crónicas” con traxectoria no tempo), alongamento da idade de permanencia no centro, obtención de título nalgúns casos (pero non así nas nenas).
- ❖ Sería preciso reforzar a continuidade de estudos, sobre todo nas nenas xitanas, para que non se produza abandono prematuro do encino. Propiciar, polo tanto, o paso a PCPI ou calquera outra actividade educativa e formativa. Precísase traballar mais coas familias, potenciar a súa relación co centro, potenciar a figura feminina das nais dentro da familia e como motor de cambio na súa cultura (desenvolver e apoiar iniciativas como os encontros con alumnado xitano no IES, os encontros coas nais e antigas alumnas, iniciativas de apoio á alfabetización das mulleres, etc.).
- ⊕ En canto a situacóns de alumnado adolescente en xeral, seguimos pensando na necesidade de organizar os tempos de lecer, non tanto pola oferta de actividades como na necesidade de que exista unha estructura que estableza nexos de unión entre entidades e vencelle propostas diversas. Nese sentido, defendemos a necesidade de implementar de novo o “Programa de Educación de Rúa” para o barrio de Fontiñas, dándolle solidez e continuidade no tempo. Dentro das liñas xa desenvoltas, destacamos moi especialmente os proxectos “aglutinadores” como as



curtometraxes³³ feitas, o xornal do barrio “O Mirador” e o Programa de “Mediación Escolar”, pola repercusión que ten na procura da convivencia, dentro e fora do IES: un alumnado formado en mediación é un futuro cidadán formado nela.

- ⊕ Moi relacionado co apartado anterior está a seguinte cuestión: Con frecuencia as sancións dos centros educativos de “expulsión” provocan situacións difíctilosas nas familias, porque son vividas como “un premio para o alumnado e como un castigo para as súas familias”. Buscar solucións alternativas mais educativas e positivas pasaría por poder implementar actuacións como:
 - ❖ Programas alternativos ás expulsións dentro do centro: serían precisos profesionais específicos da Administración Educativa ou municipal, para dar cobertura a estas situacións, “oficializando” programas de educación de competencias socio-emocionais como o “MELLORA 1” (desenvolto no IES).
 - ❖ Castigos substitutorios que compensen o dano feito como servizos á comunidade: sería preciso estudiar a situación legal desta proposta e contar co acordo de familias e institucións:
 - ◆ Tarefas para a comunidade educativa: limpeza de patios, muros, corredores, etc.
 - ◆ Tarefas para o barrio: rúas, axuda en determinadas tarefas de voluntariado, etc.
- ⊕ Na liña de mellorar as oportunidades formativas e de traballar na procura da inclusión serían necesarias actividades formativas de tipo ocupacional (escolas-obradoiro, cursos de formación ocupacional, PCPI), que outros concellos teñen e que son unha magnífica alternativa para as rapazas e os rapaces que só teñen a rúa, dada a dificultade de acceso ao mundo de traballo.
- ⊕ Apoyo escolar en período estival para grupos de secundaria. Necesidade de establecer alternativas ao fracaso escolar: programa de apoio/reforzo educativo, dado que a oferta existente é limitada e non se está a acoller aos rapaces e rapazas de 15-16 anos.
- ⊕ Falta de actividades de ocio para os rapaces e rapazas, entre 14 y 18 años.
- ⊕ Posibilidade de intervir coas familias dos colexios – institutos de forma máis global, a nivel máis comunitario. Pensar /estudar a posibilidade de crear algúna actividade “de escola de pais” para todos os pais do Barrio de Fontiñas e que non necesariamente teña que estar centrada por pertencer ós centros escolares.
- ⊕ Precísase dun recurso institucional no barrio de intervención coas familias, mais polivalente e cunha óptica más comunitaria, que sirva de apoio, orientación e intervención en situacións de risco social.

³³ Neste senso, desenvolver traballos de tipo audiovisual ou multimedia está demostrado que pode conectar de forma doada cos rapaces e rapazas, así como actividades de ocio como graffiti, baile, ...



III.2.2.- Xuventude.

- ⊕ Detección de poboación moza, sen formación e estudos, e con necesidade de que sexan orientados ás alternativas existentes e buscar outras posibles accións dende unha óptica comunitaria.
- ⊕ A maiores, as situacíons de risco afectan agora, especialmente, ao colectivo de adolescentes e xuvenil (con franxas de idade entre os 16 e os 25 anos); falta de oferta de actividades formativas e ocupacionais, que requeriría a implementación de actuacións específicas neste eido, basadas nun sondeo previo entre os posibles beneficiarios, e diseñadas, non só para evitar conductas asociais, senón que propicien a inserción laboral.

III.2.3.- Persoas maiores e /ou en situación de dependencia.

- ⊕ Unha realidade presente no barrio é o importante número de persoas maiores que viven nel, ben porque teñen en Fontiñas a súa residencia habitual ou ben porque veñen a vivir cos seus familiares. Algunha destas persoas maiores son dependentes, están case sempre soas e non participan con outros grupos na vida do barrio.
- ⊕ Importante número de persoas maiores que residen soas, que pode ser un colectivo de risco social. Requeriría dun estudio específico da realidade e necesidades persoas, así como a xestión de recursos de proximidade³⁴ nos casos en que proceda.
- ⊕ Detección de persoas maiores sen apoio ou carente de rede familiar e social; a rede formal funciona durante a semana, quedando descuberta os fins de semana.
- ⊕ A maiores, deberíase realizar un rexistro de aquellas que xa son beneficiarias dalgún recurso sociosanitario.
- ⊕ Sería preciso contar co servizo de axuda no fogar, para casos urxentes, e sempre no marco de persoas que, ou ben residen soas, ou ben teñen unha rede de apoio familiar feble ou insuficiente.
- ⊕ Existencia de persoas maiores con trámite de teleasistencia domiciliaria, sen resolución pública e con baixa capacidade económica para tramitala na modalidade privada.
- ⊕ Necesidade de centro de día para persoas maiores, cunha óptica comunitaria, e co obxecto de contribuir a garantizarlles as necesidades básicas, ocupar o seu tempo e favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.

³⁴ Recursos de proximidade: servizo de axuda no fogar, teleasistencia domiciliaria, voluntariado, etc... Incluso sería de interese un centro de día polivalente (non tanto pensando en persoas en situación de dependencia, como para aquellas persoas maiores, con déficits ligeiros na súa autonomía) ubicado na zona.



- ⊕ Activación dos grupos de voluntariado social, determinando funcións a desempeñar, accións, etc.
- ⊕ Atención ás personas acompañantes das personas dependentes (respiro familiar, apoio psicoterapéutico, formación...). Dificultade se non se busca quen se ocupe nestes momentos das personas dependentes...
- ⊕ Fomento de actividades lúdicas e recreativas para o colectivo de maiores e xubilados, como alternativa ao tempo libre.
- ⊕ Importante número de persoas en situación de dependencia, con tendencia á alza (dadas as características do barrio: accesibilidade, apoio familiar na zona, etc.), que esixe unha maior dotación de recursos sociais (teleassistencia domiciliaria, axuda no fogar, centro de día), un seguimento e unha coordinación sociosanitaria, de acordo ao establecido na lexislación vixente. As situacóns de dependencia, nos supostos mais graves, afectan ao número de casos de solicitude de "incapacitación xudicial", xurdindo ao redor deles, ás veces, episodios de conflictivididade familiar.

III.2.4.- Minorías étnicas.

- ⊕ Existe unha importante diminución das familias pertencentes á etnia xitana. Neste colectivo aprécianse importantes cambios: non están sendo "dependentes periódicos" de prestacóns socioeconómicas, aínda que sí demandantes de axudas puntuais, en función da situación socioeconómica familiar (caracterizada pola inestabilidade); existe unha maior conciencia con respecto á escolarización dos seus fillos (conciencia que vinculan a "obrigación", pero que aínda non está suficientemente interiorizada). Como reto segue estando o de continuar potenciando o papel da muller dentro da comunidade xitana e do vecindario en xeral, así como o fomento da inserción no mercado laboral ordinario dos xóvenes. Xurde, no último ano, unha nova realidade: déficits na atención aos maiores, valor que era "admirable" dentro do pobo xitano e que compre reactivar.
- ⊕ Incremento de persoas estranxeiras; mobilidade das mesmas. Déficits formativos. Importante grao de desarraigo familiar; vínculo paterno-filiais e incluso fraternais débiles. Presencia de factores de risco social. Necesidade de programas específicos, tanto para a detección de casos, como para a intervención social que corresponda; preciso, previamente, un estudio da súa realidade social.

III.2.5.- Familia.

- ⊕ Incidir na integración das familias en situación de conflicto social.
- ⊕ No barrio de Fontiñas residen moitas familias xóvenes con fillos menores de tres anos. Existen numerosas solicitudes para a escola infantil municipal "O coelliño



branco” quedando moitas delas sen praza. A solución a esta necesidade detectada sería ampliar o número de prazas desta escola infantil.

- ⊕ En Fontiñas conviven familias compostas por membros de todas as idades. Por isto consideramos importante que a nivel sociocomunitario se podan implicar todas as entidades e propoñer accións dirixidas a integración interxeracional co fin de compartir experiencias e valores entre os diferentes grupos de idades.
- ⊕ Disminución das familias beneficiarias de salario social, pero incremento de familias que, contando cuns ingresos mínimos, presentan graves dificultades para a cobertura de necesidades básicas (alimentos e pago de vivenda). Riscos de desafiuamento de vivenda.

III.2.6.- Cuestións xerais de índole comunitaria:

- ⊕ Existe un escaso sentimento de pertenza ao barrio. Moitas das familias non se identifican coa vida en comunidade e participación no barrio. Nestes momentos parece necesario facer unha historia do barrio: orixes, configuración urbanística, evolución, historias de vida, etc. Isto debe servir para traballar, dalgún xeito, o sentimento de pretensa ao barrio, non suficientemente consolidado.
- ⊕ Facilitar a accesibilidade do barrio, minguando elementos de risco, con maior control da circulación viaria.
- ⊕ Persistencia de conflictos comunitarios, que aconsellan a continuidade de programas de intervención como pode ser o de “Educación de Rúa” e o de “Mediación Escolar”; ámbolos dous programas deben ter como obxectivo o fomento dunha convivencia positiva, dende o respecto á diferenza de cada quen, pero tamén dende o cumplimento da lexislación vixente. Asemade, deben asumir unha óptica interxeneracional e intercultural; trataríase de traballar dende os grupos para chegar á globalidade, á comunidade. Como medida de apoio é imprescindible seguir contando co traballo da Policía Local, tendo asignada a profesionais de referencia no barrio, para seguir traballando de xeito coordinado e sempre co obxecto de incidir na convivencia comunitaria.
- ⊕ Promocionar as infraestructuras do barrio para mellorar o uso das mesmas fomentando o deporte como unha ferramenta de prevención e proposta de alternativas de ocio.
- ⊕ Realización de (polo menos) unha acción lúdica comunitaria anual.
- ⊕ Maior grao de coordinación e cooperación entre as distintas entidades que compoñen o barrio, co fin de optimizar as actuacións e evitar duplicidades que se están a realizar, cando menos no ámbito formativo e cultural.
- ⊕ Tendo en conta as diversas actividades que se desenvolven en torno á biblioteca e aos clubs de lectura, sería deseñable tratar de establecer sinerxias con outros colectivos do barrio: centro sociocultural, maiores, etc., interesados nestes aspectos.



CONCELLO DE
SANTIAGO

UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



- ⊕ Maior disponibilidade de espacios para talleres, grupos de trabajo, actos lúdicos...
- ⊕ Servicio de ludoteca e biblioteca que a do centro sociocultural, que resulta pequena para toda a población.
- ⊕ Existe unha maior dificultade para facer partícipe á poboación na actividade comunitaria e asociativa. Necesidade de reforzar o tecido asociativo do barrio, sobre todo en canto á participación cidadá do contorno veciñal e do ámbito xuvenil, incidindo neste último caso na ocupación positiva do tempo de mecer e na prevención de conductas asociais no seo da comunidade.




CONCELLO DE
SANTIAGO

UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



III.3.- Mapa de risco social.



Rúa Madrid: 19 persoas maiores que viven soas + 10 persoas en situación de dependencia + 34 persoas estranxeiras.

Rúa Praga: 16 persoas maiores que viven soas.

Rúa Varsovia: 11 persoas maiores que viven soas + 4 persoas en situación de dependencia + 24 persoas estranxeiras.

Rúa París: 6 persoas en situación de dependencia + 27 persoas estranxeiras

Rúa Madrid: Episodios de conflictividade social, geralmente provocados por mozos, de 15 a 25 anos.

Rúa Roma: déficits na dinâmica relacional intrafamiliar e interfamiliar. Conflictos no eido comunitario.



III.4.- Diagnóstico da situación, dende a perspectiva da análise FODA.

INTERIOR DO BARRIO DE FONTIÑAS.

| | |
|---|---|
| <p>FORTALEZAS</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Óptima ubicación do barrio, perfectamente delimitado; bo sistema de comunicacíons coas restantes zonas do termo municipal e co exterior do municipio. ▪ Poboación eminentemente xove; media de idade 40,69 anos; colectivo infanto-xuvenil 31,8 %. Posibilidade de cambio social. ▪ Barrio dotado dos servizos básicos a nivel social, educativo e sanitario. Traballo en rede destes servizos, consolidado dende hai anos, que favorece a calidade dos recursos. ▪ Importante oferta de posibilidades de ocio para a poboación. ▪ Barrio accesible. ▪ Existencia de vivendas adaptadas para persoas afectadas de grao de discapacidade e/ou en situación de dependencia. ▪ Pluridade cultural e étnica, que pode favorecer o enriquecemento persoal e social. ▪ Barrio en expansión, con crecemento urbanístico. | <p>DEBILIDADES</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Importante concentración de vivendas de promoción pública (17,01 %, aproximadamente) nun espacio territorial reducido. ▪ Non está consolidado suficientemente o sentimento de pertenza ao barrio. ▪ Situación económica precaria en familias residentes en vivendas de promoción pública, relacionado con situacíons prolongadas de desemprego ou con exercer actividades laborais pertencentes á economía sumerxida. Impagos de mensualidades de vivenda e de comunidade, co que se incrementa o risco de desafiuamento. ▪ Importante número de persoas maiores que residen soas. ▪ Existencia de grupo de adolescentes e xóvenes, pertencentes a familias disfuncionais, que non participan en actividades formativas e ocupacionais, co que se incrementa o risco de conductas associas. ▪ Ubicación de colectivos vulnerables nas mesmas zonas. ▪ Elevados costes de aluguer de establecementos que poden ser destinados a usos comerciais. |
| <p>OPORTUNIDADES</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Boas comunicacíons co restante termo municipal e facilidade de conexión con outros municipios. ▪ Servizos de comunicación próximos: Estación de Autobuses e Estación do Tren. ▪ Recursos próximos importantes para a vida do barrio: Cidade da Cultural, Multiusos do Sar, Xunta de Galicia. ▪ Ubicación no barrio de servizos públicos de índole xeral (Policía Autonómica, IMELGA, Ministerio Fiscal, instancias xudiciais, IGVS, Sistema Gelago de Atención á Dependencia, equipos de valoración de discapacidade, etc.) e entidades sociais relevantes (Cáritas Parroquial, Programa de atención a familias monoparentais Abeiro, Cruz Vermella, Fundación Secretariado Xitano, etc.). ▪ Próxima construcción de centro comercial As Cancelas, co que se pode incrementar as ofertas laborais para o vecindario. | <p>AMENAZAS</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ A apertura do centro comercial As Cancelas pode afectar a establecementos comerciais ubicados no barrio. ▪ O impago de mensualidades de vivenda e comunidade pode ocasionar situacíons de desafiuamento e de traslado de familias (xeralmente desestructuradas) a zonas limítrofes (barrios de San Pedro e Sar); movilidade de familias entre barrios. ▪ A existencia de vivendas con barreiras arquitectónicas provoca que persoas maiores e persoas en situación de dependencia abandonen os seus domicilios e se trasladen ao barrio de Fontiñas, polo que se incrementan os colectivos vulnerables. ▪ Falta de recursos ocupacionais para xóvenes, tanto no barrio como en zonas próximas. ▪ Insuficiente oferta de recursos para as persoas maiores, especialmente as que residen soas. |

EXTERIOR DO BARRIO DE FONTIÑAS.



INTERIOR DAS ENTIDADES COMUNITARIAS.

| FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Elevada cualificación técnica dos profesionais. ▪ Rentabilización dos coñecementos técnicos dos profesionais. ▪ Existencia de mecanismos de coordinación con tódalas entidades de iniciativa social e o tecido asociativo do barrio de Fontiñas. ▪ Sentimento de pertenza ao barrio das diferentes entidades. ▪ Existencia dun estudio previo do barrio de Fontiñas, elaborado dende unha óptica comunitaria e participativa, e que se convierte nun documento marco para a intervención social. ▪ Incremento progresivo do grao de coñecemento da realidade social do barrio, vinculado ao enfoque comunitario. ▪ Desenvolvemento de programación e actuacións técnicas, dende a óptica comunitaria e participativa. ▪ Intervención social en rede, adoptando unha perspectiva de prevención, rehabilitación e inserción social, basada na atención individual, familiar, grupal e comunitaria. ▪ Óptima ubicación dos servizos públicos e das entidades sociais do barrio, que facilitan a accesibilidade da poboación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Necesidade de ampliación de recursos dende o ámbito familiar, socioeducativo e comunitario. O crecimiento urbanístico co correspondente incremento de poboación, "agrava" mais a anterior necesidade. ▪ Presión da crecente demanda social. ▪ Cambio da realidade social coa que se está a traballar dende os diferentes servizos, que esixe modificacións na oferta de recursos e de accións. ▪ Esixencia dunha importante adicación profesional, que vai mais alá do horario laboral establecido. |
| OPORTUNIDADES | AMENAZAS |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Crecemento urbanístico do barrio de Fontiñas. ▪ Poboación xove do barrio, que se aproxima ao 31,8 % (menores + xóvenes). ▪ Diversidade cultural. ▪ Barrio dotado de infraestructuras, equipamentos e servizos básicos: área comercial, centros sanitarios, guardería, centros de educación de primaria e secundaria, formación profesional, centro sociocultural, servizos sociais, policía autonómica, xulgado, entidades de iniciativa social, zonas verdes, entre outras. ▪ Barrio con perspectiva de expansión de servizos. ▪ Dinamismo e compromiso de tódalas entidades sociais, educativas e sanitarias do barrio para abordar a intervención social. ▪ Implementación dun traballo social comunitario, basado nunha configuración en rede dos distintos servizos da zona, tanto a nivel social, como cultural, sanitario, etc... Faise real e efectivo parte do contido establecido no artigo 8 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios en canto á coordinación cos distintos sistemas de benestar así como coas entidades de iniciativa social e ao fomento da participación activa. ▪ Incremento nos últimos anos do grao de coñecemento sobre o sistema de Servizos Sociais na zona, relacionado co cambio de perfil de usuarios e coas ferramentas xerais de información (guías, web Compostela Integra...), entre outros. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Ainda existen elementos propios da visión asistencialista dos Servizos Sociais e de diferentes entidades sociais. ▪ Aínda existen elementos vinculados a unha conceptualización dos Servizos Sociais igualándoo ao concepto de marxinación. ▪ Importante concentración de unidades de convivencia disfuncionais no barrio, ligado ao perfil de familias adxudicatarias de vivendas de promoción pública. ▪ Importante concentración de poboación infanto-xovenil en situación de risco social, procedente de familias desestructuradas. ▪ Importante concentración de personas en situación de dependencia, ligado ao feito de reserva de vivendas adaptadas e de escasas barreiras arquitectónicas no entorno. ▪ Incremento de persoas maiores que residen soas. ▪ Incremento importante de persoas estranxeiras, con inestabilidade na zona, que dificulta a intervención social. |

EXTERIOR DAS ENTIDADES COMUNITARIAS.





| COLECTIVO POBOACIONAL | SITUACIÓN CARENCIAL OU CONFLICTO DETECTADO | NECESIDADE | RECURSO EXISTENTE NO BARRIO |
|------------------------------|--|--|---|
| INFANCIA | Eliminar a problemática de absentismo escolar e fomentar que as familias interioricen os beneficios derivados da escolarización e mellorar o rendimento académico. | Proxecto de intervención en materia de absentismo escolar. | Continuidade do proxecto xa existente. |
| | Afrontar os cambios do alumnado, sobre todo o inmigrante (con dificultades de integración familiar, educativa e social). | Proxecto de apoio escolar, sobre todo para alumnado de Secundario. | Inexistencia do proxecto para adolescentes. |
| | Reforzar a continuidade nos estudos, sobre todo nas adolescentes xitanas, evitando o abandono prematuro. | Proxecto de intervención integral dende o ámbito familias, escolar e social. | --- |
| | Afrontar as situacíons derivadas das sancíons nos centros educativos (expulsíons). | Paso efectivo a PCPI ou calquera outra actividade educativa e formativa. | Continuidade na coordinación entre o IES Antonio Fraguas, a Fundación Secretariado Xitano e a UTS Fontiñas para o traballo coas familias con esta finalidade. |
| | | Proxecto alternativo ás expulsíons. | Retormar o proxecto. |
| | | Proxecto de educación de competencias socioemocionais "Mellora" | Retomar o proxecto. |



UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



| COLECTIVO POBOACIONAL | SITUACIÓN CARENCIAL OU CONFLICTO DETECTADO | NECESIDADE | RECURSO EXISTENTE NO BARRIO |
|---|---|--|--|
| XUVENTUDE | Dificultade de inserción laboral dos mozos e mozas con déficits formativos e culturais. | Facer chegar as accións formativas e prelaborais a este colectivo. | --- |
| | Focos de conflictivididade social; grupos de iguais con conductas asociais. | Proxecto municipal de educación de rúa. | --- |
| | Falta de actividades "atractivas" para este colectivo poboacional. | Realizar un sondeo previo entre o colectivo poboacional. | --- |
| | | Deseño e implementación de novas actividades. | --- |
| | Inexistencia de tecido asociativo. | Orientación para a constitución de tecido asociativo. | --- |
| PERSONAS MAIORES E/OU EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA | Existencia de persoas maiores sen apoio ou carente de rede familiar e social. | a).- Achegamento a este colectivo poboacional e estudio de realidades personais. b).- Maior dotación de servizos de proximidade: SAF e Teleasistencia. c).- Necesidade de centro de día, con enfoque comunitario. d).- Activación de grupos de voluntariado social. | a).- Coordinación entre UTS + Cruz Vermella + Cáritas Parroquial + Centro de Saúde + Proxecto municipal de Educación de Rúa. b).- --- c).- --- d).- Coordinación entre UTS + Cruz Vermella + Cáritas Parroquial + Centro de Saúde + Proxecto municipal de Educación de Rúa. |
| | Incremento do número de persoas maiores que residen soas. | | |
| | Incremento de persoas en situación de dependencia. | | |



| COLECTIVO POBOACIONAL | SITUACIÓN CARENCIAL OU CONFLICTO DETECTADO | NECESIDADE | RECURSO EXISTENTE NO BARRIO |
|------------------------------|---|---|---|
| MINORÍAS ÉTNICAS | Non concienciación nas familias pertencentes á etnia xitana da necesidade de escolarización dos fillos. | Reforzo de actuacións específicas na materia: grupos de mulleres, etc. | Continuidade na coordinación entre IES-FSG-UTS para o traballo coas familias con esta finalidade. |
| | Problemática nas familias estranxeiras: desarraigo familiar e social. | Prox de intervención integral dende os ámbitos familiar-escolar-social. | --- |
| FAMILIA | Reformular a intervención coas familias en situación de risco social. | Necesidade dun recurso institucional de referencia para o traballo coas familias en situación de risco, dende o ámbito comunitario. | Existencia de Abeiro, pero só para familias monoparentais. |
| | Dificultades económicas de familias vulnerables para a cobertura de necesidades básicas. | Activar canles e procesos de solidaridade social. | --- |
| ÁMBITO COMUNITARIO | Sentimento de pertenza ao barrio non consolidado; déficits de participación en tecido asociativo. | Celebración de maiores actividades cun enfoque de convivencia comunitaria. | Redefinir as actividades das distintas entidades con este enfoque. |
| | | Difusión de tecido asociativo de carácter xeral. | Contemplar o mesmo dentro da páxina Compostela Integra |
| | Persistencia de conflictos comunitarios en puntos localizados do barrio. | Proxecto de Educación de Rúa | Buscar outras vías de difusión. |
| | | Proxecto de Mediación Escolar | Retomar proxecto. |
| | | Retomar Policia Barrio | Retomar recurso. |



CONCELLO DE
SANTIAGO
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



Unha vez analizadas as necesidades detectadas polas distintas institucións e, incluso, algunha delas, valorada por algún veciño da zona, cómpre realizar unha ponderación sobre as mesmas, co obxecto de realizar unha priorización sobre as distintas liñas de intervención; é decir, plantexarse a realización dunha "**matriz de priorización**".



UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



| Necesidades | VALORADAS E PERCIBIDAS POLAS ENTIDADES | | | | | | | | | | | | | | Totais |
|--|--|--------------|-----------|---------------|-----------|--------------|-----------|-----|------------------|------|------------------|----------------------|----------------|--------|--------|
| | Caritas Parroq. | Centro saúde | CEIP Font | Centro Socioc | Cruz Verm | Fund Sec Xit | IES Frag. | UTS | Prog mun Socioed | UMAD | AA.VV. As Fontes | AA.VV. O Camiño Font | Cent Dia Areia | Igaxes | |
| Proxecto de intervención en materia de absentismo escolar. | | | X | | | | X | X | X | X | | | | X | 6 |
| Proxecto de apoio escolar. | | | X | | X | | X | X | X | X | | | | X | 7 |
| Proxecto de intervención integral con inmigrantes | | | | | | | X | X | | | | | | | 2 |
| Paso efectivo a PCPI ou calquera outra actividade educativa e formativa. | | | | | | | X | X | X | X | | | | | 4 |
| Proxecto alternativo ás expulsións. | | | | | | | X | X | X | X | | | X | | 5 |
| Proxecto de educación de competencias socioemocionais "Mellora" | | | | | | | X | X | X | | | | | | 3 |
| Establecer castigos sustitutorios para reparar dano ocasionado. | | | | | | | X | X | | | | | | | 2 |
| Deseño e implementación de novas actividades para a xuventude | | | | | | | | X | X | | | | | | 3 |
| Orientación para a constitución de tecido asociativo. | | | | | | | | X | | X | | | | | 2 |
| Maior dotación de servizos de proximidade: SAF e Teleassistencia. | | X | | | X | | | X | | | | | | | 3 |
| Necesidade de centro de día, con enfoque comunitario. | | X | | | | | | X | X | | X | X | X | | 6 |



UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-




| Necesidades | VALORADAS E PERCIBIDAS POLAS ENTIDADES | | | | | | | | | | | | | | |
|---|--|--------------|-----------|---------------|-----------|--------------|--------------|-----|------------------|------|------------------|----------------------|----------------|--------|--------|
| | Caritas Parroq. | Centro saúde | CEIP Font | Centro Socioc | Cruz Verm | Fund Sec Xit | IES A. Frag. | UTS | Prog mun Socioed | UMAD | AA.VV. As Fontes | AA.VV. O Camiño Font | Cent Dia Areia | Igaxes | Totais |
| Activación de grupos de voluntariado social. | X | X | | | | | | X | X | | | | | | 4 |
| Reforzo de actuacións específicas co colectivo pertencente ao pobo xitano: grupos de mulleres, etc. | | | | | | | X | X | | | | | X | | 3 |
| Necesidade dun recurso institucional de referencia para o traballo coas familias en situación de risco, dende o ámbito comunitario. | | | | | | | | X | | | | | X | | 2 |
| Activar canles e procesos de solidaridade social. | X | | | | | | | X | | | | | | | 2 |
| Celebración de maiores actividades cun enfoque de convivencia comunitaria. | X | X | | | X | | | | | | | | X | X | 5 |
| Difusión de tecido asociativo de carácter xeral e fomento da participación | X | | | | | | | X | | | X | X | | X | 5 |
| Proxecto de Educación de Rúa | | | | | | | X | X | X | X | X | X | X | | 7 |
| Proxecto de Mediación Escolar | | | | | | | X | X | | | | | | | 2 |
| Retomar Policia Barrio | | X | X | | | | X | X | X | X | X | | | | 7 |
| Programa intervención para eliminación de situacíons de "guetización" | | | | | | | | | | | | | X | | 1 |
| Obradoiros prevención consumo e tenencia de sustancias ilícitas. | | | | | | | | X | X | | | | | X | 3 |



LIÑAS DE INTERVENCIÓN COMUNITARIA

Alternativas de intervención





CONCELLO DE
SANTIAGO

UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-






VI.- ANEXOS: FONTIÑAS EN IMAXES...



CONCELLO DE
SANTIAGO
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



**Vistas parciais
de Fontiñas**



CONCELLO DE
SANTIAGO
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-




Recursos de Fontiñas



CONCELLO DE
SANTIAGO

UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



Recursos de Fontiñas







CONCELLO DE
SANTIAGO
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



**Participación
social en
Fontiñas**



CONCELLO DE
SANTIAGO
UTS FONTIÑAS
-Servizos Sociais-



**Fontiñas, en
proceso de
cambio**